

Primeira farsa

A farsa de Tarabelo

EU SON

Rara avis son eu, xa o sei. Aínda que abundan moitas con máis do mesmo.

O 18 de xullo do 1936, cando Franco poñía o pé na Guerra, eu o poñía neste mundo, pois din nacín de pé. Foi ese día segundo pon no meu carné, festividade de San Federico, de modo que me bautizaron con ese nome. Mesmo ninguén me chama Federico, corro por Tarabelo. Tarabelo do Cura é o meu alcume. E certo que foi na casa dun cura.

Xa dixen que me chamo Federico, pero corro por Tarabelo. Eu non lembro que me chamaran por outro nome, nin fóra nin dentro da casa. Xa o aseguraba o cantar:

*A criada do cura ten un neno
que lle chaman de nome Tarabelo.
Tarabelo, pequeniño,
a criada do cura ten un neno.*

A miña nai puidera chamarse Escrava do Cura, pero non, chamábase Divina, aínda que si se apelidaba do Cura. E era a súa criada, aínda máis, a súa escrava. O meu pai podería ser calquera *Xan de debaixo da cama*, pero na pipitela da xente era o cura don Claudio de Armas Tomar, requichado, pequeneiro e matón. Tanto ten. Dese modo eu son o fillo da gran... Divina.

De igual xeito que outros animais humanos, fun concibido nunha boa noite por obra e graza do caudino de don Claudio —gordo e pequeneiro caudillo—. Serodio, xermolei nas entrañas de Divina, a miña nai, unha muller da tropa. Seguramente fose por culpa dunha barra de turrón duro nunha Noiteboa, no seu estado de sublimación relixiosa, preñada de fanatismo. Ela non albiscou máis acolá dos ditados do seu amor, nin

foi quen de rexeita-lo seu hierofanta, de miolos especializados en facer mal, mesmo unxido de sagrados ministerios.

Coa herdanza do fanatismo por parte de nai e a de facer mal por parte de pai —o *señor cura*, segundo quería miña nai que lle chamase—, rematei nun tarabelo, que viro mellor con ventos de ironía.

E xa que tarabelo era e tarabelo son, din en facer honra do meu nome: axota paxaros, viraventos, de pouca reflexión, aparvallado e toleirón. Mesmo tamén son rabeco, ruín, desalmado e mentireiro. Non contaba nin conto unha verdade. Todo o que aparento non é certo. Sorrío cando estou triste. E falo ó gusto da xente. A xente quere que se lle minta.

Nunca andei ó primeiro pulo e reflexión non gastaba; cando outros ían eu xa viña de volta. Foi algo que aprendín para me defender do mundo, e da familia, *os outros*, como me refería a eles en ton despectivo, incluída a miña nai. Dixen da familia por dicir algo, pois eu Tarabelo do Cura non souben nin sei o que é ter unha familia. Nunca a tiveren! E iso que o *señor cura*, por non dar que falar, accedera con hipocrísia a que eu vivira e medrara no seo da súa familia tradicional española.

Eu, tamén hipócrita, asemellaba de pouca cachola e facéndome o aparvallado, de modo que rosmando polo baixiño, a faciana amormada e o queixo caído, a piques de me babar, preguntaba cousas de parvo. E falando de face-lo parvo, lembro a única vez que non o fixen e *caín na habitación* (como rezaba Mina no Noso Pai) de asombrar *ós outros* da miña intelixencia e aprendín a axudar á misa. Aseguraban que non pagaría a pena perde-lo tempo comigo, que por burro que era non daría aprendido o latín. Mesmo teño un amor propio que me perde e quixen demostrarlles o contrario... e demostréillo! Máis peor, tamén aprendín a repenicar as campás e apandei de segundo sancristán.

Sen idea do latín macarrónico dos curas sorría cando escoitaba as súas requineternas. Era pavelo que a misa encozara cun *antroido no altar de Deus* (introibo ad altare Dei), logo avisaban que era por *causa de xente non santa mexando* (causan meam de gente non sancta) e remataba co celebrante pedindo *conserva-lo diñeiro* (conservare digneris). E nunha xeira do ano mandábannos vir cos tres: *vente cos tres* (Pentecostés). Mesmo, quen viñan sendo eses tres? O cura, a miña nai e máis eu?

Considero que non, pois a miña nai e mais eu morabamos na lareira, un lugar cheo de fume e lentura; recóndito, alumeado cun candil de carburo (había luz eléctrica pero faltaba decote e botaba días sen volver), a carón da corte, no medio dos gafumes da bosta mesturados cos recendos de chourizos e pan fresco. Durmiamos vestidos, tamén na lareira, case

todo o ano coa mesma roupa, nun recuncho cheo de trapos que chamaban camariña; onde, na cabeceira, a miña nai tiña unha caixiña de madeira con portañas, cunha imaxe dentro, á que lle rezaba e lle botaba moedas, que me mandaba levar de casa en casa, cousa que aproveitaba para liscar algunha moediña. No inverno había que quentala cun ladrillo ou cunha botella de auga fervendo envolta nun papel de periódico. As noites, deica a unha ou dúas de madrugada (os sábados e domingos ben máis tarde) eran un continuo sobresalto de cánticos, risas, ou, ás veces, tiroteos, baixo o sempiterno fungar das turbinas do encoro e o furar das máquinas.

O tictac do reloxo de parede inundaba a noite da nosa casa (só alterado polo soar do cura, o bruar dalgunha vaca, ou o tusir de calquera). A noite durante horas, co seu mantelo negro cubría todo, deica se esfumaba, cando os galos peteiraban nel e o deixaban cheo de buratos de luz, atravesados polos primeiros rechouchíos dun chinchón, nunha antediluviana alborada rural.

A primeira en erguerse era miña nai. Eu, de sono lixeiro, diante do seu rebulir tamén acordaba. Polo verán ás seis da mañá —pola nova—, xusto co chinchón do abreinte.

Outros que tamén acordaban cedo eran os cochos. Coa súa carraca de gruñidos non había quen puidera durmir. Só calaban ó lle botar na maseira a lavadura das sobras con leitugas.

Cando eu saía da casa tocando a orquestra das tripas e a trompeta do nariz (pola cachurreira que me daba o fume da lareira) os eixes dalgún carro xa cantaban nalgunha corredoira. Dese xeito chegaba á igrexa amormado, esfragando os ollos e rañando frieiras —en inverno— tocaba as badaladas dos avisos da alba e de seguido axudaba á misa.

Sen almorzar, ás oito e media, collía o camiño das minas cargado con cinco cuartillos de leite ben medido polo xogo de medidas que tiñamos. Asubiando ou cantando (eu cantaba moito), de zocos en inverno, cos pés espidos en verán, con frío ou con sol, con vento ou maino, seco ou esfanchando, de cote con boa cara, collía o atallo que os meus pes xa abriran paso a paso. O camiño facíaseme máis longo que a misa de ramos, xa que amais do peso, tiña que ter moito tino de non derrama-lo leite, como me pasou unha vez —polo bulebule e besbellizo que era—. Nunca esquecerei a tolona co cinto que me deu o *señor cura*! Coa forza do tempo aprendín a leva-la leiteira na cabeza, coa mulida, sen mans, con igual repentinexo ca miña nai cando vai coa sella á fonte.

O leite era para unhas alemás que viñeran ás minas. Chamábanse Lorena e Marte.

Deitado o leite, volvía lixeiro, igual cós bois e a besta cando van de volta. Agardaba por min o almorzo: unha cunca branca de ferro recuberto de porcelana esportelada, chea de leite con tona e boroa, moita boroa, coa culler de pé no medio da cunca. Sempre almorzaba a correr, sorbendo con moito gurgullar. Encantábame facer burbullas, prestábame máis o almorzo. Logo limpaba a cara cos puños e saía pola eira a todo correr. Coas présas sempre me entouzaba con algunha medalla, mesmo tódolos pequerrechos tiñamos os peitos igual de condecorados.

Na porta do pallote agardaba por min a miña nai, quen, unha a unha, revisaba as galiñas, botándoas logo a voar fóra do pallote, pero antes metíalle-los dedos (que limpaba no mantelo) para saber cantos ovos se xuntarían no día, especialmente os das galiñas negras, que todo o mundo sabe que son bos para a xente esgurripada, coma os avós.

Eu berraba pola miña nai:

—Ai mi ma! Mamaié! Quere que lle bote o millo ás pitas?

—Bota ho! E apunta todo no almanaque da cociña. Hoxe van ser nove ovos —volvía a limpa-las mans no mandil— e sete litros de leite. A ver se pare a Marela hoxe que cae ben a lúa. Oh! Agarda —fitaba uns ovos que levaba nun cesto contra a claridade do sol— vou ver que estean galeados. Son para deita-la rolada da galiña que chocou antonte e como hoxe hai lúa nova nacerán todos polos para levar á feira por Nadal. Hoxe —quedou a pensar— xa ninguén deita galiñas, nin fía, nin prende o forno, nin vai á cortiza, nin á resina, nin pasta os gandos, nin ara, nin sementa, nin grada, nin torna a auga —outra vez quedou calada fitando ó cabo da eira, escoitando o ruído das minas e seguiu a falar con pena—. Os montes e os campos acabaron escavados, cheos de buratos feitos por esa tropa de toupas de ferro. Xa ninguén gasta da súa seitura, todo se merca.

O almanaque, con garabatos e palitroques, era o *libro de contabilidade*. Feito o apuntamento cavilaba no paso do tempo, presente polo murchado ramo de loureiro do Domingo de Ramos (para bendici-las seiturias) e polos puntiños negros das moscas ciscados no almanaque de Santo Antonio e os seus responsorios. Certo que todo labrador ten un almanaque e o *Gaiteiro de Lugo* ou o *Zaragozano* para levar conta de todo, especialmente de como andan as lúas. A lúa nova é axeitada para pari-las vacas e mala para capar, as patacas hai que sementalas coa lúa chea, o cuarto mingunte debe aproveitarse para recoller froitos e sementar legumes, sendo a de marzo a mellor para trasfega-lo viño e podar. Na nosa casa, que alardeaba de ser de labradores de toda a vida e nunca se pasara fame, fervía un fondo desprezo polas minas e o seu mundo.

Que agudas e que puntualidade ancestral tiñan as pitas! Nada mais asomarme ó pallote para colle-la peneira co millo, todo o galiñeiro xa agardaba por min. Coñecían o meu andar e sabían que era a hora do almorzo. Con gran rebumbio, co galo acabado de empoleirarse no tornarratos do hórreo, con grande bater das alas e un sonoro quiquiriquí, baixaba pavonándose igual cun dandi, coas plumas do rabo negras de brillo azulado, coma o volframio, co todo o galiñeiro detrás ó meu rabo, cara o pallote. Eu comprobaba a hora no reloxo de sol da casa, eran puntuais, pero algunha sempre se atrasaba, de modo que berraba: pitas, pitas, churras, churras. Ás carreiras, en voo baixo, chegaban as atrasadas dende a estrema da eira, onde enredadas en esparruñar se lles pasara a hora ou no oíran o cantar do seu galo, ou non escoitaran o remexer da peneira, ou o cacarexo do galiñeiro, de onde, xa outras adiantadas con moito estrondo, anunciaran o seu ovo. Era neste intre cando, cada día, albiscaba o asomar das cristas dos poliños da derradeira rolada para conta-los que ían para galos ou para pitas.

Rematados os traballos, se cadraba, ía á escola. Digo se cadraba, porque ó mellor tiña algunha ocupación, ou distracción, e non contestaría co monosílabo de *servidor* cando o mestre pasara a lista. Sempre se presentaba algo que me facía latar, coma tal non pasar por diante de Toniño. Non me gustaba velo cos seus nove anos, tocando a gaita e pedindo esmola deitado nun carriño, tapadas as pernas cun cobertor, cos seus peños de bebé, que lle quedarán así da polio. Á súa corría pola Casa do Músico, porque os antepasados tocaran na *Artística de Merza*. Mesmo agora caeran na conta de que nas minas, Toniño, eivado tocando a gaita, o seu avó tocando o clarinete, acompañados dun cadelo fraco pedindo esmola, gañaban cartos dabondo, máis dos que nunca pensaran gañar. E, non desprezando a ninguén, ben que tocaban! De seguro que algúns lle daban as esmolos... ó can.

Boh! O que me gustaba era ir por outro camiño, onde me atopaba con Carolina, saltando á corda, coas súas trenzas negras, os seus ollos acastañados, pel roiba, nariz aquilino e pencas na cara, coa súa saia de lunares e escarpíns brancos. Sempre rindo. Aquilo dábame un non sei que que non era quen de explicarme. Na súa presenza foi cando un día me caeu o leite. Nunca o esquecín máis pola rabecha que me entrou que pola tunda que levei.

De modo que eu tiña que apandar con todo: axudar á misa e ó sancristán a dá-los toques de regulamento —e cando caía pedraz—, leva-lo leite as minas, darlle o millo ás pitas, prender, tornar e chamar as vacas,

acompañar ós tíos ós muíños albeiro ou fariñeiro no río do Goio, botar con eles as contas da maquiá (particularmente a do trigo do cabo da eira que tiña moito sol), ir á escola, vixiar as obras da estrada de Fontao a Prado. Todo!

E levar a besta á Zarra da Brea! Iso si que me gustaba. E á besta tamén. A pelo montada, sen esporas, con chuvia en inverno, ou con orballo na cara nas mañanciñas de abril, ou con sol por Santiago, ou caendo as follas polo San Martiño, os dous voabamos en liberdade polos carreiros e montes cheos de recendos segundo a estación. E eu a asubiar e a besta a rinchar.

PRIMEIRAS LEMBRANZAS

Comecei a escola en setembro de 1942. Diante do Catón levei a primeira na fronte cando lin: *mi mamá me ama, mi mamá me mimo*. A min, nin unha cousa nin outra.

Foi aquela Noiteboa, nin amado nin mimado, pola noiteña, apareceron uns pequerrechos que cantaban panxoliñas. Logo de petar na porta preguntaron:

—Cantamos ou non cantamos?

O *señor cura* contestou desaforado:

—¡Qué villancicos ni que nada! Vosotros no vais al Catecismo.

—Si que imos —dixo un deles.

—Si que van —afirmou Anxélica.

—Bueno, ya que lo manda el caudillo —falou en castelán - pondremos unos pobres a la mesa. Cantad luego.

Desafinados, cheos de frío e frieiras nas mans e nas orellas cantaron e tocaron o pandeiro.

Nin as raspas lle deron, só unhas faragullas de boroa da cocedura da semana pasada e catro patacos, un para cada un. Moita fame atrasada se vía que tiñan! Nunca vin a ninguén come-las faragullas con tanto apetito! Non me estrañou que marcharan cantando:

*Esta é a panxoliña
do quiquiriquí,
se non nos dan nada
mexámoslle aquí.*

Fíxome graza a resposta. Dende aquela se algo non me gusta ou me desgusta, lembro e repito a matrícola do quiquiriquí dos panxoleiros.

Na Misa do Galo oín que en Santiago estaban a piques de guinda-la Porta Santa, xa que o ano seguinte era Ano Santo. Os da parroquia, igual ca tódalas parroquias, tiñan a obriga de ir en peregrinación a pé, para gaña-lo Santo Xubileu e acadar indulxencias plenarias. Faltaba acorda-lo día, nunca antes de asolla-lo millo. O máis seguro no verán.

Teño outras lembranzas pero andan avoltas na cabeza que só as recupero mesturadas e confusas, coma nunha brétema. Así por Santo Antonio de 1941, houbo un gran temporal con galerna —nunca vira tanta auga e tan forte vento -, e o 31 de xaneiro do 1942 nevou. Nunca vira nevar.

Aínda que o máis nidio que lembro, por enrabechados, foron os Reis do ano seguinte, os do Ano Xacobeo de 1943. Eu, un pequerrecho que andaba nos sete anos; eu, que xa escribira a cartiña con toda a ilusión do mundo; eu, que xa rematara de conta-los días; eu, que acordara cedo aquela máxica mañanciña; eu, que xa vovera de leva-lo leite á mina; eu que xa vira —lémbroo nidio— os xoguetes que lles trouxeran ós nenos ricos e estranxeiros: pistolas, metralladoras, escopetas, avións, coches, camionetas, pelotas, que sei cantas cousas!; eu, eu propio, fun covardemente desilusionado polo meu pai, o *señor cura* que agardaba por min. Aquel precioso día rematou co encantamento:

—Tes que saber que non hai Reis Magos —falou en galego igual ca cando estaba en familia e ninguén o escoitaba— e non che van botar nada.

Quiquiriquí, se non me dan nada méxolle aquí, cantei polo baixiño. Como un crego vai asegurar que non existiron os Reis de Oriente que viñeron adora-lo meniño Deus? Que inxustizas ten a vida! Eu non pedía xoguetes, só uns zocos que ben me cumprían, os que levaba tiñan fame, xa andaba coa deda fóra. Mais iso non era o máis malo. O máis malo eran as frieiras nos pés. Como proían!

Con todo o máis ruín foi que a Anxélica, que non traballaba nada, lle botaran un vestido e uns zapatos. E non lle abriron os ollos!

Dálle que tumba e tumba que dálle, foi a primeira malleira que lle din. Pode resultar estraño que eu, un cativo, mallase en Anxélica, xa moza, pero estaba moi enrabechado e sendo ela unha prosma gorda e pachorrenta, calquera lle podería arrimar. Dende aquela ten moito respecto da miña man e da miña lingua.

Pasados os Reis daquel ano que chamaban santo —para min todo o contrario—, lembro outro suceso moi pavero. Nós tiñamos unha cabra que lía. Certo! Por estas! Asemellábase a min. Lía canto libro, xornal ou

papel lle caese diante, pasáballe as follas coas patas e logo de lelas aínda as integraba no máis fondo de seu corpo coméndoas. Lía e comía canto papel se lle puxese a tiro! Aínda conservo o cacho dun periódico, con data e todo, que lle lisquei xustiño a piques de comelo.

Na primavera os días florecían fermosos, a natureza agromaba con esplendor. Daba gusto vela rebentar; era unha satisfacción que non se pode describir ó caer na conta de como dun ano para outro cambiaba a paisaxe, especialmente as novas froiteiras de enxerto ou de semente.

De volta da zarra, co sol morno, escoitaba o canto dos xílgaros no fondo da braña, o do paspallás no centeo, o do chasco nas toxeias, o cuco sempre agachado, o gaio nas copas das árbores, falaban os seus contos que eu acompañaba asubiando, cantando ou arremedando os instrumentos das bandas. Atopaba a miña música fermosa de veras, e con ela nos trasnos do vento escoitaba o zunir das abellas nos queirogais e contemplaba o florecer das froiteiras. Nos resíos, medraban silvestres *herbas das feridas*, leitugas e margaridas, as que a modo de puntadas de costureira delimitaban os lenzos pardos dos campos acabados de arar, a carón de outras alfombras de prateados estiletos do millo nacendo, ou verdes de trigo a espigar, e máis lonxe os montes amarelados de toxeias e morados de uces. Pero como o mal nunca descansa, non podía faltar un miñato, de afiadas poutas, apaiñando para caer enriba dos pitos, se non fose polo azuar dos galos sentinelas co seu toque de alarma, que avisaban ó curral para que se agachasen no pallote. Nos tellados, impertinentes, sen respecto do miñato, rifaban paxaradas de gorrións. Choutando pola cortiña as vacas moscaban fuxindo do peteiro das moscas e tabáns. Nun resío, unha besta pastaba ceibe coa solta posta (vaia contradición o da solta!). O eixo dun carro laiábase no fondo dunha corredeira. Polo aire escoitábanse ledos cantares —o que canta os males espanta—, arrenegos ou xuramentos dos labregos, turrando do pesado vesadoiro na sementeira. No seu tempo, as badaladas das horas na torre.

A xente pasaba fame e frío pero cantaba e ría abondo. Canta máis pena máis se ri e máis se canta! Era forte o contraste entre os rostros famélicos, de dentes esportelados, e as caras de ledicia. E cando había festa daba gusto velos estomballados na herba, co seu mantel, a súa louza, o seu asado, empanada ou o que fose, onde nunca deixaba de corre-lo viño. Para algo se aforraba o resto do ano!

Polo fondo da bocarribeira o rural silencio cantaba mesturado co encrespado recendo a esterco e terra aberta, en tanto uns xitanos cun grao de millo atado nun cordel roubaban galiñas. Mesmo todo sería máis

bucólico e idílico se non fose por uns roucos ladridos de cans detrás do raposo, encirrados por fortes berros:

*Arrapa! Arrapa!
Que a dona te atrapa
e bótache os cans
correndo detrás!*

Encantábame o cheiro do estrume e o do esterco no carro camiño das leiras. Lembro con ledicia cando ó abri-la portela do curral, se ceibaban as pitas cos galos diante, cara á camposa, corredoira arriba. Na camposa, os nosos galos pelexaban cos dos veciños. Moito me gustaban as pelexas de galos! Tiñamos un galo presuntuoso e branco de raza española, todos zoscaban nel, ás primeiras cotenadas fuxía escuálido, coma se perdesse a metade do peso, fraco coas plumas encollidas, a cola entre as patas. As galiñas eran case todas de raza de Mos. Pero o rei era un galo de palleiro avermellado, precioso do feo que era, de colo pelado e roxo de crista festonada, baixa e ancha. Era unha fera. Calquera que viñese de fóra tiña que ter tino de non se achegar preto del dentro do curral, onde coidando das galiñas, era quen de se lle botar a un ós ollos. Non lle gañaba ningún dos outros galos da aldea. Adestráralo ben pelexando contra si mesmo diante dun espello para levalo ás minas a unha pelexa. Estaba visto que tiña que gañar, pois as plumas do rabo eran dunha cor negra cun brillo azul igualiño có volframio. De certo que gañou e eu vinte pesos, aínda que ramatou coa crista rachada e cego polo sangue callado nos ollos.

Rematando maio, no pallote, unha galiña choca ergueuse do niño aparecendo a rolada bailando na casca. Unha ovella parira tres anos que lambía con amor, en tanto co fociño arredaba as crías doutra ovella. Polo fondo da eira houbera unha aparición, unha galiña, que se dera por roubada polo raposo, presentouse con nove pitos, que chocara silvestre nunha silveira.

A aldea gozaba de momentos máxicos no seu diario acontecer, proporcionados pola natureza, para min a máis bela das belas artes.

Teño na miña memoria, en calidade de moi singular os solpores do verán, cando os labregos suando a cachón coas vestimentas molladas de suor e poeira, cantaban chamando un carro de herba seca. Na estreita corredoira o alto carro, a modo dunha cabeza, peiteábase nas pugas dos estalotes, leiburiñas e ramallos da bouza, deixando neles algúns dos seus amarelados pelos. Eu, foncho, cos pés espidos, estomballado, no alto da

carga, tiña conta de non me rabuñar, amais de osmar un niño de rula cos seus dous ovos, que se vían a través dos palitroques con que estaba feito.

Xa que fame había abondo, era moi estimada a froita, pero na nosa casa non, mesmo a apañaban os porcos ou podrecía nas pólas. Aínda así, xa que se non era nosa non era de ninguén, lembro ó señor cura disparando perdigóns de sal contra calquera que intentase comela.

AS MIÑAS PERTENZAS: VAIA FANTASÍA!

A miña facenda, as miñas pertenzas, estaban formadas por dúas casas unha a carón da outra: a dos pais do cura, na que morabamos nós, e a reitoral, onde despachaba o cura.

Igual ca outras facendas tamén tiña tres reinos: o animal, o vexetal e o mineral, ó que hai que engadir outras pertenzas no reino sentimental: os meus achados singulares, as miñas descubertas de valor incalculábel.

Comezando polo reino animal os máis animais de todos: nós, os humanos. E dentro destes, dúas ordes ou aparencias.

Na aparencia certa, na auténtica, no meu entendemento, éramo-la miña nai e mais eu. Logo *os outros*, como eu lles chamaba dende ó *señor cura* —o meu pai—, ós avós, xa velliños, ós tíos e á miña curmá, Anxélica. Mención á parte merece o tío máis vello, o tío Manolo Primeiro, solteiro, que era o máis traballador: vesaba as leiras, rozaba o monte, o más adiantado segando o trigo (requiría dúas mulleres tras del atando os monllos), estraba as cortes, cargaba os carros de esterco polas lúas novas, pasaba unha noite ó mes na adoración, era somatén e sabía de todo o que ten que saber un labrador, veña por caso, que se en setembro se escoitaban os sinos de Bodaño e saía un enxame era seguro que aínda quedaba verán abondo. Outra mención é para a súa irmá, a tía Lola (Lola Cazola matou o seu home cunha pistola), casada co tío Manolo Segundo, que viñera de fóra e tamén era somatén e pasaba unha noite na adoración. Entendíanse moi ben por asubíos, asemellaban irmáns.

Na orde aparente, de portas para fóra, os que moraban naquela casa eran: o cura cos seus pais, un irmán solteiro, a súa irmá, o seu home, e a filla Anxélica, a vinculeira. Nun aparte, no último lugar, nós, a miña nai, Divina do Cura (de apelido predestinado), e mais eu, o seu fillo. Nós eramos os seus criados —e como tal tiñamos vida á parte e comiamos as sobras—. Eu e a miña nai —unha pecadora— fomos recollidos pola infinda misericordia do *sa-cerdote* e a súa cristiá familia.

Na miña idea nós andabamos a medio camiño entre *os outros* —animais humanos— e o resto dos animais, pois tiñámo-los nosos apouentos pouco menos que na corte. Iso si, a carón do canizo cos chourizos, as crocas e as vinchas a se afumar; da artesa co fermento e a carne —*do porco aprovéitase todo, dende o fociño ata o rabiño*—, do forno co molete fresco e do pozo coa auga fría. Mesmo para min a vantaxe principal era que con aquel desprezo gozaba de liberdade. Entraba e saía da lareira sen que ninguén se ocupase de min.

O *señor cura* era pequeneiro, gordo e colorado coma un bispo, parecía ser un anuncio de viño tinto, roncaba coma a máquina de mallar, oíase en toda a casa, mesmo na hora da sesta. A súa presenza, con rostro de sapo, era coma un acarizo. Chamaba a atención o seu gran cabezón, que se continuaba co peito sen transición, sen a fronteira natural ou estreitamento que representa o pescozo, tal era o seu grosor que mesmo asemellaba que se ía afogar co colo ou coa cinta do mantelo. Decote levaba un pano da man branco, contrastando coa súa sotana e tella negras, sempre a seca-la suor da faciana de pel morena a verrugas e pencas escuras, igual cá froita manchada, que aparentaba se-lo lugar de xuntanza de tódalas clases de vizos e apetitos. No medio, os ollos vivos, o nariz cheo de broullas graxentas, os beizos anchos, gordos e carnosos, e a fronte ampla seguida dunha gran curota, de esquilfas canas, coa tonsura, sempre mollada de pingas de suor, máis por culpa da tella, que axotaba co gafume. Malia ser pequeneiro, era rabeco, guicho, comellón e bebedor. Nunca vin a ninguén que comese e bebese tanto coma el. Gustáballe, ordenaba, que lle chamasen don Claudio, e non lle desgustaba que lle chamasen don Claudillo ou mellor don Caudillo. Un día un político galeguista detido chamoulle don Caudino, nome rebuscado que nunca oíra. De tellas abaixo falaba en galego, pero nos sermóns e cos *camaradas* sempre en castelán. A xente tíñalle medo, pois cando un cativo facía unha trasnada ameazábano decíndolle: *non fagas mal, mira que aí vén o cura*.

Os outros case sempre falaban sen bocaladas, con onomatopeas, do xeito de:

Oooos... trás, que me dis! Manda cara... pucha!

Cooo... dia!

Boh! Non me toques os coellos!

E mesmo chamaban a atención por mexapías, ó contrario que o resto de xente. En galego ou en castelán, todo o mundo era xurafaz, aínda peor,

en cada conversa baixaban a toda a corte celestial, mesmo con xeitos rebuscados, para non comete-lo delito da blasfemia —moi castigado—. Así berraban maldicindo dende o fondo da alma: *mecagho en ninghundiós*. Certo, o así malfalado non sería acusado nin multado por blasfemia.

Os *outros* tamén eran grandes rezadores e fanáticos consumidos e consumados. Dirixidos polo cura bendicían todo o que se lles botaba por diante, e facían o sinal da cruz elevado á quinta potencia, ou máis. Quérese dicir, unha primeira ampla, logo tres pequenas, logo dúas finais tamén cumpridas, se non se persignaban algunha máis polo medio.

A nosa casa era das que máis fumeaban pois moitas non tiñan nin cheminea, o fume saía delas do tellado —coma unha néboa— ou pola porta, que parecía unha boca negra fumando. Na nosa casa o fume non subía dereitiño ó ceo, como din que fai nas casas de boa xente. Seino porque cando xogabamos ás catro esquinas e preguntaban —*nesta casa hai lume? Non. Vai a aquela que fumea sen arder*— a nosa sempre botaba o fume atravesado, nunca vertical. Claro que tiña que ser así, estaba ategada de hipocrísia, comezando por min, que lle chamaba *señor cura* ó meu propio pai.

Como había de pensar que me deran boa vida? Non. Eu que nacera nas pallas non podía agardar máis que palla..., e albarda; sempre a traballar e por riba con desprezo. Se non, que outra cousa que desprezo se pode chamar ó que me ocorreu co avó, sentado no seu tallo, diante da súa cunca de sopas de cabalo cansado, me berrou:

—Tarabelo, os criados falan cando mexen as galiñas. Á lareira, coa túa nai. E coida de non lle volver a mata-lo tres á túa avoa.

—Certo, ten razón, mi padre —corroborou Manolo Primeiro -. Non hai un respecto, agora os fillos atúan os pais coma se nada. E aínda me pediu que lle mercase unha enciclopedia para ira á escola? Que vaia a pé igual ca todos!

—Que me matou o tres? Ese mocoso é un ninguén para me mata-lo tres —engadiu a avoa, marcando a distancia coa estriga nunha man, o fuso na outra, co seu falar agudo, cheo de galos—. Mira, miña netiña non lle deas confianza a ese parvo, non lle deixes que ande ó teu rabo. Non pense que por terlle eu posto lavativas de meniño vai coller confianza. Dende agora que llas poña a súa nai. E se a atúa e non lle ten un respecto, alá eles.

Ostrás! A avoa, que só sabe laiarse de dor de cabeza co seu pano da mesa cun vaso de auga na fronte ó sol (todo por non traballar, cousa que tamén herdou Anxélica), que só sabe calcetar, que asubía as palabras polo aire que lle escapa entre os escasos dentes; como asegura que non

lle matei o tres e que sempre ando ó rabo de Anxélica? E dicir que me puxo lavativas porque miña nai non sabía! E dicir que lle faltou o respecto porque a atúo! Tanto ten! Xa se ve que non rexe da cachola; se non que explicación ten que no rosario, non pase as doas e quede toda a noite parada no mesmo misterio?

Quiquiriquí, que fagan o que lles dea a gana! E Anxélica acadaría toda a herdanza! Falta lle fará porque a pobriña tiña un corpo tan mal feito que á mantenta non se pensaría noutro máis escanastrado. Podería ser calquera cousa menos o que indicaba o seu nome. Era mangallona, marela e gorda coma unha vaca no millo, cuns peitos tan grandes coma dous montes, un pelexo igual cá tona de dentro das castañas asadas e uns pelos nas pernas case tan longos e bastos coma os da cabeza. Herdara a gordura da avoa, da nai e do cura. Ós catro moito lles gustaba a besa do caldo, nunca deixaban nada no prato, era pecado mortal, de modo que o aproveitaban, mesmo lambían con sopas ou coa lingua o fondo dos pratos e das cazolas, así que á nai —que era a que máis as aproveitaba—, de portas a dentro, a alumaban Lola Cazola. Deixaban todo máis limpo que logo de lavado. E iso non foi todo, o peor foi que por moito aceite de fígado de bacallau ou *Cerebrina* que lle deron, a Anxélica non lle medraron os miolos. A pobriña era parva! Calquera lle trocaba un pelouro por un peso. Gabábase de gran traballadora —aramos, dixo a mosca ó boi—, e cos dedos cheos de aneis, —a mona vestida de seda, mona se queda— pintaba ter cartos. De modo que tiña moitos pretendentes. Que máis se lle podería pedir a aquela muller fea coma unha noite de tronos! Eu nada. Todo o dela dábame noxo. Ó contrario ca min, que tiña man de todo, ela, man sobre man, sempre comendo. O único que sabía facer era pianxar estomballada por culpa da regra —non comprendía eu por que había de ter aquel mal se sempre lle andaba a rezar á Virxe da Regra—. Moito se miraba no espello, e, na miña idea, non caio na conta do que pretendía ver. Non atoparía un rabeno?

No resto do reino animal —os menos animais de todos—, tiñamos dous insólitos, cada un no seu. E os dous femias!

A primeira, unha besta de andadura. Malia que *en Deza nin boa besta nin boa peza*, a nosa tiña boa orella, escoitaba o que non hai, e tiña tan boa andaina que máis voaba ca trotaba. E sen esporas. Intelixente, de boa memoria, sempre lembraba os lugares por onde pasara. Comía na miña man o toxo picado e herbas polos camiños cando lle deixaba —eu era quen lle daba de comer— e logo a acariñaba. Se escoitaba o pisón ou a

cortadora do toxo verde choutaba e rinchaba con ledicia. Unha marabilla! De min era de quen máis se guiaba. Case que era só miña.

A segunda femia, unha cabra, que, como xa sabemos, era quen de ler e logo come-lo que lera. Pasei moita pena cando nola roubaron uns xitanos. Foise bailar con toda a súa ciencia e talento enriba dunha esqueira. Mesmo era rabuda, nunca se afixo á miña man.

Na facenda había outros animais: dez vacas ben mantidas, dous bois, catro porcos e un curral de coellos, pitos, galiñas, dous galos, un gato e unha alvariza no uzal. As abellas e a gata eran os máis ceibes. O gato negro non folgaba pois defendía o galiñeiro estarricado en horripilación e ferocidade con bufidos, igual ca se vise un can, non había quen se lle achegase, amais tiña moita habelencia para cazar ratos e paxaros. Os únicos da aldea sen can eramos nós. Tiveramos unha cadela que un día lle ladrou ó carneiro diante das ovellas. O macho parouse diante da cadela e para demostrar que el era o rei do fato, turrou contra dela, saíndo o carneiro mal parado coa cadela enganchada nos fociños. Houbo que axudar ó carneiro para que o ceibara e logo tivemos que matalo e non o comimos porque din que non se pode comer ningún animal mordido de can. Non entendín nada xa que logo eu vira xente que procuraba un can para que lle lambers as feridas, dicían que curaban mellor. Tamén a cadela, por aquela culpa, foi *paseada*.

Dese modo, pola noite na nosa casa todo estaba caladiño, nin se escoitaba o rumor das turbinas que quedaban algo lonxe, só o remoer ou o tusir do gando. Se ladraban os cans algo pasaba no cortello-fonda de Marcial. De seguro que sería a Garda Civil, ou alguén que fuxía, con contrabando ou con mineral. Ou os Foucellas.

* * *

Na perspectiva vexetal tiñamos froiteiras de moitas clases, como cerdeiras, maceiras, pereiras, figueiras, claudieiras, fatoeiros e moitos máis. Eran curiosos os fatoeiros, porque ó madurar, co peso dos fatóns, baixaban a cabeza e facían un precioso arco románico verde e granate cubrindo o camiño. Como outras facendas da aldea a nosa era maiormente formada por un porral, cortiñas e moitos ferrados de trigo e de millo, que se esterocaban pola lúa nova. Malia o noxento que é carga-lo esterco no carro, a min gustábame aquel gafume. Cando non me gustaba era polo verán, por culpa das moscas e dos tabáns zoando nun ronsel ó redor de nós.

Punto e á parte quedaba a Zarra da Brea, un monte con castiñeiros, carballos, freixos e piñeiros. Oh! A Zarra da Brea! O lugar máis fermoso do mundo! Nun terreo de noventa ferrados, se estendía un souto de recunchos paradisíacos. O meu encantamento daquel lugar encozaba cada ano co abrir das follas e flores novas, xa que *en abril niños mil*, aniñaban as catro aves escollidas:

*Catro aves escollidas
son as que pasan o mar:
o cuco e mais a andoriña,
a rula e o paspallás.*

E os gaios que aínda que non cruzan o mar, son uns paxaros líricos, que cantan marabillosamente. De dourada plumaxe e maxestoso voar de amplas ondas, dende o fondo do souto chegaba o seu asubío:

*Domingos, lambido,
vas sacha-lo millo?
Non que aínda vai frío.*

O meu encantamento era máximo polo verán, co recendo das candeas dos castiñeiros, á súa sombra, á dos carballos ou dos freixos, escoitando o murmurio do regato, ou o pousar dun xabardo nun castiñeiro covo, —fendido por un raio—, todo presidido polas músicas do cantar dos paxaros. Fantástico o niño do gaio! Colgado de cordas na punta das pólas de carballo ou de castiñeiro, feito de moitas cousas, entre elas papeis. Unha vez distinguín nun un billete dunha peseta. Se fosen máis cartos non quedaría o niño enteiro, pero por unha peseta...

Todo o referido tirara por min cara á estrema da zarra, onde se erguía un lendario enebro, ou xenebreiro, ou cimbro —fonte de bebidas e menciñas milagreiras—, á par dunha canteira, da que anos atrás con dinamita negra (a que cheira mal e dá gases que perxudican a saúde), barrenaran moita pedra, que foi parar á nosa casa, ós valados e á polvoreira na propia canteira.

Lembro o caso do roubo de dinamita na polvoreira da canteira, que denunciou o *señor cura*. Dese xeito o sarxento *Escopetas* presentouse nunha tasca da Brea. Falou co dono:

—Póngame el partido de fútbol y el agua de siempre, usted ya sabe. Acérquese. Escuche con atención. Antes de que termine el primer tiempo quiero aquí toda la mercancía. Usted me conoce bien. Usted ya sabe.

Prendeulle a radio e tróuxolle a *auga*.

Co gallo da celebración dun gol, cando a voz do locutor era máis forte, entrou un mozo, coñecido poceiro, e falou co dono. Acto seguido o dono dirixiuse ó sarxento:

—Xa ten toda a dinamita ben disposta.

O sarxento, coma se fose xordo, nin caso, botou un grolo sen mover un músculo da cara e seguiu a escoitar todo o segundo tempo. Rematado o partido ergueuse parsimonioso e foise sen pagar.

Tamén lembro outro día cando se vendeu unha partida de eucaliptos. Foi ben pavelo o método do comprador para medi-la súa altura, dándolle as costas, dobrándose e mirando por entre as pernas, un a un. Así acordaron o prezo.

Na perspectiva mineral tiñamos embaixo a corte coas súas manxadoiras separadas polas xambetas, a cama dos porcos, a lareira, a cociña, e enriba o sobrado, con cinco cuartos, un grande cunha mesa cuberta por un hule marelo —pola festa con mantel de Camariñas, cheo de curas—, un corredor ben asollado, unha eira cun hórreo de tres claros na casa orixinaria e de seis claros na reitoral, todos con enormes rateiras, un reloxo de sol e galos viraventos, dous pallotes para a herba seca, un palleiro de palla de trigo e outro oco de palla de millo, moitos ferrados de terra e a Zarra da Brea. Todo iso amais das ferramentas da labranza.

Aqueles tres reinos eran a miña facenda. Bouh! A miña non, a dos meus avós.

E de vinculeira Anxélica. Sen dúbida unha próspera facenda para unha soa herdeira. *Se non me dá nada méxolle aquí* —pensei—, mais algo si me deron, e non foi fantasía: a Zarra da Brea. Privativa do *señor cura* —que a herdara dun tío, tamén cura—. xa lla pasara á miña nai. Un día, con moito misterio, ela sacou das pedras da lareira unha cazola vella cuns papeliños:

—Por se me pasa algo —baixou a voz— isto é o meu testamento, a túa herdanza. Pon que cando eu morra a Zarra da Brea será túa. Agáchao ben da túa man.

Acordei agacha-la cazola debaixo da terra, entre dúas raíces do cimbro.

Mesmo tiña outras pertenzas no reino sentimental, posesións singulares que gardaba nunha lata de arenques. Entre as cousas que chamaban a miña atención figuraba o papel escrito.

Así tiña gardados periódicos, entre eles *El Compostelano* do 11 de novembro de 1942, que deixara tirado un home que, mollado coma un pito, chegou á casa do leite, cun can e mais eu de únicas testemuñas.

E se non atopaba cousas buscábaas como foi o caso outro día na cociña de Marte. En tanto ela foi a busca-los cartos do leite, asexei nun caixón —xa dixeran que eu era moi inquisidor— e atopei un paquetiño cunha chea de globos. Non fun quen de adialo. Lisquei un. Xa no faiado lin que poñía por fóra: *Extiéndase sobre el órgano*, mais logo como na igrexa non había órgano, deillo á monxa de López, que tocaba o harmonio. Tanto tería un harmonio coma un órgano, pensei. A monxa e mais eu tiñamos curiosidade por comprobar que clase de cousa podía ser, que efecto lle podería dar á música. Estarricámolo enriba. Ela tocou e entooou un acorde. Certo que, segundo a opinión de nolos dous, soou máis afinado, a súa voz tiña máis ardencia.

Logo, coincidindo cunha Confirmación e a visita do bispo de Lugo, o prelado por enredar ou sabe o demo por que, foi parar xunto á monxiña cabo do harmonio. Dende o altar eu vía ó bispo que asemellaba un can a ladrar fronte á cara do *señor cura*, faciana con faciana, coma galos a pellexar, mentres a relixiosa —que viñera dun convento retirada e enferma á casa da familia—, aparvada, protestaba:

—Mire ilustrísima, con todo el respecto del mundo, escuche como suena el armonio y hágale ver al reverendo que está muy equivocado, oiga lo que es capaz de hacer esta goma prodigiosa. He tocado muchos órganos, varios pianos y este armonio. Sé que esto es para un órgano, lo pone en las instrucciones: *extiéndase sobre el órgano*, lea; por eso, por no tener órgano he probado con el armonio. ¡Y funciona! Oiga, escuche con atención, compruébelo —dixo cantando: el Señor hizo en mí maravillas—. ¿Ha oído? ¿Suena igual que un órgano! ¡Una maravilla!

Por culpa do rumor do cantar non dei escoitado máis nada. Só sei que o invento desapareceu e o *señor cura* pasou a carón meu e fitoume coa faciana de parchís que poñía cando revisaba os petos das ánimas e non tiñan esmolos.

Unha semana logo, mentres o cura rezaba os latinorios de vestirlas roupas de celebrar, ó colga-la sotana deume o cheiro de que tiña a goma agachada nun peto. E claro que a tiña! Eu sempre pescudaba en todo, tiña un sexto sentido para atopar cousas.

Otro achado daquela foi por Noiteboa, a carón da casa do leite. Atopei un testo tirado no chan, cun piñeiro esgazado pola punta, medio seco, cuberto de papeliños brillantes de moitas cores. Na terra do testo había unha botella baleira, un vómito e un billete de mil pesetas —un billetinho—, queimado nunha beira. Pregunteille a Cañeto se era de lei. Díxome que si. Que fartura! Nunca tal vira. Aínda o conservo, xunto cos

que atopara entre o millo e con outros que lle voaran a un veciño rico, porque se lle mollaran e os puxera nunha saba a secar ó sol e ergueuse un súbito remuíño de vento. Cinco conseguira daquela allada. Mais logo, cando lle amosei o billeteño queimado a Cañeto quedei marcado nos seus miolos. No seu sorriso amplo linlle o pensamento: *Si este mocoso tiene tanto dinero y es el criado, ¿cuánto tendrá la niña? Daré un buen braguetazo.* E de seguro que non sabe do resto da misa a metade!

Con esta fortuna puideron trocá-lo capucho de saco, que me cubría a cabeza e as costas, por un paraugas. Amais de non me mollar valíame para remexer no chan e cravar coa punta o que atopara.

E ben de cousas que atopei!

Outro día atopei a cabicha dun cigarro puro, case enteiro, algo machucado por unhas marcas que se vía eran de dentes. Pensei que era a miña ocasión para probar o de fumar. Gardeino e ó chegar ó faiado prendino cun misto. Que tusingueira e que mareos me deron! Nunca entendín como hai alguén que dea fumado. De calquera xeito aínda gardo a cabicha, xa que logo daquel experimento nunca din fumado.

Outro día, na terra doutro testo, atopei outro globo engurrado igual có que lle roubara do caixón a Marte, o de estender sobre o órgano; pero, ó tentar inchalo, deixoume as mans pegañentas, igual ca se tivese mocos. Tamén aquel día, de camiño á casa, co cabo do paraugas, cravei un papel de periódico tirado nun recuncho. Pertencía a El Compostelano do 29 de outubro de 1942, ou sexa, de tres semanas antes do que xa tiña. Era axeitado para envolver as botellas de auga de quenta-la cama. Ben envoltiña, gardei a goma nun peto da chombra, xunto co trompo, as bólas, o tiratacos, as codías; eu que sei que chea de cousas! Nos meus petos collía todo.

Unha manda de cousas insólitas atopei daquela! Ou non é insólito atopa-lo casco dunha bala de pistola? Pola noite, houbera un tiroteo. Eran tempos de tiroteos abondo.

Eu todo o gardaba, ben agachado, na caixa de arenques que tiña no faiado. Eran os meus tesouros. Dende pequerrecho gustoume coleccionar cousas. Nunca se sabe, poden valer para algo, ou ter valor de antigüidades ou de pezas de museo. Ou testemuñas de historias! Amais de coleccionista xa dixeran que eu era moi inquisidor! Contemplando aquelas xoias, o meu maxín levábame a vivi-las súas historias e aventuras, que seguramente agachaban. Así, pasaba a noite cismando carros e carretas, co asubiarse de vento, mirando ó ceo entre as tellas, non fose que caeran as estrelas.

Máis logo, co paso do tempo, non podo asegurar se todo foron fantasías, soños, feitos certos ou contos das lareiras nas longas noites de outono e inverno, nas recollidas do millo ou nas matanzas, especialmente diante da impresionante figura dos porcos mortos abertos en canal pendurados dun chamberil.

ENREDOS E HABELENCIAS

Eu enredaba moito. Un *coche de liña* era o meu enredo favorito. Formado por dúas canas lonxitudinais, das dos foguetes, atadas cun fío de canivote a outras máis curtas, de través; a cana transversal dianteira, apreixada nas mans era o volante, e as lonxitudinais paralelas cara a atrás, marcaban as xaneliñas dos viaxeiros.

Eu, magro, un pistraca de pura febra, era quen de correr, co meu coche de liña, legua e media nunha hora. Coa gorxa arremedaba tódolos zoes do motor, prendéndoo co veo, arrincando e cambiando as marchas segundo conviñese. Polo verán, no *coche de liña*, percorría vereas subía e baixaba portelas, comareiros, atravesaba fondas congostas (coas leiburiñas facéndome cóxegas nos brazos), con paradas para *baixar e subir viaxeiros*. E corría, corría, corría, co coche de liña, ou manexando un aro de ferro. E logo veña de volta.

Outro enredo era guiar unha carrilana, que fixera cun ferrado vello, que atopara tirado no pallote. Costa abaixo pola rampla do fondo da eira, con faciana de velocidade e de medo, ás veces non daba freado e caía no medio de toxeiros, silveiras ou no inverno nunha pucharca. Logo veña, a arrinca-las espiñas, seca-la lama e... repara-la carrilana. Sempre me deitaba canso, cheo de maniotas.

Menos reconfortante era o enredo, tamén habilidade, de pescar ás pernas enxoiatas, quero dicir á man. Demostrada moita paciencia, toda unha tarde de paciencia, máis paciencia que o santo da Biblia, logo de aguantar encrequenado á beira dunha poza do río, á sombríña, no mes de xuño, cos cabalos do demo voando ó meu rador, logo de fita-la auga coas súas cabras cegas nadando e o seu fondo de pelouros alumeado por unha raiola, logo de vixiar con ollos de lince unha bandada de troitas, logo de saber que fuxiran todas porque detrás viñera unha grande que agardaba debaixo dunha pedra, xusto nese intre botei un saltón á poza, picou a troita grande, a miña man caeu no río coma un raio e pescouna. Mais non contaba cun contratempo; a troita xa atrapada pola miña

gadoupa, escorregouse como un pez que era e non chegou a se-lo que eu quería: un peixe.

Co poder do tempo e moito adestramento aprendín outras habilidades, como a puntería, o arremedo do canto dos paxaros e atopa-los seus niños.

A máis lograda, a puntería. Mesmo co tirapedras, co canudo de balotes de hedra, ou con bólas de abrótega esmagadas nun tiratacos de bieiteiro con baqueta de buxo. Moito mellor era coa escopeta paxareira que lle collía ó avó coa que mataba lagartos embaixo da soleira, que lle comían as abellas ó entrar ou saír do cortizo. Ninguén tiña máis pulso ca min! É escusado dicir que tamén era un bo xogador de estornela, da chepa e das bólas.

Arremedaba ben ós paxaros. Asubiaba os seus rechouchíos e eles, confiados, voaban ledos á par de min. E eu, co tirapedras, leña. Igual ca cantos animalíños se puxeran diante menos as perdices, nunca lles atinaba, asemellaba que foran á escola e aprenderan a voar lixeiras, en zigzag.

Os animais que caían nos meus ichós se non morrían de primeiras, morrían de segundas. Logo de torturalos notaba non sei que de gozo ou pracer véndoos padecer, indefensos, xemendo, pianxando, cos ollos húmidos e as bocas abertas, pedindo unha clemencia que nunca lles concedía. Igual ca cando botaba auga fervendo ós cans apareados que fuxían ganindo, co instinto universal da conservación da especie alumeado. Os ganidos dos cans son os lamentos máis desgarrados que hai no mundo.

Eu nacera así, desalmado.

Dotado dun sexto sentido era quen de atopar cousas, tiña fe en atopalas e atopábaas. De modo que descubría moitos niños. Axexaba se os paxariños viñan con bicada, co tirapedras matábaos dunha pelourada e logo escagallaba o seu niño. Gozaba oíndo ó viúvo —ou viúva— chiando con tristura no alto dunha póla ou dun arame da luz. Porque os paxaros falan e choran! Lémbreme a poesía que nos facía le-lo mestre e que ninguén entendía dun cabreiro e dous paxaros. Eu era igual de ruín que o neno da fábula de Campoamor que non por xogar senón por maldade lles reviraba o colo, non como a nena da mesma fábula, nin como o meniño do poema de Torga, que gardaba o segredo do niño, para logo ter de amigo a un paxariño.

Seguramente xa que se recolle o que se sementa eu non tiña amigos! Aínda así, pregunto: quen era máis ruín, eu ou os que *paseaban* á xente, con escarnio, sacándoa da casa diante das nais, mulleres e fillos, chorando detrás da camioneta camiño dunha gabia? Xebraban malas herbas e

queimaban a súa semente! Excepción feita da besta, os animais igual cós homes, son todos perversos. Todos precisan de vareadas e de aguillóns.

Pasaba dos sentimentos que conformaban á miña parte máis tenra á banda máis ruín. De modo que me botaba ó monte coa idea de atopar niños do que fose, de laverca ou de chasco, ou á bouza, para atopar outros de ovos máis grandochos, poño por caso de rula, ou de pega rabilonga, ou de corvo, ou nos campos de centeo ós de paspallás. E sempre para comérllelos, frixidos en manteiga de porco, a que queda despois de face-los roxóns. Son os ovos máis ricos do mundo! Sempre por facer mal, pois fame non tiña. Xa o aseguran os refraneiros:

*Na casa dun cura
Se non chove babuxa.*

Ou tamén:

*Non hai cousa mellor no mundo
que ser criado dun crego,
pan de trigo nos bautizos,
e bo viño nos casamentos.*

De paso apañaba cornello, grao do corvo, ou caruncho. Valía cartos. Agachábao co volframio e vendíallelo ós feirantes que cadrasen.

AS MINAS DE VOLFRAMIO

Eu, igual ca moita xente, andaba á procura daquelas pedras negras cunha especial irisación azul violeta. Agachábaas no faiado, entre as propias da casa. Eran pedras brillantes, pesadas, insólitas que atopaba cando menos o pensaba, nos valados, no monte ou no caseto da Rañoa. Polo moito que daban por elas —valían o seu peso en ouro— moitos desconfiaban delas, tíñanlle medo. Dícían que coutaban mosías de misterios e téme-ras historias de vinganza. A xente aseguraba que agromaran no fondo da auga como resultado dunha cantiga, solidificada en pedras tanto no mar coma nunha lagoa, pois segundo enigmáticas lendas, aquelas terras foran en tempos remotos unha lagoa. Por iso hai un lugar que se chama Pontesulago e cantos rodados nas gabias da estrada que estaban a facer entre Fontao e Merza. As pedras, agora roubadas con violencia, con profanación —máquinas, barrenos, picos, palas, todos furando na terra—, pelexaban para regresar á súa primitiva orixe, ó seu cantar da auga, no

fondo do mar ou ó seu nacemento nun penedo. Xa morreran moitos naquela batalla.

Eran as pedras de volframio.

Dende o campanario, nun recuncho onde medrara unha figueira, había unha vista completa das minas. En calquera caso, a mellor panorámica era a que se vía carriolando na miña randeeira de dúas pólas de carballo. No alto, nun estado de boaventura, cantaba, asubiaba e voaba. E contemplaba, acólá embaixo, a costenta paisaxe das minas, no colo dos montes, reflectida no espello do encoro do Deza. Moito me gustaba botar pedras a tombos polo monte abaixo para rematar no encoro que perdía a súa condición de espello e se transformaba nunha tropa de ondas.

Ó deitarse o día, no verán, a paisaxe asemellaba irreal, mesmo como unha pintura. Alumeada polas raiolas de sol xa canso, as anoitecidas do verán tiñan unhas cores singulares, con predominio da esmeralda, que contrastaba co negro dos buratos, co verde das corredeiras vellas, co ocre de pasais novos e do enlamado dos camiños. No centro unha casa grande, de pedra, con homes de traxe, colo branco, gravata e chapeu. A seu carón outros edificios, garaxes dos coches e das máquinas, tres cines —ós que nunca me deixaron ir— e unha capela. Máis acólá, barracóns de casqueiros, moitos sen luz eléctrica, onde durmían amoreados os mineiros, sen auga, con luz de carburo, a mesma que levaban á mina para detectar a falta de osíxeno, pois sen el o carburo apagábase. No alto, o barracón da Garda Civil. Ciscados polo medio pendellos dedicados a tascas e *putiferios* de mala morte, con xente de nome xenérico *volframistas*. Ó seu redor roldaban os capataces, traballadores, *recuperadores*, quincalleiros, aventureiros, vagabundos, pobres e eivados que andaban a pedir esmola, aínda que algúns non pedían, impetraban. Case que todos viñeran da montaña —como latricaban os propios do lugar— quérese dicir de ningures.

No fondo a bocamina e o río, coa súa pontella e o encoro no Deza, de onde se sacaba a auga para tódolos usos, para lava-lo mineral e para a turbina da enerxía eléctrica.

No outro lado do río, arremedando ó monte Gurugú de Melilla, un barracón exclusivo, no que moraban os presos, tanto políticos coma dos outros, moitos en liberdade vixiada. Corría polo nome de *Ghurughú*.

Nas aldeas, algúns labradores venderan as vacas e no seu lugar, no cortello, puxeran camas para alugar a peso por noite, coa obriga de asexar e avisar dunha inopinada visita dos gardas, amais de dispor dun lugar

onde agacha-lo mineral *recuperado*, xa que logo a *recuperación* era cousa de moito perigo polas visitas da civil.

* * *

Un tropel de homes e mulleres chegaran á nosa parroquia, un lugar recóndito, inculto, pouco aseado, pobre en cartos pero rico en lendas e historias de morte, milagres e vinganza.

Coa escaseza non é de estrañar que a morte andase sempre buscando as voltas polo *crup*, a *anemia*, o *mal cativo*, o *mal bravo*, o *mal de ollo*, a *nacida*, e outras ameazas e enfermidades, incluso o parir. Os pequerrechos tiñamos andazos á parte: o *enganido das meigas chuchonas*, as *iemas ou postemas*, o *asombramento* e o *raquitismo* que, algúns deles se curaban ofrecendo os nenos enfermos á Virxe de Gundián, que logo ó curar quedaban obrigados a pasar por baixo do seu manto, lavarse na fonte e pagar en trigo o peso das criaturas.

Naquelas aldeas perdidas, onde durante séculos só houbera fame e miseria, que só rañaran pulgas e piollos, chegara xente que agora comía as mellores carnes, peixes e mariscos e bebía os licores máis caros.

Mesmo lembro uns mozos que ó chegar lle puxeron para comer ensalada e o máis vello lle dicía ó máis novo: *que ruín debe se-la vida aquí, irmán, nós que temos pasado ben de fame a nosa nai nunca nos deu de comer verduras sen cocer*.

Cos dedos cheos de aneis, reloxos de ouro, gravatas, vestidos coa roupa máis cara, fumaban os máis recendentes tabacos prendidos con billetes de mil pesetas. E fornocaban a máis non dar coas máis abraiantes mulleres da vida. O que se gañaba polo día fundíase pola noite. A vida son dous días Acudiran a aqueles montes perdidos xentiña de tódalas clases. Os burros querían ser homes. Unha tropa de tratantes, estraperlistas, chambalistas e señores (con coche, traxe e gravata) arranxaban os negocios nas tascas. As cuadrillas celebraban as boas faenas cantando e brindando, o máis barato con champaña.

Os gardas civís e os gardas xurados en vez de rudos eran compracentes, incluso cos propios presos, moitos en cadea vixiada. A xente andaba á espreita, ás carreiras, ó que saltaba, e tamén de troula. O demo solto! Os días asemellaban todos de allada, con cine, baile, xente de esmorga, trincando gaitas, serrando violíns, soprando harmónicas e manipulando acordeóns, tocos e cegos a cantar coplas. Música e máis música, estronicio, aturuxos e fortes gargalladas. Decote a festa víase axitada por frenéticas

carreiras, con berros de alto ou disparo, seguidos moitas veces dos propios disparos da Garda Civil na persecución de quen fose. Se mataban a alguén, ninguén vira nin oíra nada, ninguén preguntaría, ninguén choraría. Quen fose, durmiría o sono eterno no cemiterio civil, a carón dos suicidas e *paseados*. Outras veces a traxedia viña dun corrememento de terras, dunha falla, dun barreno mal guiado, ou do *remude* nunha festa, todo podía acabar con feridos e aínda con mortos.

As formas de curar ós feridos eran do máis imaxinativo tanto pola calidade coma pola cantidade, dende espectaculares coleiras a patas de pau nas mutilacións. Aplicaban toda clase de remedios: esterco, teas de araña, follas de verzas, manteiga, cebola e mel, en diversas mesturas e padumadas. Os feridos case que nunca consultaban cun médico. A xente estaba afeita ós menciñeiros e compoñedores. Había algúns con moita sona, maiormente unha, especialista en feridas con mutilación ou perda de carne que curaba cunha misteriosa herba. Xa que logo unha vez cor-teime coa navalla e fun xunto dela. Foi milagreiro o remedio! Eu mesmo fun con ela a escoller *fiolliñas*, segundo me guiou coa súa fina man de veludo, impropia para a súa aparencia de labradora. Así cortou unha *fiolliña* —a femia nova do fiollo— que buscou no seu punto, coa cabeza branca —que asemellaba unha bóla de neve— nin medrada de máis nin de menos. No punto da medra da fiolliña estaba o segredo. Con aquela cataplasma —que me proeu abondo— comezou a medra-la carne e curei. Aínda berrou comigo, sei que a levava tempo de máis.

Tódolos días a tódalas horas, do centro da terra fuxía o petar dos martelos, o zoar de máquinas e o estourar de barrenos. Sempre de festa fóra e dentro dos túneles!

No inverno, entre o abrir e pechar de portas, a bafaradas, con chuvia, brétema ou xeada, soaban risas e cantigas de sona. As máis repetidas eran as de Conchita Piquer, Carlos Gardel e outros famosos. Procedían da radio e dos modernos gramófonos, ós que se lles daba corda cun veo. As cantigas eran tanto melancólicas como: *Unha noite na eira do trigo...*, ou ledas, como os corridos mexicanos, nun arremedo de Jorge Negrete cando cantaba: *Ay, ay, ay, ay, canta y no llores...*

Daquela os nenos e a xente eran alegres, sempre co sorriso na cara. Na aldea o tempo pasaba mainiño, ninguén tiña presa, nas minas todo o contrario, todos andaban en bolina. Tanto na aldea coma nas minas cantábase e bailábase abondo, nas minas máis, xeralmente polo concurso do viño.

Algunhas mulleres vestían pantalóns e aseguraban ter un par do que hai que ter, para baixar á mina, e picardía abondo para adiar un accidente, igual ca calquera home. Iso si, obrigábanas a leva-lo pelo cortado, non para arremedar ós homes, senón para que non agachasen nel o mineral.

Ós sábados pola noite —logo de cobrar— e ós domingos a foliada era ben mellor. Homes de traxe, gravata, botas de viño e bicicleta; as mozas con blusas de gorgorán, saias de seda, medias de cristal e zapatos de tacón. Uns enganando e outros enganados. Excrementos nos currunchos e no medio da estrada. Era preciso andar ó xeito para non pisalos.

Lembro un día que chegou unha muller chea de farrapos (unha raposa lle chamaron) e formáronse rengues de homes, a carón dun pallote se chovía, ou embaixo dunha parra ou nun recuncho do monte, se o tempo era bo. Latricaban que ían *botar un polvo*. Cousa que daquela non comprendía! Era ben estraño, pois nas polbeiras ou *pulpeiras* non se botaba nada, só se comía. Mais aquelas falas desataban un pícaro sorriso:

—No pallote de Rudesinda —escoitei un día— din que hai unha *polvareda*. Aínda van colle-lo mal francés.

—No pallote de Rudesinda? Boh! Toda a mina é unha *polvareda*.

Certo! Si que había poeira nos túneles. E na miña cabeza!

Logo, pasada a raposada..., por moito que buscaba non atopaba restroballos nin de polbo, nin de lixo, nin de nada. Só fabas e millo estragados. Ouh, claro, todo era nada! Seguramente se referían a sacudirle a un o po, ou a misa de defuntos: *polvo eris et polvo reverteris*.

O cheiro da mina era moi particular a carburo, aceite frixido, suor, merda, mexos, vómitos, e eu que sei cantos cheiros xuntos, noutras palabras, o típico da roña do animal humano. E tan animalíños que eran! Daba noxo velos, noviños, cheos de viño e caña a embute, e outra cousa que chamaban morfina, feitos unhas preas a un tempo que se dispoñía do mellor para comer e beber á beira de espectaculares mulleres.

Por San Xoán case sempre ía calor. En Fontao, erguían unha cacharela, que moita xente saltaba por primeira vez, sen sabe-lo porqué, por face-lo mesmo cós outros. Era unha noite máxica, cun horizonte de ronseis de resplandores e de nubes de fume. Pasaba moita xentiña naquela noite camiño da Nosa Señora do Corpiño. Uns de xeonllos, outros cos pés espidos, non por necesidade, senón por cumprir unha promesa, logo de sandar dalgún mal ou de bota-lo meigallo ou o ramo cativo, cousas nas que crían moitos e desacougaban a todos.

Polas nove da tarde (por San Xoán as nove con día dan) co tocar dunha gaita resoaba a copla:

*Fun ó Corpiño de lonxe,
fun alá, hei de volver,
quedoume riba do altar
a monteira por coller.*

Aquela era unha noite especialmente boa para apanar mineral coa xente de romaría a salta-las cacharelas, ou ocupada en recoller herbas para poñer nas fiestras ou en auga para se lavar pola mañanciña. Coa foliada a ameaza de calquera, amigo, inimigo ou da Garda Civil, era menor.

Os outros tamén crían no meigallo que lle chamaban o demo e para adialo lavábanse coa auga de herbas e rezaban a súa novena:

*Madre mía do Corpiño,
luz que toda luz encerra,
alegría da terra,
dáme enteiro o teu cariño...*

Aínda que a xente enredaba matando o tempo —mesmo era o tempo o que enredaba a rematar con todos— nas minas non había acougo; todos vivían con présa, pensando en facerse ricos da noite para a mañá. Adoito *faenábase* con pico e pa, cun saco e un candil, pola noite, ás apalpadelas, con poucas ou nulas posibilidades de conseguilo propósito. Todos aprenderamos cousas novas do volframio, de técnicas e de ferramentas. Pasar un día á sombra, ou os que fosen, era o que menos lle importaba a aqueles *ninguén que chegaran de ningures*, famentos, desdentados, de rostro estarecido, que nada tiñan que perder.

Novas máquinas furaban e furaban no monte. Había tantos buratos, que calquera tiña perigo de caer nun abismo negro onde nunca o atoparían. Moitos desapareceran e déranse por mortos, seguramente caeran nunha falla ó fondo do averno. Sen día nin noite, nun conto de deuses e demos, de lendas do ben e do mal, de historias de salvación e de perdición, xigantes toupas, abriran a terra en canal, destripáranla para roubárllela pedra negra. Facendo un burato no medio das rochas, botaban os barrenos de dinamita, prendían a mecha e fuxían berrando: lume, lume, lume, ardendo. Logo zoaban polo aire —dentro ou fóra das galerías— unha manchea de pedras, moitas de volframio.

Por culpa daquela perturbación mineira, os costumes da cidade chegaran á aldea, onde estragaran e tombaran tódalas ordes xerais, coa leria de furar e furar na terra.

Ós donos das minas só lles interesaba vender mineral, viñese de onde viñese, a quen máis o pagase, con cartos de curso legal ou falsos, amigos ou inimigos, sen importar, en absoluto as ideoloxías, nin a forma de apañalo, moitas veces untados cun bo sebo.

Na memoria da comarca, *nas polavilas*, a carón da lareira contaban lendas, como a da cova do Can Pintor, a do cimbro da Zarra da Brea, doutras covas e pozos con cóbregas, píntegas e donicelas sentinelas, con escuros lagos e ríos de augas tanto milagreiras coma velenosas, mouros agachados, fermosas fiandeiras termendo de galiñas con pitos de ouro, ou valentes *ciprianillos*, sen medo das sentinelas nin de caer nun pozo de alcatrán, que polo negro que era moitos crían que sería un mineral traidor, de modo que o atopalo aínda que parecese unha boa sorte ó final sería un mal augurio. Os polavileiros arrepiaban diante daqueles contos e misterios! Segundo a lenda houbera unha cova no Corpiño, onde uns pastores, logo de ver unha luz, atoparan o corpo incorrupto dun santo ermitán, soterrado no Monte Carrio. Eran tempos remotos nos que os cristiáns foran perseguidos polos árabes. Din que é o lugar onde se ergue hoxe o santuario da Virxe de Corpiño. Mesmo había outra cova tamén moi secreta e enigmática. Segundo a tradición, indo por Gundián e San Xoán da Cova, pasaba por embaixo do Río Ulla, para rematar nas covas da Raíña Lupa, no Pico Sacro, e tiña unha catedral soterrada, regatos de augas limpas e unha lagoa de augas sulfurosas que utilizaran os freires de San Lourenzo de Carboeiro para curar moitas doenzas.

Un día zanfoneando atopei a camisa dunha cóbrega e logo, buscando adrede —xa que as cóbregas son as sentinelas de cousas agachadas— atopei a entrada dunha cova, cuberta por unha pedra grande e pola bouza, era a Cova do Can Pintor que din as lendas, habitadas por un can que pinta nas paredes igual ca nas Covas de Altamira. Con moito tino, por se viña a sentinela, atopei unha fenda estreita e entrei. Eu non tiña medo. Alí presentóuseme a cova, cun pozo agachado. Ninguén sabía nin da cova nin do pozo. Certo que tiña un tesouro: dous filóns ricos en volframio. Os mellores de calquera mina! De seguilos había o perigo de caer nunha falla, ou en augas envelenadas, ou nun pozo de alcatrán. Xa morrera xente pola súa culpa. Mesmo, con sorte, poderíanse atopar outras augas limpas.

Aínda que era moi novo para comprender moitas cousas entre os homes e as mulleres, si era moi entendido nos negocios do wólfram, naquela guerra do marco contra a libra, o dólar ou o franco. Sabía case seguro quen compraría o vindeiro cargamento de mineral e se o levarían a Alemaña, a Inglaterra, a Estados Unidos, ou, o máis seguro, ó fondo do

mar. Todo andaba do revés; sorte que eu, criado e leiteiro de Fontao, coa miña información de primeira man, era quen de asegurar que, cando a camioneta Fargo, cunha cruz gammada no toldo, arrincara camiño de Vigo, co volframio mercado polos alemáns, podería rematar guindado a carón dos galeóns de Rande ó ser mellor pagado pola Mala Real Inglesa.

Moitos feitos e anécdotas daquela xeira confirmeinos co paso do tempo. Galicia, especialmente Vigo, era un gran *fervedoiro de espías* alemáns, norteamericanos e ingleses, pero, para quen espiaban os españois? Para axudar ós barcos e submarinos xermánicos, pois por terra, por Canfranc, invadida Francia o transporte faise sen problemas. En Guitiriz e nas Rozas construíranse dous aeródromos co apoio das antenas de *Telefunken* en Cospeito. En Santiago os bancos facturan a meirande parte do mineral a Barcelona. Vigo procesa o fluxo marítimo, aínda que nos primeiros tempos a saída de Corcubión dun mercante chamado *Werra* desencadeou unha batalla aérea entre un *Avro Lancastrer da RAF* e dous *Junker 88 da Luftwaffe*.

Outro método de exportar volframio era cargalo nuns camións Fargo ou Man, camiño de Vigo para Alemaña. Pero o destino posterior era toda unha incógnita. Moitas veces nunca chegaba a Vigo, pois na Ponte Sampaio viraba a esquerda, á beira do río Verduxo arriba. Sempre coincidía que antes subiran unhas gabarras con soldados alemáns que ían descansar das angustias da guerra —o repouso dos guerreiros—á casa dun teutón (coa bandeira alemá izada fronte ó castelo de Soutomaior, onde alguén izaba a americana. Uns días despois no ceo aparecían uns globos vermellos. Dicían que eran globos meteorolóxicos, pero en realidade a súa misión era alertar ós submarinos de que xa tiñan o mineral disposto. Rematara o descanso. Os soldados saían da casa, camiño das gabarras, levando ás costas unhas caixas. Ben frouxos debían anda-los pobres, porque, malia o pequenas que eran, case non podían con elas. Ninguén caía na conta do que pesaban, certo que frouxos non estaban. As caixas levaban o máis pesado dos metais: o volframio!

Outras anécdotas curiosas. Nunha ocasión os ingleses, sempre amigos dos portugueses recibiron volframio por mor dun pintoresco sistema. Na fronteira armábanse frecuentes liortas a pelouradas entre galegos e portugueses, mesmo o que arrebolaban os galegos eran pelouros de volframio. E diante da propia Garda Civil! Outro día no Alto da Rocha un pai e o seu fillo fuxían nunha camioneta coa Garda Civil tras deles. A camioneta era vella, xa non tiña folgos, de modo que, o pai nervioso mandaba ó fillo:

—Acelera, meu fillo, accelera! Corre máis, ho?

—Xa corro meu pai, pero esta *callampa* non dá de si e se corremos máis vainos cae-la caixa de cambio.

—Pois deixa que caia. Á volta recollémola.

En Fontao todo o mundo botaba a casa pola fiestra. Os anos pasados foran do máis ruíns que se poden dar, o presente, moi presente, había que vivilo a canto dese, seguros dun futuro de riqueza.

Unha quentura moi contaxiosa: *a febre do ouro neghro*.

Ninguén pensaba na Guerra Mundial, nin en que podería rematar, e moito menos importaba quen a gañase. Aquilo ficaba lonxe. Un lindo ver. A filosofía viña sendo a do refrán: *mentres o pau sobe e baixa o lombo descansa*.

Nas minas había xente que imponía moito respecto, mellor dito medo. Eran tempos gobernados polas trompetas e polas campás, dende a Ditadura e dende o Vaticano, nos que na *Adoración Nocturna* se inquiría a lista dos que non comulgaran pola *Pascua Florida*, de modo que as *brigadas do amencer* os levarían de *paseo por erros do demo*, pechándolle-los beizos eternamente.

Moitos sucedidos zafábanse da miña observación e rebulían fóra do meu entendemento. Mais outros, os que eu considerei sobranceiros pasaron a integrar o meu caudal de memoria, dun xeito permanente, xa que logo remoía neles, con minuciosa análise e detallada discusión, chegando a dogmáticas conclusións. Digo dogmáticas porque levaban a que todo eran faltas á verdade e mesmo crimes elevados a doutrinas pola Ditadura coa aquiescencia do Vaticano.

Así, don Guillherme, alcumado *don Inguiniero*, o sarxento da Garda Civil, o *Sarxento Escopetas*, o alcalde, o *Matapiollos*, e outros —abondo deles—, con estouro de ruíns do todo, encargáronse de que as cousas do día seguinte, que para moitos xa tiñan sucedido, para eles nunca sucederan. E todo sen outra culpa que pertencer a un *contubernio xudeu-masónico, marxista, stalinista, leninista, comunista*, e que sei eu que restra de termos —igual que os repetía o corvo do ferreiro de Sabrexo—. Noutras palabras, andaban a arrincar e queimar a semente das herbas do demo, contrarias ós principios ditados por Deus.

De don Guillherme, duns corenta e pico anos, casado, sen fillos, rexoubábase que fora militar e que non podía telos por culpa dunha ferida na guerra de África que o deixara fanado igual cós cochos: capado. Que medo me daba, que mal soaba capar!

Tamén de mala sona era o sarxento da Garda Civil, *José Sevillano Sevillano*, de alcume *Sarxento Escopetas*, porque trabucaba todo, ó fusil chamáballe escopeta, á pistola revólver, ó coello lebre, á besta burro; con eses lerias o arremedaban e burlábanse: *sarxento escopetas que fala coma un larapetas*, ou *sargento sevillano que sólo habla castellano*.

Outro que facía tremer con só escoita-lo seu nome era o alcalde, o *Matapiollos*, home da terra que trocara o traxe de labrego pola camisa azul. Asinaba (a morte dos *roxos piollosos*) coa pegada do dedo matapiollos da man dereita, aínda que antes da guerra asinara coa esquerda, mais agora fixérase de dereitas. Tanto tiña!

Tamén había un médico, don Fernando, de alcume *Don Corazón*, era novo, e como médico non tiña sona. A xente latricaba que só receiptaba aspirina, mesmo para un orizó. Din que o *ordenaran de médico* por vir da guerra co grao de Alférez Provisional, grao co que gustaba poñer firmes a máis dunha ducia de gardas, incluído o seu máis alto mando, o comandante do posto, o *Sarxento Escopetas*, igual que se tiñan que poñer cando lles pasaba revista o señor cura, ó que lle rendían as honras de regulamento.

Eu falaba de cote cos prisioneiros do *Destacamento Penal*. Sempre me facían caer na conta de ben de cousas. E non precisamente outro elemento, Cañeto, que quen sabe o demo de onde viñera, seguro que de máis acolá de Despeñaperros, e segundo o refraneiro tiña que ser mouro: *de Despeñaperros para abaixo todos mouros*.

Cañeto, alcumado así pola moita caña que destilaba, era o home con máis bigotes da comarca, cucufate, moreno, xurafaz —igual cá meirande parte dos homes das minas— e trengo abondo. Malia ese tipazo, comezou a facerlle as beiras á miña curmá, a vinculeira. Cañeto, segundo me informaran era mouro, da Garda Moura de Franco, que o colleran nun renuncio fumando na compañía da muller dun Grifo, *fumando grifa*, e por iso o tiñan preso no Gurugú. Un bo elemento, un brazo executor da xustiza, non a dos xuíces senón a de particulares. Mesmo, por encargo, daba unha tunda por mil pesetas, que partía unha perna por dúas mil, ou esmendrellaba a quen fose. O seu nome ninguén o sabía, pero quedáralle na fala un acento propio que lle oíra a outros mouros, amais de que alguén o escoitara falar en árabe. Non semellaba que tivera boa sorte a miña curmá Anxélica, aínda que a ela lle gustaba, entre outras cousas, porque falaba nun estraño castelán. Ós *outros* non lles gustaría o Cañeto, que, amais de feo —por culpa dun sinal na cara—, era laceiro e desamañado,

de ollos pequenos de rato, mesmo agudos de lagarteiro, sempre coa súa navalla de sete estalos no peto.

Ós da casa había outros que lles gustarían menos: os detidos políticos. De ter que elixir a algún de seguro que elixirían ó Cañeto, pois os detidos políticos tiñan sona de ser do máis ruín que dar se pode, amais de roxos, comunistas, asasinados, e que, de non ser polo Caudillo, que acababa de forxar unha Nova España, a que por culpa deles, estaría agora escachada en varias nacións do demo, sen lei nin xustiza nin Deus.

Os outros non se decataran de que Anxélica botara mozo e menos quen viña sendo. O Cañeto foi un trunfo que me deu moitas bazas. Se ela non se guiaba por min ameazábaa: *se non fas o que che mando acúsote ós da casa do que andas a facer con Cañeto*. Dáballe unha trompada e quedaba calada. Que gusto me daba! Poñía ollos de pena e a boca de parviña, o mesmo cós animalíños. Amais eu aínda lle rillaba polo baixo. *E se lle contas algo ó Cañeto, direille a el que ti es unha churriana*. Estas palabras, que eu oíra, que non sabía o que querían dicir, eran o detonante. Diante delas, saía correndo e botábase a chorar. Chorar era o único que sabía facer. Ela, man sobre man veña a pianxar, e eu coas dúas mans veña traballar. Algunha compensación tería que ter.

AS FEIRAS

Como xa dixen, ás veces lataba. En vez de ir á escola ía á feira. Coa desculpa de leva-la besta á zarra, cargaba ó animal con corenta libras de wólfam e alá ía. Outras veces non a podía levar, por tela ocupada o señor cura noutras faenas, de modo que só, cargado con oito ou dez libras de mineral e de caruncho, collía camiños inextricábeis, enmarcados de silvas, toxos e arcadas de triunfo das campañas purpúreas dos estalos por San Xoán. Polo caruncho pagaban máis de cento vinte pesos a libra ou douscentos cincuenta pesos o quilo (segundo o sistema métrico decimal que nos andaba a aprender o mestre), e outro tanto polo volframio, pero claro, o cornello avultaba moito e pesaba pouco ó revés que o *bolfro*. Tódolos prezos mudaban da noite para a mañá, chegando a pagarse a mil pesetas o quilo de ámbolos dous.

As feiras non eran o mellor lugar para a venda do mineral, pero daquela eu, un pequerrecho, non tiña outro mellor. Amais era o único lugar para vende-lo cornello.

Eu falaba decote coa xente das minas, polo que sabía moitas cousas e troulas, e andaba a caer na conta doutras. Xa se me apegara o xeito de falar e de negociar dos chambóns e dos tratantes das feiras, que eran os máis baixos da cadea. Logo seguían os estraperlistas, todos fóra da lei. Eu sabía dun, o dono dunha tenda de ultramarinos, que se fixera con moitas cartillas do racionamento, por mor de poñer unha píntega a carón das botellas do aceite, asegurando que o animal viñera dentro dunha. Dese modo a xente tiña medo dunha desgraza e non collía coa cartilla do racionamento o aceite que lle correspondía. O chirlán fíxose rico vendéndollo a xente de cartos. Tamén eu para lles meter medo, levaba unha pel de donosiña. Boh! Medo non lles metía, todos sabían quen era, Tarabelo do Cura.

Ó chegar á feira o primeiro que facía era prende-la besta nunha argola a carón doutras, logo metíame de patas no formigueiro. Gustábanme aquel rebumbio de xente, ofrecendo cousas a berros: os tratantes de gando cos seus sombreiros para que os viran, os afiadores —tocando o chifro e afiando o que se lle puxera por diante, reparando paraugas e poñéndolle remendos de lata ás cazolas—, os zoqueiros, os albardeiros, os postos de froitas, verduras, sementes, gando miúdo, porcós, vacas, cabalos, rosquilleiras, vendedoras de melindres, polbeiras, adiviños, cegos a cantar traxedias e vende-las letras, Barriga Verde, que eu sei que morea de cousas!

—A ver, milhomes, ti, o dos mocos —chamou por min un tratante que xa me tiña enfiado doutras feiras, coa romana na man, na procura de estafarme no peso. Daba en óso duro, pois se cadraba estafábao eu e lle metía matute—. A ver que mineral traes hoxe? Non asemella ruín do todo. Dez libras.

—Ostrás! Arre codia! Hai que pesar mellor.

—Pesar mellor? Ben pesado está. Esta romana é máis certa que a morte.

—Pois eu creo que non. Aínda que, canto quere pagar vostede?

—Son dez libras, a vinte pesos. Toma, cen pesos.

—O carallo vinte e nove! Élle do mellor mineral de Fontao, non está queimado, non ten titanio, nin ferro..., vexa o seu negro brillante, o seu peso...

—Moito sabes, rapaz. Amostra.

—Interésalle ou non? As súas contas non cadran coas miñas. Onte na Brea andaba a máis de centovinte e dous pesos a libra, e o meu é do mellor. E vai subir de contado. Por min non se apure, hanmo de mercar.

—Boh! Tamén vendería á miña nai por ese prezo! Que me vas dicir ti a min, chingán do carallo!

Eu, nin caso. Viraba a cara para onde tiña o cu e marchaba. O tratante ó me ver tan seguro recuaba:

—Ouh, volve, rapaz! Ofrézoche vinte e un pesos.

—Menos de vinte e cinco non hai trato. Aínda que logo podemos amañar. Vexa que cornello? Por trescentos vinte pesos é seu, vale polo menos trescentos cincuenta, e o mineral a duascenas corenta pesetas o quilo, son catro billeteños xustos —amezaba mesturando pesos con pesetas e libras con quilos, cando outro feirante pasaba berrando:

A velo, a velo!

A velo cornello!

—Eh, meu! —impacientábase o tratante—, volve, ho! Imos arranxar. Como lle vou dar de comer ós fillos? Ti sabes, un barreneiro de primeira gaña un peso por día, un albanel tres pesetas, un peón unha peseta por día, un cuartillo de aceite custa cinco patacos, unha libra de pan trigo catro, unha libra de carne catro reais, unha libra de...

—Ostrás! A min que me conta. Non tivera fillos...

—A ver logo. Canto queres?

—Xa llo dixen. Todo son trescentos vinte pesos do caruncho e catrocentos oitenta pesos o mineral, total, catro mil pesetiñas.

—Andas ben de contas para ser tan novo —botaba as contas polos dedos—. E logo ti de quen vés sendo? Choca esas cinco. Levas razón! Trae o mineral e o cornello. Este pequerrecho! Xa saberás que é ter fillos!

Sempre me laiaba do barato que vendera. A cada feira o prezo era ben máis alto!

E mercar era preciso mercar con tino. Lembro unha feira na que merquei claudias papanduxas e rematei cunha cagarría.

A das Cruces era a feira que máis preto me quedaba.

A da Bandeira era a de mais sona e divertida. No verán daba gloria de fresquiña, no medio da carballeira.

Logo había outra de sona, a de San Martiño da Estrada, polo que, xa que logo eu tiña cartos, fun acolá. Collín un coche que me levou á Bandeira, onde subín a *La Estradense* e fun parar á Estrada. Aquel día só levei cornello, pois escoitara que acolá o pagaban mellor. E era certo.

Chamaron a miña atención as reatas de mulas, a última cunha choca atada ó rabo. Din que as mercaban os arrieiros.

Que vila máis grande A Estrada! Era a máis grande que eu vira daquela. Os nenos do meu tempo todos de pantalón curto, e os máis medrados de bombachos. Mesmo tamén había soldados.

Lembro aquel día, que eu enredaba no portal dun zoqueiro, cando chegou un estraperlista que xa vira polas minas. Acorando entrou na tenda e pediulle ó dono que lle gardara unha caixa vella, das dos zapatos. Oín que lle dicía por favor, agache esta caixa, logo volverei por ela. E se non lle importa, quixera saír pola porta de atrás. Acabado de fuxir pasaron uns soldados desfilando e logo chegaron dous gardas da civil. Preguntábanlle ó zoqueiro polo home; asegúroulles que alí non entrara ninguén. Pasados os anos atopei ó estraperlista en Madrid, e intereseime polo remate do caso. Quedou abraiado de que eu soubera aquilo! Que de voltas dá a vida! Pasado o tempo el e mais eu, tivemos un negocio do ladrillo. Pero, o extraordinario do caso, segundo me contou, foi que pasados dous anos volvera pola caixa. O zoqueiro aínda a tiña agachada, sen tocala, chea de *billeteños* —como lle chamaban ós billetes de mil—. Que xente de palabra debía ser aquela da Estrada! E que malleira me deron por andar desaparecido o día enteiro! Todo por ter que volver na trosma de *La Comodidad*. Si que era lixeiro e cómodo! Polas costas arriba seguro que eu corría máis co meu *coche de liña*.

MARTE E LORENA

Mollado ou enxoiito, tódolos días levaba o leite ás minas, á casa de Lorena e Marte Halleröder. No ruxerruxe da xente por te-los mesmos apelidos, eran irmás. Pero eu sabía que non. Lorena, casara co pai de Marte polo tanto eran madrastra e fillastra, cos mesmos apelidos pois en Alemaña as mulleres levan o apelido do home.

A súa casa, de casqueiros, era das máis grandes e das poucas que tiñan auga e luz. Din que a auga pertencía a un antigo bebedoiro do gando. Latricaban que era unha taberna, coma moitas outras, aínda que naquela había un espectáculo de *baile flamenco*. Case todos aqueles negocios e tamén as casas (a nosa tampouco) non tiña corte para ir por fóra, e os clientes das tascas víanse obrigados a ir entre o millo. E falando de ir por fóra, un día de xuño fun eu. Atopei tres billeteños nunha morea ateigada de pebidas de cereixas e vermes coma as miñocas da pesca, que chamaban lombrigas. Alguén que se limpara con eles. A miña curmá tamén as tiña,

por elo lle poñían lavativas. Lavei os billeteños ben lavados con auga e colonia. Téñoos gardados con outros que atopei despois.

Entregaba o leite pola porta de atrás, e sempre lle daba o encargo de que o fervesen para que non callase, encargo que a min me encantaba, pois ás veces Marte dábame un cacho de pan con tona e azucre por riba. Que rico estaba! Á porta chegábase por unha escaleira con tres banzos e un pórtico cuberto de lado a lado, onde tendían a roupa e o adornaban con testos de plantas e flores. *Os outros* criticaban para que querenían aquelas plantas só con flores que non daban froito. Que perda! De portas a dentro, a casa do leite chamaba a atención por ter unha cociña eléctrica, con vertedoiro e billa con auga. No vestíbulo, diante da cociña había un moble no que colgaban un *plexiglás*, unha gabardina, dous paraugas, e a seu carón unha xerra e unha almofía. Un día quedara una porta aberta e vin unha estancia pequena cun tallo branco, que logo andando o tempo souben que era un retrete. Nunca pasara máis a dentro, pero escoitara uns estraños ruídos, coma ratos roendo dentro dun armario e unha música tocada por moitos instrumentos nun lugar onde non caberían máis de tres ou catro músicos. Máis alá só pasei un día, ó sobrado de onde viña a música, pero foi todo tan decontado que só lembro que toda a música saía dun funil. Tamén vin pinturas con marcos nas paredes, sen imaxes nin estampas da Virxe, nin de santos.

Se petaba na porta e tardaban en abrir, o meu corazón choutaba e invadíame un non sei que de ledicia. Xa sabía que abriría a outra, Marte, a máis nova e guapa. Que boa moza! Delgada, ben parecida, de pelo trigueiro, xa a presentía trala porta e axexaba polo ollo da pechadura, vendo como botaba pos na cara, que a facían parecer colorada. Logo, ó abrir, manaba un recendo a non sei que, que me abraiaba. Era unha muller escintilante! Case sempre vestida con chambras de flores, saias de voo nesgado, ou de tubo, e aínda —o nunca visto!— pantalóns moi axustadiños, en escarpíns e pantuflas. As súas saias asemellaban —aínda que menos aparatosas— as que levaban outras mulleres, que falaban alto, rían a cachón, sempre ledas —coma os borrachos—, que chamaban *bailaoras*.

Marte amais de falar comigo en galego, tiña unha voz doce e cantareira. Iso si, as dúas abafaban igual, pero Marte, para o meu entender, era unha visión anxelical, celestial. Un encantamento! Aínda máis cando me falaba: *Pasa, filliño, pasa meu astro*. Tiña a manía de me chamar *meu astro*. Entraba na cociña e deitaba o leite nunha pota. Ás veces, tamén levaba unha ducia de ovos que poñía nun prato. Pola Pascua levaba unha ducia

tódolos días, ata que os rexeitaban porque non os daban comido. Logo viña un oveiro e levábaos todos, dicían que a Madrid.

Marte coidaba de min coma se fose o seu fillo. Asoábame os mocos —eu era moi mocos, sempre coas candeas verdes asomadas saíndo polos buratos do nariz—, lavábame a cara, se chovía secábame o pelo, amañábame, axustábame ben a cinta do pantalón —que tocaba con noxo— e prometíame mercar un cinto novo, de coiro. Logo despachábame cun bico.

Algúns días Marte collía o leite lixeira e axiña pechaba a porta. Neses días a súa aparencia era ruín, daba pena vela, parecía outra, meditabunda, ausente, no medio da porta aberta, mirando ó ceo, con bágoas nos ollos, sorbendo os mocos. Eu rabiaba de xenio, dábame ganas de chorar, pero eu nacera home e xa me aprenderan de que os homes non poden ser choromicas, coma outros da escola. Os homes non choran! Deixaba un cheiro a non sei que, murcha, esbrancuxada, con grandes olleiras, atrapallábase na fala e atafegábase con tose de can. Mal vestida e peor aseada, as medias rachadas, en biso e bata vellas. Daba a impresión de que non fora á cama. Ben se vía que se atopaba mal. Moi mal. Unha pistraca.

A outra, a señora Lorena, era guapa e elegante. Se abría ela, víase que viña dereitiña da cama. Adurmiñada, co seu despeiteado pelo roxo, os ollos cargados de borrhanchos, cheiro a augardente e un pito na boca. Os seus peitos apertados na chombra, subindo e baixando, coma globos en permanente actitude de ceibarse, levaba pantalóns e por riba unha rechamante bata rosa. Falaba con voz rouca, case de home, con moitos erres. Se viña ela a abrir, non precisaba chamar á porta. Parecía que durmira xusto detrás, cun ollo aberto e o outro pechado. O caso era que, só co tintinar da caldeireta e o choquelear dos zocos nos banzos, xa abría. Ou era que tiña medo? Ou estaba a agardar por alguén? Eu xa o sospeitaba porque un día o carteiro coa bicicleta entregoulle unha carta, logo de lela a todo correr, quedou compracida.

Unha mañá, cando o rengue de traballadores, cos seus picos e lanternas, dirixidos polos capataces, entraban na bocamina, chegou un *fotingo* do punto do que baixou un home cunha maleta dunha forma rara, non era coma todas, logo souben que era a funda dun violín. Lorena abriu a porta toda ben amañada, cun vestido de tubo, tan peiteadiña, qua hasta o último pelo estaba perfectamente descolocado caéndolle pola fronte. Chovía ó revés. O home, molladiño coma un pito, cun periódico tapando a cabeza, chegou á porta canda min. Era baixote, máis baixo que Lorena, de ollos felinos verdes e pel morena e pouco pelo tordo, coa curota en

cuarto mingunte. Lorena, ó velo choutou leda. Con desconfianza, fitou a un lado e a outro, non había ninguén, só un can famento e mais eu. Facendo caso omiso de min, botouse ó home con ardentía, con grandes apertas e bicos. Así entraron na casa, deixando un xornal tirado na porta. Era *El Compostelano* do 11 de novembro de 1942.

Pasado algún tempo, non lembro canto, unha fonda preocupación deixou en min unha conversa que lle oín a Marte e a Lorena:

—Ouh miña madrastra —dixo Marte— seica perdíche-la regra? Meus parabéns. Xa sabes que agora cómpre que non comas froita, nin que molles os pés. Aquí nas minas din que ás preñadas non lle presta.

Lorena contestou algo que non entendín, coido que en alemán e con cara amolada, ó que Marte respondeu:

—Que mal xenio, claro que me importa, xa que logo se enfermas quen vai mirar por ti e polo meniño.

Que relación habería entre ser madrastra, perde-la regra e ter un meniño?

A ESCOLA

Chamábase *Escuela Unitaria de Niños*. O mestre era moi querido, pois amais da escola para nenos pola noite ensinaba ós pais. Sempre falaba e nos aprendía en castelán. Amais de nos aprender a ler, escribir e as catro regras, tiña outras teimas: ler un relato de *Don Quijote de la Mancha* (*Don Caixote do Lixo* traducino eu ó portugués), aprender ben de Relixión, o *Manual de urbanidad y buenas costumbres* e non nomear nunca os buratos de abaixo nin o que fan. Malia todo á saída moitos berraban inconscientes: *maricón o último!*

Ó entrar na escola, pola mañá, notábase un cheiro a fume de lareira proporcional ó número de cativos que foran aquel día. Na porta xa comezaba a aplicación das regras de urbanidade e bos costumes, cando o mestre buscaba a roña: *no os basta con la hierba que tenéis en el campo, un día de estos se podrá segar detrás de vuestras orejas y debajo de las uñas*. Ó que llela atopase xa sabía que levaría coa regra nas propias unllas ou onde cadrase. Un día tomouna cun neno que levaba as unllas dos dedos maimiños longas e negras, como levaban a meirande parte dos homes, que lles servían para cun peculiar movemento prega-lo extremo dos pitos. Tamén na escritura vixiaba moito usar só a man dereita e nunca a esquerda.

Logo de rezar un *Nosopai* diante de Franco, de Xosé Antonio e do crucifixo (por esa orde), seguía coas clases da urbanidade, aprendéndonos a colle-los cubertos —sen cubertos—, o modo de usalos para comer —mesmo non habendo que comer—, non falar coa boca chea —chea de que?—, nin bisbar —segredos en reunión son de mala educación—. A xente latricaba que eran *mariconadas* nas que non pagaba e pena perde-lo tempo. Outra regra de educación era que cando un se cruzase cun home de traxe, que falaba castelán, había que saca-la gorra e dicirlle: *¡usted lo siga bien!* O mestre insistía en que lésemos sen falar palabra nin move-los beizos, xa que iso eran sinais de incultura.

Certo que a min aquelas *mariconadas* axudáronme moito na vida.

Eran os costumes da urbe levados á aldea. Moitos dos que viñeran ás minas trouxeran á aldea o deterioro da cidade. Eu non comprendía que mentres os nenos rusos ían as garderías os nosos non podían ir á escola por ter que torna-lo gando e outros traballos. Eramos unha aldea moi urbanizada, cutre e salvaxe. O mestre, consciente de tan singular troco, polo menos intentaba aprendernos aquelas regras nun desiderátum de desterra-la roña, e canda Giner de los Ríos soñaba: *la mugre... déspota absoluto de España... ¡Qué cosa más espiritual que barrer un pueblo!*

Amáis do cheiro a lareira, ó lembrar a escola vén ó meu nariz o recendo do perfume da caixa dos poliedros regulares e á miña memoria o retrouso-cantiga: ... *octaedro, dodecaedro e icosaedro*. Que palabras máis rechamantes! *Icosaedro!* Que recendo! E tamén a lección de matemáticas dos números decimais periódicos puros (PP), de modo que diante dunha fracción irredutíbel (é dicir, a que o numerador e o denominador son números primos igual ca eu e Anxélica), non hai quen dea simplificado máis a cousa e Anxélica leva todo: os Reis, a herdanza... Malia a min me gustaría máis contar con decimais exactos e non con PP, así non habería necesidade de face-la división.

Era pavelo o mestre! Que medo que lle tiña ó inspector! Sempre vixiando que nos aprenderan en castelán e ben de relixión. Se se presentaba na escola aquel home de bigotiño, ben empaquetado, todos sabían que me preguntaría a min. Aínda que latase abondo, eu era o que mellor falaba o castelán e o que máis sabía de relixión. Non en balde eu era fillo dun cura.

Na escola, ríanse de min porque non era quen de ir de *tralla* (subido detrás dun coche), cousa que para min, non tiña ningún mérito. Tamén se rían porque non comprendía as picardías, pero tanto tiña, eu no resto ríame deles en todo. Bailaba o trompo mellor ca ninguén, era o rei dos

bechos, mesmo xa fendera algúns; ás bólas todas ó meu peto, nunca quedaba de pandote e sempre gañaba á estornela; cando botaba a voar unha hélice de lata cun carrete de fío era todo un espectáculo. Pola envexa que me tiñan queríanme mal. Atrasados e *sarabajos* que nin *á de naipe* sabían saltar! Desmemoriados, nin as ladaíñas da chepa lembraban; eu llelas tiña que cantar:

*Á primeira, sen chiscar nela,
á segunda, cuada que te confunda,
á terceira, xeonllo na terra,
á cuarta, chulada que che parta,
á quinta, palanquín,
á sexta, chupa esta,
á sétima, deixo e recollo a miña facenda,
á oitava, palmada, palanquín e cuada,
á nona, agárrate á miñona...*

O MEU AGOCHO DE FENTOS

Eu, inquisidor que era, albiscara unha chea de cousas das que ninguén dera conta.

Coma tal, que Lorena tiña un home agachado. Ou logo, de quen viña sendo o calzón que tiñan a secar no tendal? Eu mesmo o vira cos meus propios ollos. Foi un día que ninguén me abriu a porta. Escoitei. Oín música, igual ca a que xa oíra moitas veces. Pareceume que alguén se laiaba. Tentei o manubrio, turrei pola porta e abriuse. Enriba dunha cómoda vin un estraño trebello cunha rodiña estreita e negra, coma o volframio, que viraba e botaba a música por un corno, funil, ou algo así. Lorena, tirada na cama, espernexaba defendéndose do home, que se lle botara enriba, nunha postura que non comprendín, mentres ela pianxaba. Fun eu logo quen salvou á señora Lorena das labazadas que lle zoupaba o home. E el ben sabía que estaba a facer mal, pois ergueuse axiña e desapareceu. A señora nin as grazas me deu. Creo que non lle gustou a miña aparición. Sería un caso igual có de Manolo Segundo, que bouraba decote na súa muller e ninguén lle dicía nada, pois unha vez a avoa —sempre vestida de negro e cambada— chamoulle a atención e aínda tivo que escoitar da propia filla:

—Mire mi madre, vostede non se meta. É o meu home e ten dereito ó que lle dea a gana. A ninguén lle importa.

Sempre ía calor na nosa lareira co cepo sempre en ascuas, cutre, escura, triste e chea de pulgas. Tiña o teito tan baixo que había que andar encollidos con perigo de bater coa cabeza na cambota e botar chepa. Desa forma, para non botala, amais do pouco caso que me facía a miña candongueira nai, ó ir medrando, mudáronme ó faiado, xusto embaixo do cumio, pois no resto da casa non cabía.

Acolá enriba todo era marabilloso. Por entre as tellas vía as estrelas, os lóstregos, as lúas baixas de verán, altas de inverno..., solitario pasaba o tempo. Decote contaba os meus cartos, xa máis de vinte mil pesos, amais de mirarlle os *santos*, repasaba todo e lía libros. Tiña algúns particulares: unha *Enciclopedia*, de Álvarez, a *Historia Universal*, de Moreno Espinosa, *La Venganza de don Mendo* de Muñoz Seca, e *El Príncipe*, de Maquiavelo, e *Suspiros N'a Terriña* de Pepe Xan Baña, estes dous que llos liscara ó *señor cura* un día, no torreiro da festa, que fixo unha cacharela cun loro xurafaz que falaba pestes dos curas e unha morea de libros malditos que atoparan na casa dun indiano que viñera de Cuba. O último o de Pepe Xan Baña, queimouno ostentosamente, ben á vista de todos, para dar exemplo, sen outra culpa que estar escrito en galego. Tan ostentoso estaba, mirando ó público, que non reparou en que eu o liscara. Diariamente pasaba revista ás miñas *xoias*. Escacarelábame no medio da noite lendo a don Mendo. Logo, ás veces, no lugar menos apropiado, lembraba a súa vinganza, de modo que para non botar unha risada—sen motivo e que me tomaran por tolo— para disimular, apertaba os dentes nun riso sardónico. Mesmo as lembranzas máis paveras sempre me asaltaban en situacións especialmente inoportunas, axudando á misa, no rosario... Pero que importaba, tanto tiña que me tomasen por tolo, faría honra ó meu alcume de *tarabelo*, gozaba cando, mirando cara a min, a xente viraba o dedo furabolos contra a sen.

Foi daquela cando Lorena denunciou a desaparición dun home alemán. Houbera un tiroteo, xusto o día antes a que eu atopase o casco dunha bala.

Había tantos buratos no monte, que puido caer nun. E eu sabía onde!

Daquela gustaba de xogar ós fuxidos. Aínda que a xente fuxía deles, eu non lles tiña medo. Ó meu entender eran uns valentes. Gustaríame atopalos e falar con eles, así que andaba só polo monte e aínda fixera un agocho con fentos, no medio duns charparros, onde pasaba o tempo á súa espera.

Dende o meu retiro, vin moitas cousas que ninguén vira. Gocei daquelas tardiñas de brisa crecha cargada de queixumes dos piñeiros. Escreitei o medrar das colleitas coas ringleiras de puntadas de verde, de prata, ou de ouro asomando no campo pardo acabado de gradar. Imaxinei ó ferreiro co fol a bufar bourando na bigornia. Oín o canto dos eixes no fondo das lamentas corredoiras. Sempre fun un admirador da natureza!

Así, vin pasar ós arrieiros cunha recua de mulas cos pelexos de viño a cada lado, ou aboiando ós bois. Caía na conta da andrómena do cantar baixiño dos arrieiros, ó compás pachorrento e seguro dos carros cargados con bocois de viño do Ribeiro, camiño da nosa casa. Abraiábanme os arrieiros! Si que botaban leguas ás pernas, de Fontao para o Ribeiro e do Ribeiro para algures. Eu coñecía ós dous que tiñan de clientes fixos á taberna de Lorena, ó Matapiollos, ó enxeñeiro e ó *señor cura*. Daquela eran moitos os arrieiros que trataban nas minas, consumíase viño a esgalla con xantares, licores, baile, drogas e mulleres da vida, cousas das que oía falar e que non comprendía. Ou era que tamén habería mulleres da morte?

Lembro con desacougo un día que vin pasa-los arrieiros. Foi o día que desaparecera o alemán. Pararon o carro no medio do monte, colleron un bocoí e guindárono nun pozo. Gardo aquilo coma un gran segredo.

Foi pavelo o sucedido logo, xa que na procura do desaparecido, a Garda Civil, atopou o meu agocho de fentos. Boteime a rir cando escoitei ó *sarxento escopetas que fala coma un larapetas*:

—*Fueron los Foucellas. Es su guarida. Esos hijos de la Gran Bretaña no contentos con robar l'han matao y robao el mineral al alemán. Estará tirado en algún bujero. Hay tantos que nunca s'encontrará.*

A Garda Civil, os gardas das minas, os traballadores, os detidos, os recuperadores, os estraperlistas, os chambalistas, os alemáns, os ingleses, os cans que trouxeran, todos andaron na súa procura e non deron con el. Lorena choraba a cachón. Contou que era un músico que viñera tocar a Santiago coa Orquestra de Cámara de Berlín. Ela, moi afeccionada, asistira ó concerto, fixera amizade con el e invitáralo á súa casa. Pero, por que Lorena andaba tan nerviosa os días antes de chegar aquel home? Por que tanto se estremecera? E que tiñan que facer naquela postura, espernexando coas polpas ó aire, co frío que ía?

As preguntas que me fixen daquela veñen ó caso porque aquel día, lémbrome ben, ó erguerse e recompoñe-la roupa, ó home caeulle do peto unha pluma desas que chaman estilográficas, coma unha que ten o mestre. Eu, axiña dei conta dela. Gardeina no faiado. Pasado o tempo, cada vez que a miro preséntaseme nidia aquela estampa.

Igualiña cá do mestre, pero baleira. Non tiña nin tinta nin nada, só uns roliños de plástico, duros, longos e estreitos, con buratiños a cada banda, cheo de cadriños negros e raias brancas. Que enigmas gardaría? Decateime de que, o que buscaban os alemáns e os ingleses non era ó home senón a pluma e o que levaba dentro.

No día de San Xurxo, correuse a voz de que aparecera un morto. Foi un día que de mañá se presentara de rosas, xa que logo quentaba o sol, cantara o cuco, axiraran os vencellos, asubiaran os gaios e daba gusto ver as cerdeiras ateigadas de flores brancas, a tarde puxera cara de can, pola manda de auga que caera, que por ser abril e cumprir o refrán asemellaba de marzo, de xeito que todo o mundo adiviñaba que non habería cereixas, pois *se por San Xurxo chove, de mil cereixas quedan nove*.

Uns mineiros, por conta doutro retrouso, foron picar xusto debaixo do *cumio dun arco da vella que é onde se atopan os tesouros*, eles pensaron que de volframio, pero o que atoparon foi un home morto, nun pozo que estivera asolagado no inverno.

Nesa tarde, cun solpor nubrado e chovendo, saíron unhas raiolas de sol polo horizonte —o ollo de Deus no triángulo da Trindade pintado no Catecismo—, e presentouse o arco da vella máis fermoso que o propio que vira Noé, o da Arca.

O morto estaba dentro dun bocoi cun violín atado ó redor do corpo.

Lorena, que engordara coma unha vaca —a xente murmuraba que estaba preñada—, identificou as súas pertenzas, en particular o violín, pois o corpo, segundo escoitei, non había quen o recoñecese do podre que estaba.

A muller chorou tódolos chorares e, contra do que se puidese pensar, a xustiza non a inculpou. O *señor cura*, coa orde do xulgado, mandou soterralo no cemiterio civil, aínda que antes un médico ó que lle chamaban don Florencio, ou *forense*, con outros homes ben empacados de traxe e gravata, estiveron co morto máis dunha hora, pechados no caseto do cemiterio. Na pipitela da xente tanto os ingleses coma os alemáns andaban a osmar algo ó redor do morto. Xa que o morto fora o propietario da miña pluma, logo de que todos marcharon fun ó caseto por ver se atopaba algo que me clarexara os misterios da estilográfica. E algo si atopei, unha bala manchada de sangue entre unhas táboas.

Outra peza para a miña colección! Cadraba xustiño co casco que eu tiña!

Ó día seguinte, volveron aqueles homes e o don Florencio. Moi alporizados andaron rastrexando no caseto, á procura de algo que debía ser

moi importante. Escoitei a don Florencio que se desculpaba e aseguraba que tiña que estar alí. De seguro que non. Estaba no meu faiado!

A MALLA

Rematara a escola, chegara o verán, o sol alapeaba alto, as moscas asoballaban e picaban os tabáns. Chegara o tempo da sega, o que me deu motivo para lembrar outro modo de conta-lo paso do tempo que manexan os labregos: as seituras.

Os poucos que non andaban ó mineral e seguían sendo labradores xa segaran a herba seca, a cebada, o centeo e o trigo. Entre eles nós.

Pola fresca, cando as vacas xa non moscaban, eu tiña que levalas á cortiña no cabo da eira, coidando de non lles bourar cunha vara de espiño pois se estaban preñadas abortarían. Dende o agocho de fentos tornaba delas, e a modo de *diaño traste* axexaba cousas, enredaba a gusto e soñaba aventuras.

Un día, polo solpor, presentáronse uns mozos levando un raposo morto, atado polas catro patas, colgado dun fungueiro. Pedían polas aldeas por ter rematado con tal grande inimigo: un raposo de rabo pelado!

Outra tardiña, subido nunha claudieira, vin *ós outros*, que armados de xestas, comezaron a varrer na eira. Colleron logo un caldeiro con auga, foron á corte, enchérono de bosta, remexeron todo e espallaron aquela manxurrada pola eira acabada de varrer. *Deulles unha tolemia* —pensei—. *Primeiro limpan todo e logo van e éncheno de bosta! E bébedos non están!*

Na eira do veciño, a modo de pulos agudos e baixos, igual cás ventosidades dun xigante, zoaban nos meus oídos uns estrondos descoñecidos, que logo pararon. Máis tarde, entre lusco e fusco, na nosa eira entraron dous carros de bois, cargados cuns vultos, que non sei o que eran, pois viñan tapados con cobertores vellos.

Ó día seguinte erguinme trasvaiado, do pouco que durmira. Degoiraba ve-lo que ía pasar. Cando fun leva-lo leite, todo quedaba calmo, mais ó volver, xa que o vento viña de Bodaño, oín un zunir igual co da tardiña anterior. Apurei o paso a canto daba. Dende o portelo do cabo da eira vin un rebulir de xente. Acolá estaban *os outros* cunha chea de veciños, todos moi afanados. Os homes con emporcados panos da man —que algún día foran brancos— atados á cabeza e as mulleres con marelos chapeus de palla, igualiños cós que lle vira facer á miña nai. Enriba dun carro, un trebello, que nun costado poñía Ajuria. Botaba fume e estalaba tan

forte que había que falar a berros. E tumba que dálle, a roda viraba tan axiña que case non se vía. Dela saía unha polea que ía a outro trebello, cun burato que tragaba os monllos levados de man en man, dende as medas. Un brillante cilindro engulía e esmagaba todo, vomitándoo por separado, por un burato os grans, e por outro, que era unha fenda na barriga, con estrondo golsaba palla. Forcadas e gallas entregaban esta palla ó avó, que no alto, con moito xeito, erguía o palleiro. Ía moita calor. Todos traballaban duro e suaban a fío baixo a dirección do pai do cura, de Manolo Primeiro e do propio cura, quen andaba polo medio, a saltos, coa sotana remangada pola cintura. Noutra banda da eira traballaban as mulleres con outra máquina que votaba vento a golpe de veo. Era unha aventadoira, que separaba as cascas do gran.

Unha *señorita* de palla cun ramallo de loureiro no cumio do palleiro indicaba o remate da malla e moita xente a dar boa conta das claudias deixándome a min sen elas, que tanto me gustaban. Non lles chegaba a comida e o viño que lles preparara a miña nai, que traballara arreo para ter todo ben disposto para apaga-la sede e a fame dos veciños malladores.

Nun pispás os eixes dos carros xa cantaban camiño doutra eira.

EXAME DE CONCIENCIA

O dezaoitto de xullo, domingo, eu cumprira sete anos. Aquel día, cediño espertoume o *señor cura* e falou comigo maxestático:

—Alcázchelo estado do Uso da Razón, con maiúsculas. Terás a sorte que non ten calquera: face-la primeira comunión nun Ano Santo, cheo de indulxencias plenarias.

Tiña razón, non imaxinaba o meu pai que o uso da razón xa o alcanzara por Reis, ó guidarme a venda daquela máxica crenza.

Logo dunha intensiva preparación de máis dunha hora diaria, acolá estaba Anxélica, de catequista, falando do mal que se levaba Deus cos homes, por culpa de ter cometido tantos pecados, de xeito que cumpría facer un bo exame de conciencia para repasar todos e poder confesalos. Que mentireira que era a xente, en especial o *señor cura*!

Cando repasei os mandamentos fun consciente de que non abrangue-ría tanto que eu pecara, e por riba ter que confesar tantos e tan mortais pecados. Seguro que o confesor se botaría a min cunha boa trécola, igual que avezaba o *señor cura*, supoño que con grandes pecadores.

Faría unha lista para non esquecer nada.

A primeira noite case non durmín de moer e remoer na conciencia.

Tocante ó primeiro mandamento, decateime de que non podo amar a Deus porque ten sido ruín abondo comigo, e menos sobre tódalas cousas, aínda que amar, o que se di amar, non entendo o que é. Eu non quero a ninguén no mundo como quero a Marte, pero non creo que sexa pecado.

En relación co segundo non entendo por que o Seu Santo Nome non se pode xurar en balde, coma se fose auga dun pozo que se tira dun balde, polo tanto non ten que ver comigo. Amais non son un xurafaz coma o propio pai do *señor cura* e os *Manolos*. E a eles non lles rifa.

Ás voltas co terceiro sei que vou á misa sempre que cómpre, aínda que non dea santificado as festas. Pero este é un pecado do que terán que confesarse o *señor cura* e os *outros*, que me obrigan a leva-lo leite tódolos domingos e festas de gardar. Non tiña igual trato cos da parroquia cando os atopaba a traballar nun domingo ou un día de festa. Tiñan que ter tino de que non se presentase nun resío ou nun camiño e os ameazase, con fortes brados, co lume do inferno por cometer un pecado mortal tan gravísimo que mesmo se podería presenta-la Garda Civil. O caso era que a xente fuxía chispeada. Moito medo lle tiñan ó cura e ós gardas, e non así ó inferno.

E vai ó conto para o cuarto. Á miña nai non lle faltei, e ó meu pai, aínda que todo o mundo saiba quen é, acabo de asegurar que será el o pecadento, por obrigarme a traballar.

Indo polo quinto, eu non matei a ninguén humano, aínda que diga o *señor cura* con eufemismo que *os cuneteados* non eran humanos senón malas herbas —ou *herbas de crego*, como lles chama a xente— que foi preciso arrincar. E ós animais creounos o Noso Señor para o noso servizo, polo tanto non pode ser pecado matalos, e de torturalos non fala o Catecismo.

Facendo as contas do sexto, eu non fornicaba, quero dicir, non andaba no forno, a non ser que fose pecado axudar a botarlle bosta na porta, polas coceduras.

E o sétimo? Contra dese sei que si. Eu era do peor. E que podía facer? Eu rapinaba todo o que caera na miña vista.

Xa que lle toca imos co oitavo: erguer falsa testemuña? Non. Nunca tiven que ir a un xuízo. E mentir? Non digo unha verdade pero ninguén o sabe. Eu ténome que defender. Non son mentireiro. Tódalas cousas estrañas que me suceden son certas.

E para rematar, tocante ós que faltan, ó noveno e ó décimo, non me interesan nin os bens nin a muller dos veciños. E de ir de caza a Portugal,

nada, pois xa oíra berrar á miña nai: *ou pensas que non me decato que o de ir de caza ou a Fátima é para ir de mulleres?* Ir de mulleres? Eu tamén iría onda Carolina, unha nena que será unha muller, pero iso non ten por que ser pecado.

A segunda noite do exame repasei todo o catecismo e comprobei que non falaba nada de rapinar febras da artesa nin de xurar *o carallo vinte e nove* ou outras malas palabras, e as mentiras que eu contaba eran poucas en comparanza coas que contaban todos, especialmente o *señor cura*. De modo que cantou un galo e aínda faltaba moito para rebenta-lo día, o galo mentía, así que raspiñar fora o meu único pecado. Mentir non pode ser pecado cando todos menten.

Á terceira noite decateime de que non era un tan enorme pecador. O retrouso: *o carallo vinte e nove*, non era pecado. Foi daquela que lin de onde viña a conto; fora na Restauración, logo de aprobarse o *Artigo Vinte e Nove da Lei Electoral*, que permitía ós caciques face-lo que lles conviñese, mesmo gañar unhas eleccións. E naquel eido máis ca nunca. Pois eu tamén o faría á miña comenencia: o carallo vinte e nove! Quiquiriquí!

Ben seguro, eu era un santo, non pecara nada. A culpa de que eu raspiñase era das cousas por poñerse diante da vista a carón da miña man. E eu non mentía, só que non contaba toda a verdade. Non faría máis exame de conciencia! Non me facía falta!

Na preparación tamén nos aprendían a botar ben a lingua fóra, sen toca-los dedos do cura ó coloca-la hostia na boca, e logo sen mastigala, enviala nun santiamén, non como facía decote cando comía os recortes que quedaran logo de manexar aquelas especie de tesoiras ou tenaces que cortaba as pezas redondiñas, coma as tonsuras dos curas.

A nosa peregrinación foi o día de San Paio. A pobriña da besta levou unha chea de leguas de mal camiño, cunha calor do inferno, cargando coas duascenas libras de langrán do *señor cura*. Quedou derreada máis dunha semana, cunha amata que lle fixo o arreo con tanto peso. Logo, ó chegar tiven que curala. A pobriña miraba para min agradecida!

—Berroume o *señor cura*, sabes? —faleille na orella—. Di que estás mal acasañada. Bárbaro! Animal! El si que é un bo animal! Ti non podes cargar con tan grande mangallón! As indulxencias do Camiño non serán para ningún crego, serán para os fregueses e para as bestas coma ti. De seguro que irás dereitiña ó ceo. Pero mira o que che traio. Si, son chulas e freixós de millo co prebe que tanto nos gustan, larpeiros que somos. Están ricas, non si? Pois agora temos a parte mala. Vouche poñer esta empadumada de allo, sal e pataca. É para sandar e arreda-las moscas, sabes?

Ergue a pata. Moi ben. Proe? Aguanta un pouquechiño —acariñeina. Afeita á miña man, agradecida, aprobou coa testa abaneando o mosqueiro, que aínda levaba posto, cun rincho de aprobación—. Ves? Foi polo teu ben.

TEMPOS DRAMÁTICOS

Rematada a seitura, todos se dispuñan para as festas patronais.

O primeiro día lembro que me espertaron os foguetes xusto a tempo para ir leva-lo leite.

—Veña Tarabelo, meu santo, xa teño muxidas as vacas —falou a miña nai—, hai que leva-lo leite ás minas. Xa son as oito pola vella.

—Pola nova ou pola vella, tanto ten! Mesmo pola *tola* hai tempo dabondo.

Nas minas a xente non se afixo á nova (que chaman *a tola*), non entenden que o sol ande tan tolo, e van pola vella, aínda que as alemás andan pola *tola* hora de Berlín.

Á volta tiven que axudar ó sancristán nos repeniques para a misa grande.

Nos días de festa, logo das misas, o comedor pintaba negro de curas e moscas. Fóra das enchentes das minas, era un dos mellores presebes da comarca. Bebíanse do mellor, tanto de viños coma de licores. Moitos fumaban puros, polo que lles daban tusigueiras e precisaban dunha cuspideira de porcelana branca para esgarrar.

Aínda lembraba a teima do ano antes, no medio da comida —todos falando en castelán— loaron ó Caudillo, ó arcebispo Muñiz de Pablos e ó Papa Pío XI, que conseguiran que o Ano Santo de 1937 se prorrogara a todo o 1938, de modo que os caídos pola patria foran dereitiños ó ceo. Tamén lles parecía unha boa orde a que dera o Caudillo de troca-la hora de España, poñéndoa igual cá de Berlín e non a dos Aliados. Logo faláron dunha reunión de curas na Porta Faxeira de Santiago, por mor dun concurso de curatos, para algo loitaran na guerra, asegurou o *señor cura*. Todos de acordo, fartos e contentos, fachendearon dos bocois de viño que trouxeran do Ribeiro e da boa seitura de trigo; eles, que nunca deixarían de mirar polos pobres nin nunca favorecerían ós ricos, que sempre *porían un pobre á súa mesa*; eles, que celebraban con viño, celebraron con moito viño, copas e puros, os éxitos da División Azul e das tropas do Eixo na guerra. Noutras palabras, eles, os integrantes daquel xantar non eran fanáticos, senón tolerantes, nada autoritarios, o contrario que os inimi-

gos da Patria e da Relixión: os ditadores do proletariado, os separatistas galegos, vascos e cataláns, que degoiraban estoura-la Nación española en mil cachos, e todo por esquece-las doutrinas da Igrexa, promovendo o divorcio e o amor libre, esgazando a familia e condenando ós fillos á ignorancia. Menos mal que agora todos foran derrotados. E, cos poucos que quedaran rematarían decontado, estivesen onde estivesen, agachados entre a xente ou fuxidos no monte. Eles grandes patriotas non mataban, xebraban as malas herbas.

Vaia fato de hipócritas! Sepulcros branquexados por fóra. E iso malia o que dicía o Evanxeo.

Aquel ano tamén lles preocupaba a peregrinación a Santiago de modo que quixeron confesar ó *señor cura* que xa peregrinara, pero non soltou prenda. Se me preguntasen a min axiña lles contaría, o mal que o pasarán os fregueses mal mantidos, peregrinos á forza, logo de percorrer a pé unha ducia de leguas —entre ir e vir—. Igualiño que os curas que ían diante. Mesmo a cabalo!

Pola tardiña había foliada de gaiteiros e unha banda de música con postos de rosquillas, melindres, remuíños e globos de cores. Os meniños corrían e berraban polo medio da xente que bailaba. Os pais do cura tamén bailaran unha peza, moi aplaudida, entrementes oín comentar: *A mocidade ten moito que aprender, hai que ve-los vellos que ben bailan o agarrado!*

Pola noite, coruscaban os foguetes de estalos e, de final, media ducia de cubos, cando correu a nova de que acababa de morrer un cura en Santiago por beber auga fría logo de comer polbo.

Algún falanxista borracho cantaba o *Caralsol* e o *Por Dios, por la Patria y el Rey* e aínda obrigaba á xente a responder cos berros de regulamento.

Outra cousa que nunca faltaba era a liorta por culpa do remude, cando algún mozo dunha parroquia veciña ousaba sacar a bailar a unha moza que bailaba cun mozo da nosa parroquia. O intruso achegábase ós que bailaban:

—Permites?

E nese *permites* encomezaba a liorta que remataba coa chegada dos da *capa verde*, sempre á espreita. E veña toda a noite á sombra no barracón do cuartel, con malleira incluída.

* * *

Aínda que din que é inesquecível o día da primeira comunión, o meu foi ruín do todo.

Daquela, cada cousa que fixera ou fose facer tiña que escoita-la consideración: *xa tes o uso da razón, mira ben o que fas*. De modo que tiña a obriga de discernir entre o ben e o mal. E tumba que dálle! Malia ser un día tan importante para min —segundo os *outros*— non me dispensaron de leva-lo leite.

Acordei cedo. A mañanciña presentárase negra, os paxaros non cantaban, e voaban lixeiros, coma se fuxisen.

Negros nubeiros nunha luzada escura —que tiña que ser radiante— anunciaban treboada. Xa no camiño un estrondo seguido dun río de lóstregos no horizonte e unha manda de pingotas, confirmaron o trebón. A cada paso o día acadaba máis escuro e as pingotas un diluvio.

Ó chegar ás minas, quedei trasvirado ó ver unha morea de xente diante da porta onde eu entregaba o leite. Uns con paraugas e outros con sacas, a modo de puchos, cubrindo a cabeza e as costas, parecía que a ninguén lle importaba a manda de bestas salvaxes que bouraban enriba deles nin a manta de mexos que lles botaban.

No fondo case negro coma a noite, alumeados por regueiros de luz de rebulir dos lóstregos, puiden distinguir que uns homes levaban a Lorena, deitada nunha escada, a modo de angarella. Tapada cunha manta enchoupada en sangue, subírona á caixa dunha camioneta, con Marte ó seu lado, sentada no chan. Alguén asegurou: *morte de nai a casa desfai*. Nese intre, pola mesma porta de atrás, onde eu entregaba o leite, saía dona Tomasa, a muller de don *Inguiniero*. Parecía unha *tronante* que baixara dun *nubeiro*. E levaba un vulto no colo. Asemellaba un meniño. Tapada cun manto, caendo chuzos de punta, corría cara á súa casa, pola outra beira da estrada. A camioneta arrincou. Era a mesma que usaban para cargar mineral. Seino porque, pintada na lona, tiña a esvástica. As súas manchas vermellas e negras tivéronme mala pinta. Vin nelas o vermello do sangue e o negro da morte. Aínda recoñecendo o paroloxismo do meu pensamento, impresioneime moito, máis oíndo falar algo que non comprendín:

Pobriña! Non deu librado. Seguro que vai morrer desangrada.

Confundido quedei coa caldeireta pensa chea de leite. Logo, a modo dunha obriga de tapala co meu paraugas, perseguín á muller —que asemellaba fuxir coa criatura— e botei a correr a carón dela, cando un refacho de vento levou o meu paraugas a voar igual ca un corvo xigante. Mollados chegamos ó pórtico da súa casa. Xa a cuberto a *escoler* colleu

folgos e coa man libre sacudiu a auga da cabeza e da fronte enriba de min, xa que logo, quero pensar, que non se decatara da miña presenza.

Vaia xeito de comeza-lo Día do Sacramento!

—Se cadra —falei baixiño, esgurripado, tirándolle da saia—, traio aquí un pouquechiño leite para a criatura.

—¡Oh! ¡Jesús! —asustouse— ¡Qué susto! ¿Qué estás haciendo aquí? ¡Ah! ¿Le traes la leche? Pues..., tienes razón, espera en el pasillo. Antes voy a lavar y a vestir a la niña.

Nas minas había abondo de xente que só falaba en castelán, algúns en alemán, tamén en inglés, en francés e aínda en árabe. Entre os que falaban castelán o enxeñeiro e a súa muller, que naquel intre caera na conta da miña presenza.

Entramos na casa, de pedra, cun corredor seguía á porta de entrada e acababa noutra de saída ó xardín. Nunca vira unha casa igual. Con cadros de santos nas paredes, fotos con marcos de ouro e prata, o mesmo cós borralleiros, adornos de porcelana, cortinas, tapetes, butacóns, lámpadas de finos cristais, eu que sei que chea de cousas. Pola fiestra, a cada paso eran máis fortes os aplausos da treboada nos vidros. Aínda que borrado pola chuvia, vin o xardín, cunha randeeira de asento, brinquedos, plantas de moitas clases, todas ben ordenadas, con moitas flores, unha mesiña con asentos todo de pedra cuberta por unha parra, un pozo e un hórreo pequeno. Era das poucas casas que á eira lle chamaban xardín e non servía para mallar, nin tiña cortellos, nin palleiro e si hórreo, sen restra de millo, só con xamóns a secar.

O cuarto onde eu agardaba, ó fondo á dereita, tiña moles butacas, unha mesa no centro e unha lámpada de pé con luz eléctrica. Nun recuncho un altar cunha virxe, negro rosario ó redor das mans dereitas, moitas estampas e lámpadas de aceite. Á esquerda, o cuarto da cociña, con mobles brancos, un vertedoiro e un berce. Tiven a impresión de que o berce levaba tempo alí, coma se estivese preparado adrede.

Dona Tomasa, duns corenta anos, pelo crencho e trigueiro, non vestía de negro nin levaba pano na cabeza, senón que levaba un vestido violeta cun cinto amarelo. De estatura media, era máis ben regordeta, xesticulante e aparatosa, en contraste coa face pouco expresiva, de apagados ollos negros, beizos estreitos e nariz chato.

Escoitei con atención. A muller trasfegaba cantaruxando polo baixiño. Logo dun anaco que me pareceu un século, saíu ó corredor, seguramente a buscar algo. Xa se esquecera de min. Levaba no colo á criatura, vestida de brancos encaixes:

—¿Aún sigues ahí? —sobresaltouse e mandoume entrar na cociña—. Acércate y vierte la leche en esa cacerola. Luego hablaré con la otra, su hermana. Bueno, dije su hermana por lo que habla la gente. Pero tú que eres su lechero me podrás decir, sabrás... ¿son o no son hermanas?

O carallo vinte e nove! pensei escéptico, aínda que o pensamento non o podía dicir, a min educáranme ben e sabía que diante dunha señora tan fina e tan importante, non se podían dicir malas palabras nin levarlle a contra, así que lle mentín:

—Non ho! Non sei nada. A nós págannos o leite e eu non pregunto. E logo, ¿é unha meniña?

—Sí, claro. Es una niña. Pero, ¿qué quieres insinuar? —desconfiou ela.

—Nada. Só preguntaba.

Nunca vira a ninguén acabado de nacer, de modo que quedei alí, a ventar, cando a muller se molestou:

—Pareces tonto. ¿Qué haces ahí de pasmarote? La cuna y la ropa son de piel de oveja que tenía yo preparadas para un hijo nuestro, pero Nuestro Señor no nos lo quiso dar. Desde entonces, como promesa, a ver si nos daba uno llevo este hábito —sinalou o seu vestido, explicando o que non lle preguntara—. Y mira por dónde, ahora creo que nos lo acaba de dar.

—Perdoe señora. Eu só quería saber, quería ver se ten...

—¿Si tiene qué?

—Se ten..., se ten... orellas.

—¡Claro que las tiene! ¡Qué pregunta más tonta! Mira, me has caído bien. Ayúdame, se las vamos a agujerear para ponerle estos pendientes de oro.

A miña pregunta fixolle graza á muller, que riu de mala gana. Separou a touca e... nunca orellas de pel tan coral e aveludada vira! Pero, pobre meniña. Nacera calva, era naipela, parecía a tiñosa de Castrelo, que con tan que collera a tiña por botarlle a man a un pito de pardoliña, pero era preciosa, cuns ollos verdes de impresión.

A señora preguntou con moito aquel:

—¿Tendrás uso de razón, verdad? Le voy a echar el agua de socorro.

—Si, señora. Fixen sete anos o pasado dezaioito de xullo e hoxe vou face-la primeira comunión.

—Muy bien, felicidades. Entonces, tenemos padrino —fitoume—. Yo te bautizo... —quedou parada—. ¿Qué nombre le ponemos?

—Coido que... Volframita, filla do volframio —ocorréuseme.

—No está mal, tienes mucha imaginación, pero no me parece un nombre del santoral. Yo pensaba ponerle Guillermina, me gusta más

Guillermina. Mi marido se llama Guillermo y es un ingeniero de las minas. Así que en el nombre del Padre, y del Hijo, y del Espíritu Santo, yo te bautizo con el nombre de Guillermina. Y si a la hermana de su madre, a Marte, no le gusta el nombre que le ponga el que le dé la gana.

—O caso é que non vaia ó limbo – acordei eu moi lambido.

—¡Exacto! —miroume abraizada a muller—. Mucho sabes.

Era todo tan insólito! Se non tiña fillos como era que o xardín xa tiña brinquedos, o berce xa estaba disposto, o nome xa o tiña pensado e non dixo se lle gustaba á nai, senón á irmá da nai? Ou era que xa non contaba coa nai?

Na miña cabeza presentouse unha sombra, un mal presentimento.

Eran as nove e media da mañá cando na curva, cos faros prendidos, se presentou de volta a camioneta, case devalada pola treboada, tan negra, coma un acarizo, co ceo e a terra a piques de se afundir. Chovía aínda máis que na Esmorga ! Logo de chover a caldeiros pasou a sarabiar con pedrazo do tamaño de puños. Alguén ocupara o meu lugar e subira á torre a toca-las campás. Falaba a grande coa pequena:

*Tente trono (a grande),
tente ti (a pequena),
que Deus manda (a grande)
máis ca ti (a pequena)*

Dese modo as campás escacharon o pedrazo —a onde chega o seu son o pedrazo crebaba en pedrizo—. Malia se-las pedras máis pequenas, nun segundo quedou todo branco, co meu paraugas negro, a rolos, atravesándoo. O coche parou a carón da porta de atrás. Baixou Marte e entrou na casa. Logo, co enxeñeiro de par dela, baixaron a escada que fixera de padiola, cun vulto cuberto cunha saba branca, que tamén lle tapaba a cabeza. Entraron na casa. Ó ver tal cousa, dona Tomasa, con xenio, colleu a meniña no colo e saíu á porta berrando ostentosamente:

—No llores, mi niña, no llores, huérfana de madre y sin padre conocido. Nosotros te cuidaremos —erguialle a manciña frouxa, de coral, deixando que a criatura se mollara, sen clemencia—. Dile adiós a tu madre muerta. ¡Hasta nunca, mamaíta! ¡Hasta nunca!

A xente choraba asombrada e eu espantado.

Morta! Deica nunca! Pois seguía arrizado o día do Sacramento!

Aínda que era moi novo eu xa vira a vida e a morte roldar xuntas cando os insectos voando caían nas arañeiras; eu, que xa torturara e matara

moitos bichos; eu, que xa vira á nosa vaca Xovenca, morta no curral; eu, que xa contemplara como a espelexaran e a soterraban na eira; eu, que xa axudara a matar moitos porcos no cuarto crecente do Santo André; eu, que xa oíra falar decote dos mortos das minas e da guerra, malia todo iso; eu, que nunca me impresionara, aquel día, diante da pouta da morte, caín redondo. Había tempo que lle levaba o leite a aquela casa e agora Lorena estaba morta! Máis nunca agardaría por min detrás da porta, dereitiña da cama, espenxada, os ollos cargados de borrhanchos, cheiro a augardente e o cigarro na boca.

Morrer! Nunca!

Non eran só palabras. Eran vareadas! Eran mocazos! Eran algo alí presente! A propia morte!

Nunca vería á súa nai!

Aquela meniña nunca vería á súa nai! A fin do mundo! A morte! Nunca! —resoaron aquelas palabras nos meus miolos. Todo virou negro enriba de negro. Negra a lareira a carón da que moraba, negras as moscas, negras as sotanas, negro o cornello, negra a boca da mina, negro o mineral, negro o día. Negra a sombra que atravesou polos meus miolos. De súpeto, logo de pensar nas palabras tan horripilantes acabadas de escoitar a dona Tomasa, sentín un grande atoldamento e perdín o sentido.

Amagastrado esvaecinme. Era un covardiñas. Se non daba afrontado algo desmaiábame.

Ó acordar, atopábame estomballado nunha mol butaca. Fóra xa escampara, o sol xogaba ás agachadas coas nubes e entraba pola fiestra iluminando o escenario co seu foco de luz atravesando o fume dunha cunca de chocolate quente, en tanto dona Tomasa, dábame afouteza cun cacho de pantrigo con tona de leite e azucre.

—Come, padrino, come —falou—. Estás débil y pálido, le diré a tu madre que te dé huevos de gallina negra. Son muy buenos.

Que rico estaba todo! Que ben me soubo!

Atento ó que pasaba fóra, pola fiestra vin a Marte que atravesaba cara á casa. Deixara á morta soa e viña a interesarse pola neniña. Non traía mala pinta. Dona Tomasa mandouna entrar. Con bágoas laiouse:

—Oh! Estás aquí Tarabelo, meu astro. O leiteiro mellor do mundo. De agora en adiante terás que traerlle o leite á meniña.

—Dese modo será, son o seu padriño.

—Como o seu padriño?

—Sí —interrompeu Dona Tomasa—. Le hemos puesto el agua de socorro. Hacía falta un padrino y la bautizamos con el nombre de Gui-

lhermina, pero si no te gusta ese nombre estás a tiempo de cambiarlo cuando se bautice en la iglesia.

—Ouh, pobre meniña! Que vai ser desa criatura! Déixeme vela. Que bonitiña é! Igualiña cá súa nai, a miña madrastra, que en gloria estea — Dona Tomasa puxo cara de zarralleiro que Marte interpretou por cousa da súa fala e desculpouse submisamente—. Perdoe vostede que lle fale en galego pero o castelán só o chapurreo, só sei falar en alemán e en galego, a miña avoa paterna era galega.

—¡Oh! No, nada, no importa. Te entiendo bien. O sea, ¿Lorena era tu madrastra?

—Si. Non o sabía? Non llo contou Tarabelo?

—Eu? —protestei—. En non falo ó vultuntún. E agora só sei que me acabo de converter no padriño desa criatura.

—Pois si —retomou o discurso Marte—. Lorena casou co meu pai, pero hai pouco que se separaron. Neste intre non ten documentación en regra e don Corazón negouse a certificar-la súa morte.

—Pero tú no eres nada de la criatura.

—De sangue nada, pero encargareime de coidala.

—De eso nada, con la vida que llevas.

—Entón, se quere vostede facerse cargo da nena pola miña culpa non vai ser.

—Veo que aún razones —pareceu calmarse dona Tomasa.

—Velaí, xa chega ó xulgado —dixo Marte sinalando cara a fóra—. Teño que ir a par de Lorena e falar con esa xente. De seguro que lle van face-la autopsia.

—Sí —asentiu a muller, con sorna— seguro. A ver que pasa.

Na rúa montárase un rebumbio de xente, maiormente de mulleres, que chamaban a atención polas súas saias de voos, cores e remuíños, que chamaban bailadoras. Amais debían ser trastes abondo, sen educación nin nada, pois mesmo diante do xuíz seguiron a andar cun donaire descarado —segundo imaxinaba eu que camiñaría a peixeira que vai pola ría dende Santurce a Bilbao—, cun falar cantareiro, a berros, comendo tantas letras, que aínda que asemellaba que falaban castelán, era difícil entendelas. Dicían que dese xeito é como falan en Andalucía.

Eu, que xa alcanzara o uso da razón dúas veces e que xa era o padriño daquela neniña sen pai nin nai, tomei unha decisión: como padriño xa a bautizara, así que miraría por ela, eu pobre de todo non era.

Nunca lle faltaría o meu bolo pola Pascua!

De volta, pola miña sombra xa sabía que era preto das doce, cousa que non puido demostra-lo reloxo do comedor no que non caeron as horas porque caera o propio reloxo. Pero aquel día caera algo máis, pois no medio dunha gran revolución atopei ó tío Manolo Segundo, co cinto na man. A mesa do comedor estaba arranxada para o xantar da festa, co mantel e os pratos revoltos e testos de plantas derramados, a terra tirada polo chan e a planta, *a alegría da casa* —a modo de premonición—, esgazada. Acababa de lle dar unha tunda á Anxélica que correra a agacharse no pallote.

Oín que perdera a regra!

Atopeina agachada no pallote, chorando, xusto cando escoitei o repenicar ás doce en punto da primeira chamada para a misa cantada da unha. Chistoume e pedíume a min, un pequerrecho de sete anos, que fose ó portelo do cabo da eira, ás seis da tarde, e lle levara un recado a Cañeto:

—Dille ó pé da letra: *os da casa xa saben que perdín a regra.*

Seguro que lla roubara el —pensei—. *Xa escoitara que fora ladrón abondo!*

O SERMÓN DO SACRAMENTO

Con tanto atranco esquecera que aquel día eu non podería almorzar, tiña que estar en xaxún, sen comer nin beber dende as doce da noite do día anterior. E tomara unha cunca de chocolate! Tanto tiña. Ninguén o sabería. Puxen o traxe de falanxista que me tiñan amañado para a comunión e collín o camiño da igrexa.

Na misa cantada polos curas da comarca, cos nenos nos primeiros bancos da dereita e as nenas nos da esquerda, o *señor cura* retorto e campador en mil batallas, predicou un longo sermón máis político e militar ca relixioso. Arrincou cun berro descomunal:

*La culpa de todos nuestros males la tienen Rusia, las mujeres y el cine.
En el cine, todo es hipocresía, todo lo que parece es falso.*

Non entendín nada. Arrenegado sexa o demo! Logo aínda teimou:

Sí, sí. Nos repetimos: Rusia, el cine y las mujeres. En Rusia y otras dictaduras del proletariado, a las mujeres no les importa su virginidad, no la guardan para su marido, más al contrario practican el amor

libre, abandonan el hogar, la obligación de cuidar de sus maridos y de sus hijos, a los que condenan a la ignorancia.

Quedei coa boca aberta. Segúin nas verzas, principalmente no de gardar para o home. Continuou:

Todo lo contrario que en nuestra España, en la que la mujer tradicional española de toda la vida, reza cada noche el rosario en familia, cuida del marido, de los hijos y de su casa. La casa es el lugar de trabajo de la mujer, no vaya a suceder que por su poca cabeza, por no pensar en lo que es debido, por ir al cine e imitar lo que allí ven, caen en pecado.

Segúin sen entender. O cacho hipócrita do todo, sen autocrítica, sen apenas un respiro, teimou:

¡Oh, el cine! ¡Sí, el cine! En el cine, todo es hipocresía, todo lo que se ve es falso.

¡El séptimo arte! ¡Llamarle arte a la mayor lacra de la humanidad! ¿A algo aún peor que la guerra? Por eso os prevengo contra ese lugar pecaminoso, os llamo la atención para que no cometáis el pecado mortal gravísimo que se comete al entrar en ese pozo oscuro lleno de tentaciones del mundo, del demonio y de la carne. Las mujeres, el comunismo y el cine —el orden de los factores no altera el producto— son culpables de todos los males del hombre. Esas mujeres van al cine y aprenden lo que no deben: a fumar, beber, llevar pantalones y montar en bicicleta. Por eso, por culpa del amor libre, abortan —o lo que es lo mismo, matan a sus hijos— y luego aun los abandonan en unos lugares infernales llamados guarderías. Cierto, cierto. He de recordaros el quinto mandamiento: no matarás. Claro que no hemos matado, al igual que los Reyes Católicos cuando expulsaron a los moros, hemos escardado las malas hierbas del jardín de la España que ellos nos legaron. Y aún os digo más, no sólo hay que escardar las malas hierbas, es preciso quemar sus semillas. Por eso los grandes patriotas comprometidos con el Movimiento Nacional, han escardado y quemado las malas hierbas sembradas por los comunistas y los separatistas. Y termino, en este contexto, nuestra gran suerte, fue que cuando la Nación estaba a punto de ser resquebrajada en mil pedazos, providencialmente, como en la Batalla de Clavijo en la que

se presentó el Apóstol Santiago (que era gallego), se presentó otro apóstol, la figura señera de nuestro Caudillo, fundando esta nueva España: Una, Grande y Libre, con mayúsculas.

Non entendín moi ben aquilo de arrincar herbas mouras, xa que logo o Xeneral Ben Mizziám era mouro e mandaba en Galicia, xusto onde tiñamos de patrón ó Apóstolo matamouros, amais de que foran mouros os que axudaran a Franco na guerra. Só entendín o de *y termino*. Ben sabía que cando aseguraba *y termino*, quedaba sermón abondo. Igual ca sempre, pechou os ollos e a boca e quedou en fonda meditación. Era un as manexando os silencios. Con toda a xente adurmiñada e outro cativo da primeira comunión, desmaiado —a min non me tocou grazas á cunca de chocolate—, alzou a voz cun predicar monótono, intercalado con agudos berros:

¿Y que os voy a decir acerca de las tentaciones de la carne? Y la culpa otra vez de las mujeres que os tientan con esos vestidos..., esos escotes... —quedou en suspenso, coma en éxtase— esos ajustados pantalones..., ¡oh!... ¡Cristo, que cuerpo! —relambiuse— ... Eso son... las tentaciones de la carne...

Igual ca se comese azucre, ou perdesse o fío do pensamento, ou estivese a pensar noutra cousa, quedou calado con faciana de larpeiro pasando a lingua polos beizos. Logo, coma se espertara, fitou ó enxeñeiro, ó sarxento, e ó alcalde. A modo dun sinal de complicidade con eles, pechou os ollos e seguiu nun mesto mutismo. Cada un que pensase o que lle petase. Eu tamén. Tiña dereito a pensar. Xa sabía o moito que lle gustaba a carne, pero non caía na conta do que pintaban as mulleres e os camaradas do primeiro banco naquel convite. Logo, cun sorriso retranqueiro, o mesmo doutras veces, lembrei a don Mendo e considerei o grande hipócrita que era aquel *só cerdote*. Supoño que matinou o mesmo ca min, pois abriu os ollos e de súpeto, alporizado, movendo os brazos coma Don Quixote fronte ós muíños, coma se tivese unha nova inspiración secularmente agachada, berrou desmedidamente:

Hoy, en este día inolvidable, estas criaturas de Dios van a recibir por vez primera el cuerpo de Cristo —outra pausa—. El cuerpo del Hijo de Dios hecho hombre por obra y gracia del Espíritu Santo, que lo encarnó en las entrañas de María Santísima, mujer que sin dejar de ser virgen, igual que un rayo de luz atraviesa un cristal sin romperlo

ni mancharlo, concibió al Hijo del Hombre, el primer y más grande de los falangistas. Y se formó la Sagrada Familia, la primera familia tradicional española, con un Padre, una Madre y un Hijo, lo mismo de sagrada que la familia del Caudillo, el generalísimo de los ejércitos, el cual con mano firme conducirá a España y a la Iglesia Católica, Apostólica y Romana mejor que el propio Papa de Roma, claro está, ayudado por el Apóstol Santiago, en este Año Santo, puesto que el Apóstol es más anciano, más antiguo en el escalafón que el Papa, y por lo tanto sabe más que Pío XII.

Novo relanzo e volta ó rego:

Con pena, con profunda pena, os recordaré, os alertaré —berrou máis forte ca nunca— que aún quedan en nuestros montes los separatistas. Son un resto de cobardes, rojos, malas hierbas que es preciso arrancar, eliminar, aniquilar y quemar sus semillas, que no se reproduzcan los criminales que atentan contra la unidad de la Patria.

Y para terminar os pido, en esta nueva España, que la defendáis de esos enemigos, los separatistas y los comunistas, de tal forma que si es necesario habéis de dar por la Patria hasta la última gota de sangre.

Outra vez a Patria e a teima de defendela dando a última pinga de sangue. De seguro que eu só collera o negro da prédica, de modo que me preguntei:

U-los inimigos? U-los separatistas? U-los comunistas? Eu, sempre pensara, do mesmo xeito que o Apóstolo, que os nosos inimigos serían os mouros.

À COMEDELA DA FESTA

Logo da misa o comedor —cun cheiro que alimentaba— infectouse de moscas e de curas. Bebían e comían coma o que eran. Falaban cun grande estrondo, sempre dos cartos. E como non, de cote, con referencia ó volframio pois tamén xantaban na reitoral o director das minas, os enxeñeiros, os facultativos, o sarxento e todos os que o *señor cura* considerase autoridades.

—¡Viva Franco! —saudáronse co brazo e a man dereita estendida.

—¡Viva! —responderon todos.

—¡Arriba España!

—¡Arriba!

—¡Viva nuestro señor cura que pronto será obispo! —berrou inesperadamente *don Inguiniero*, co asombro da concorrència.

—¡Bueno, no será para tanto! —respondeu o crego con falsa modestia de disimulada antipatía—. Usted siempre me ve con buenos ojos, pero eso será cuando cante el gallo de Barcelos.

—Pues el gallo, ¿cantó o no cantó? —rematou a faena *don Inguiniero*, creo que rizando o rizo da impostura, con finxida dozura.

Crin notar naquel viva! unha antipatía que me estrañou e non entendín, logo de esta-los dous no mesmo barco de sacar mineral. Debía ser envexa, o vello pecado capital de sempre.

Por mor da primeira comunión, a nova daquel ano foi que tamén me convidaron a sentar con eles. Os elixidos foron deixando os sombreiros, as tellas e o tricorne enriba dunha mesa no corredor. Logo entraron no comedor en petadas, bisbando algo entre eles, asentindo coas cabezas, que logo erguían nunha ollada de asombro que remataba na miña persoa. Ó meu carón sentaron a *don Inguiniero*. A súa muller xa lle falara de min. Gustáralle o nome de Guillermina, pola mestura de Guillerme e a mina. Os *outros* foron os últimos en caer na conta e acabaron coa boca aberta.

O xantar algareiro coma sempre, foi *in crescendo* en barullo deica os cafés, puros e dixestivos. Os cregos suorentos, sufocados, cos peitos descubertos, os colariños descolocados e as sotanas recachadas; a berros, recuncaron na porcallada da mina, e na gadoupa da morte que aquela mañá segara a vida dunha das moitas concubinas, lavercas, mulleres da vida, que acolá chegaran. A única desculpa que lle atoparon era que fose xermánica, aínda así non deixaba de ser unha ninguén que viñera de ningures —segundo opinión do alcalde—. O *señor cura* puntualizou que era unha mala herba que no merecía outra cousa, e que se a súa filla non fora adoptada polo enxeñeiro, habería que queimala. Os cregos conviñeron que a tamaña pecedora non a soterrarían en sagrado, ordenárao o Bispo de Lugo, ou mesmo o Papa de Roma, excepción feita de que o impetrase o Xeneralísimo.

Rematada a comedela, xa en familia, os catro larpeiros de sempre non fartos, rapinaban os cazolos, fontes e pratos, en tanto, todos falando en galego, deron outro repaso ás minas e ós grandes pecados que acolá aniñaran. O avó, do mesmo xeito que en *Ghodoma e Camorra*, devecía que Deus lles mandase un lume que os abrasase. El, o *señor cura*, brazo secular da Xustiza Divina, asegurou que el fixera o que estaba na súa man ó prender lume ó monte preto das minas, con estalos nas patas dun bando

de perdices, de modo que non comprendía que o Noso Señor, igual ca nun milagre de Santa Trega, o apagara coa grande treboada, máis inexplicábel por tratarse dun lume tan purificador.

Logo, mandou marchar a todos e quedou comigo. Con pinta pouco sería pero revestido do seu poder de hierofanta, magnánimo e autoritario, mandoume sentar e faloume episcopal:

—Hoxe é o día máis grande da túa vida, que nunca deberás esquecer. Acadache-lo uso da razón e fixeche-la primeira comunión. A partir de agora, saberás elixi-lo bo camiño na vida. É algo que devezo de corazón.

Perante aquel sermón crin que era bo momento para pedirlle o que eu consideraba unha obra boa: sepultar en sagrado á señora do leite. Era cliente nosa. Fixenlle notar —no uso da razón— que era xente de fiar. Pagaba puntualmente todo o ano. Nunca tal dixera! O *señor cura* botouse a rir a grandes gargalladas. Deume mala espiña. Eu xa tiña aprendido que aquelas gargalladas non pintaban ben, era a risa do ignorante. E pasou o que tiña que pasar. De golpe parou de rir. Asegurou que eu era un desvergonzado por pedirlle tal cousa, que mesmo que llo pedise de xeonllos, xa sabía de carreira que a resposta sería non. Sempre non. E non había máis que falar. Logo, de súpeto, comezou a enrabecharse sen tino, vermello coma un tomate, suando a cachón, berrou preguntándome que clase de comunión fixera, que se era un sacrílego en pecado mortal e que non alcanzara o uso da razón nin farrapos de gaitas. A cada paso máis anoxado, bruando coma o animal que era, colleu un Cristo de marfil, que estaba colgado na parede, e botouse a min coa intención de me mallar a *crístazos*. Fuxín correndo ó redor da mesa do comedor, cando me tirou unha patada, que caneei, logo arreboloume o libro dos rezos, que pasou zoando por riba da miña caluga. Finalmente lisquei escaleiras abaixo.

Seguía negro o día do meu uso da razón! Polas trazas, con certeza, que alancaba á categoría de día inesquecível!

Desgustado, encrequeneime trala artesa. O pote mañeiro seguía a gurgullar na gramalleira e a miña nai, ocupada en frega-la louza e recolle-la graxumada para a lavadura dos cochos, nin caso me fixo. Noteina triste, esgotada e consumida. Fixenllo notar. Dixo que era certo, que a culpa era miña por me traer ó mundo, que se non fose por min ela non tería agora que preocuparse dos meus negros pecados e da miña salvación eterna. Outra vez, diante do estorbo que eu significaba na súa vida e no seu fanatismo, recalei nos monótonos sons do pote a ferver e o da auga a correr, coma a negra sombra dos meus pensamentos.

Á hora acordada parei a Cañeto no portelo para reclamarlle a regra de Anxélica. Viña con aire de festa. Deume mala espiña un merlo cantando nun loureiro do fondo da cortiña, xa di o dito: *se o merlo canta no prado anda a chuvia no tellado*. Sen máis acá nin máis alá funlle coa encomenda, ó pé da letra, ben guiado, igualiño que me mandara Anxélica:

—Os da casa xa saben que Anxélica perdeu a regra e déronlle unha tolena. Din que a tes ti e que lla devolvas.

Caeulle coma unha xerra de auga fría, logo escacarelouse e sen parar de rir nin dar unha fala virou a cara para onde tiña as costas, e foise.

O merlo tiña razón, pola noite caeu outra treboada. Xa pasaran nove días. Debería se-la última.

A piques de cumpri-la cadea por culpa dun asuntiño de contrabando que non cometera (segundo el contaba), naquel intre, eu, Tarabelo do Cura, caín na conta de que Cañeto, era o home que precisaba.

As mulleres da nosa casa todas tiñan que ver co ceo, non era Divina, pero era Anxélica e de seguro que pasaría a se-la escrava daquel santo, engaiolada por aquel home de falar de rico que asemellaba caído do ceo.

Eu sabía algo do parasito que era. Estrañábanme a súas mans brancas, aínda que non sei como o facía pero recuperaba ben de mineral. Era o home que me facía falta para cavar-lo mineral da Zarra da Brea.

Falaría con el sutilmente, pois cos seus ollos pícaros e penetrantes e o seu falar cantareiro comendo palabras, seguro que era un bo entendedor e mellor distribuidor de capacidades de convencer. Teríao achandado no lugar que me conviñese. Pediríalle consellos e aínda que os repartise segundo o caso.

Eu xa tiña sebo abondo. Moito se aprende nos libros!

Fíxenlle notar que eu, Tarabelo do Cura, sabía de carreira toda a súa vida de parasito e que xa caera na conta do *braguetazo* que amañaba. Alcanzara o uso da razón e agardaba que el tamén, de modo que sempre me agradecería o traballo que lle estaba a propor, de seguro que gañaríamos moitos cartos. A cambio só tería que falar con quen fose para que o *señor cura* soterrase a Lorena en sagrado, cun bo funeral. Tamén lle fixen notar que non me podería traizoar. Eu tiña todo ben arranxado e armas abondo. Se *os outros* non se deixaban aconsellar Cañeto caería na conta. E aínda quedaba *don Inguiniero* para axudalo, pois sabía que era amigo meu. É escusado dicir que Cañeto parvo non era, sabía que eu non faroleaba e que tiña armas poderosas. Mesmo quedou abraiado e definitivamente enfeitizado cando lle falei:

—Aproveitarémolos arrieiros. Logo de que veñan de volta, cos bocois baleiros, en vez de caer nun pozo, sairán do pozo cargados de mineral. Xa o di a copla:

*O cantar do arrieiro
é un cantar moi baixiño,
cántase en Ribadavia
óese no Carballiño.*

Oíches ben o meu cantar?

—¡Oh, claro que o oí, perfectamente! —quedou pampo o meu futuro curmán, que coma sempre, falou no seu raro español—. El señor Guillermo consume mucho vino, los arrieros siempre pasan por su casa. ¡Su canto se oye de maravilla!

Chegara o momento. Pasaría por riba de quen fose coas armas que considerase precisas. Centraríame en gañar cartos, moitos cartos. Acababa de adquiri-lo uso da razón e unha responsabilidade: a de ser padriño.

O caso era saber ler!

Logo da bendición, coas mulleres cantando en latín, algo que entendía como: ... *tanto ergue o Sacramento que nin me tires do xenio nin me toques...* (... tantum ergo Sacramento... Genitori, Genitoque...), coa bandeira de España a ondear no cumio da torre e o sancristán repenizando as campás a todo canto daban, saíu a procesión co Santísimo baixo palio, seguido da Garda Civil e da banda de música que apenas se deixaba oír polo estrondo dos foguetes e os bategazos no bombo, tambores e pratos (daba noxo ve-la xenreira con que bouraban neles). Tanta era a estangurriada que máis ca unha procesión semellaba unha comparsa de carnaval. Na parada nun altar don Claudio negoulle a bendición a unhas mulleres das minas porque non levaban veo na cabeza. Eran de fóra, xente que ninguén coñecía, amigos de Lorena, que estaban a rezar pola súa alma. Quedaron cos fociños dunha cuarta, coma grandes pecadores.

Malia o meu xuramento de que nada me importaría, desgusteime outra vez, aquela xente non era merecedora daquel trato. Non tiña humor para ir á foliada. Nada me importaban os gaiteros, nin as rosquillas, nin os remuíños de cores. Nada. Aínda me deu pena unha meniña que lle ían mercar un reloxo de pacotilla cando lle preguntou á vendedora:

—E o reloxo, anda?

Respondeulle a moicante:

—Si, bonita, claro. Anda a meniña anda o reloxo.

Estiven toda a noite moendo e remoendo, facendo o exame de conciencia que non fixera para a comunión. Se cadra, co moer e remoer dos meus pensamentos alcanzase o uso de razón e con ela a conclusión de que eu coa tristura no fondo da alma só quedara co negro da vida, de modo que diante de tanta negrura, sen querer recachei os dentes e sorrín ó lembrar a don Mendo. E a miña cara acadou desleixada, distendida, evadida. Dende aquela eu nunca boto gargalladas, río só, para os meus adentros con sorriso de parvo.

Moito se aprende nos libros, o caso e saber ler!

O día seguinte —xa pasaran nove de treboada— presentouse con sol. Fun leva-lo leite, aínda que agora tiven que repartilo entre as casas do enxeñeiro e de Marte. Don Guillherme, *don Inguiniero*, o señor Guillermo, como lle chamaba o bruto do Cañeto, agardaba por min na porta, pois, segundo dixo, a súa muller estaba a descansar, a meniña saíra chorona e lles dera mala noite. O enxeñeiro, de traxe azul mariño, chaqueta cruzada, camisa azul, gravata negra e chapeu gris, aquel día parecía máis alto, de pelo mais roxo e crecho, de fronte mais despexada, de faciana mais branca con mais pencas, o nariz mais aquilino e os beizos mais finos.

A PATRIA

Marte estaba triste, pero serena e a súa boca non cheiraba. Atopeina preciosa. Mandoume pasar e tomoume o pelo co asunto de se-lo padriño de Guillermina. Parecíalle ben o nome, e xa que logo estabamos nas minas, ela chamaríalle Mina, aínda que o nome que a ela lle gustaba era Minia. De seguro que correría por Mina.

O cadaleito da madrastra, mercado grazas á recolleita popular dos mineiros, foi o máis caro que atoparon. Marte acordou que o velorio sería na taberna. Diante da miña petición deixoume ir velo. Eu devecía por entrar nunha taberna. Acabada de limpar, recendía a unha mestura do perfume de Marte e de loureiro, pois ó pé do cadaleito, con candelabros nas catro esquinas, depositaran un ramo de loureiro e flores silvestres. Quedaba alto, nun estrado con moitas cortinas e pano. Diante da miña sorpresa e da xente, Marte prendeu uns focos de cores que había no teito e alumeou a escena, que segundo dixo era onde bailaban flamenco, sevillanas e todo o que se botase por diante. Non era a miña idea ve-la morta, de modo que persigneime e fixen que rezaba algo. Marte apagou as luces e volvemos á casa. Mandoume sentar na cociña. Estaba sorprendida e agradecida

polo comportamento da xente, en especial do enxeñeiro, e da súa dona, non só por coidar da meniña, senón por falar co cura para os actos do pasamento, arranxar co bispo para que lle concedera as grazas de Roma, pagar unha nota necrolóxica e deixarlle usa-lo seu teléfono. O viúvo, o pai de Marte, xa fora informado da súa condición e xa arranxara outras honras fúnebres en Berlín. Era evidente que non viría por culpa da guerra e da distancia, polo menos iso dixo que poñía un papel que lle entregou un empregado de correos que ela leu nerviosamente:

Panteón familia Brunswick no disponible. Imposible asistir entierro. Halleröder.

Aquela mañá, aínda que xa lavara a cara no picho da eira, Marte asegurou que estaba mal lavado e peor amañado. Volveume lavar, peitear, e a arromba-la roupa. Logo dixo que agardase, que tiña un regalo para min. Mentres ela se ausentou dentro oín como se alguén peteirase na parede, parecido a como cando andan os ratos. Acheguei a orella á parede. Mirei a unha beira e á outra e nun recuncho vin un frasco de boticas e collino.

—Que frasco tan bonito, valería para gardar cágados, regálasmo? —pregunteille.

—Regalo. Pero, que son os cágados?

—Son os nenos das ras, antes de saír da auga para vivir na terra.

—Ouh, os anfibios.

—Xusto. E que ten dentro?

—Son pastillas que lle recomendou dona Tomasa a Lorena hai dous días. Tiña hedras nas pernas. Ves? Quedan seis, ímolas tirar, poden facerlle mal a alguén.

—Claro.

—Pois toma, gárdao —guindou as pastillas e meteumo no peto a propia caixa de cartón, con prospecto e todo.

—Moitas grazas. Se quere, invítoa a vir comigo a voar na miña ran-deeira e subir á miña sobreira. Desde acolá vese a porta desta casa.

—Oh! Vouche dicir unha cousa. Dende agora chamareite meu Astro, é o nome de alguén que eu quixen moito, un fillo; tesme que tratar de ti. Na miña terra os fillos atúan ós pais.

—Pois..., non entendo. Se vostede quere que eu sexa o seu fillo... Eu non atúo nin á miña nai, nin ós da casa. Eles tratan de vostede ós seus vellos.

—E iso que ten que ver.

—Boh! Pois voute atuar. Pero... virás comigo? Non sei o que vai rosmar a xente. Por aquí nunca houbo unha muller a agatuñar nunha

sobreira, nin en nada. Téñeno prohibido, din que recachan o vestido e se lle ven as coxas. É pecado mortal!

—Que se lle ven as que?

—As coxas, as polpas.

—Boh! Que digan o que lles dea a gana! De seguro que irei, faime moita ilusión. De meniña, na miña patria, gustábame agatuñar ás árbores. Canto máis altas, mellor.

—Na súa que? Ouh perdón! Non me dou afeito a tratala de ti... Na túa... que?

—Na miña patria.

—Teño preguntado bastas veces que vén sendo iso da patria e ninguén mo dá explicado.

—Home, meu Astro, pois é moi simple. Vou tentar explicarcho. Eu son polonesa, nacida en Polonia; pois onde un nace é a patria. Polonia é a miña patria. O meu pai é alemán, Alemaña é a súa patria. E ti naciches en España, España é a túa patria.

—Certo, igual ca un libro da escola que se titula *España, mi Patria*. O nome dese libro non me gusta, non señora. Non! Eu nacín en Galicia, entón, Galicia é a miña patria. Tamén a Rosalía de Castro lle pasaba igual. Escoite:

*Probe Galicia. Non debes
chamarte nunca española,
qu'España de ti s'olvida
cando eres, ¡ay! Tan hermosa (sic).*

—Corno, que memoria! E vaia retranca que tes! Boh! Pero hoxe en día non fales dese modo. Pode ser malo para ti.

—Pode ser malo? Non comprendo.

—Si que comprendes. Faime caso, non digas a ninguén que a túa patria é Galicia, a túa patria é España, pola graza de Deus. Eu avísote.

—Quiquiriquí, non! España só é un equipo de fútbol defendido polos xogadores e pola Garda Civil —protestei—. Xa pon no cuartel: *Todo por la Patria*, en español.

—Vaia! Xa vexo que o entendiches ben. Non me tomes máis o pelo.

—Boh! Era unha leria. Entón, por que non me conta cousas de Polonia, de Alemaña... , da súa vida. Perdón, non me afago a actuala, da túa vida.

—Outro día, meu Astro! Agora teño que escribir no meu diario o que pasou hoxe. Non pode agardar a mañá, hoxe terá máis xenio. Amais están a chamar por min – aseguro nerviosa, cando volvíñ a escoitar que petaban na parede.

—O diario! Que é?

—É un libriño onde escribo, segundo o meu parecer, o que me sucede a diario, por iso se chama diario. ¡Oh! Toma, xa me esquecía: o regalo que che prometín. Son cen pesetas para que merques un cinto, con esa corre que levas parece un badulaque. A propósito, igual có meu Astro teño que recomendarche... algunhas cousiñas.

—Fale vostede. Perdón, fala ti.

—Claro que vou falar. É polo teu ben. Semella que ninguén mira por ti. De modo que pon atención. Tes que te duchar polo menos unha vez á semana, e logo limpar ben o xabón, que non che quede pegado polo corpo. Tes que comer amodo, que non che caia a comida e mancharte, non limpa-los mocos coa manga, e non levar tantas cousas nos petos, asemella que che van...

—Moitas grazas. Certo que ninguén mira por min. Xa que logo son o teu Astro, se queres tamén te levo a botar unha carreiriña na besta.

—Tes unha besta? Gústame andar a cabalo... —quedou pensativa e logo virou contrariada e sobresaltada perante o petear na parede—. Un día irei. Boh! É tarde, teño que facer cousas e vai chega-la xente para o enterro. Lembra o que che dixen, ou polo menos aínda que non te duches lava a cara e pasa un peite. Toma un, lévao. Deica mañá, meu Astro.

Despediume con dous bicos. Aínda os noto na cruz da cara.

Saín da casa. Xuntárase moita xente acolá fóra. Como eu era un peque-recho sen importancia e ninguén reparaba en min, escoitei os latrises, a meniña sen nai se atopaba nunha carencia legal. Acababa de morre-la súa nai e o presunto pai, atopado morto nun bocoi. Por outra banda, aínda que Marte fora fillastra da nai, non tiña ningunha obriga de coidar de Mina, nin sabía de ninguén, ascendente nin descendente, que a tivese. Tamén falaba a xente que á *don Inguiniero* e a súa dona a criatura lles caera do ceo, coma anel ó dedo. Era o que máis desexaban neste mundo. Ela, dona Tomasa, xa fora á Lanzada a salta-las nove ondas e xa se encomendara acolá á Nosa Señora e ó San Ramón, amais que, *don Inguiniero*, o seu home, capado de guerra —segundo se ría o sarxento— non podía ter fillos, e menos seis coma el. No sentir popular, víranse recomendados polos seus santos. Con certeza que coidarían de Mina con devoción, pois xa eran mostras abondo do encariñados que andaban coa meniña. E

por se alguén non o sabía, era público e notorio que moverían Roma con Santiago para arranxa-los documentos precisos.

Faltaba media hora para o enterro cando chegou a Garda Civil cunha orde do xulgado, aprazándoo, xa que o xuíz ordenara facerlle la autopsia e non había médico *Florencio*. Don *Corazón*, dixo que aquilo era unha trapallada, que ía moita calor e a morta non aguantaría sen podreecer. Deste xeito, co permiso do enxeñeiro, acordaron leva-lo cadaleito ó fondo da bocamina, onde sempre ía fresquiño.

Sabedor de que hoxe non habería enterro, volvín á casa.

Lixeiro, subín ó faiado, collín o frasco e lin o prospecto. Tratábase dunha menciña para face-lo sangue máis líquido e que non se debía tomar en casos de hemorraxia. Quedei abraiado! Nos partos hai hemorraxia, polo menos nos animais. E a manta ben enchoupada en sangue que estaba! No frasco poñía que traía vinte pastillas e guindáramos seis, polo tanto tomara catorce en dous días.

HONRAS FÚNEBRES

Algo en común tiña que ter co meu pai. Por exemplo, o malvado.

Usaría os meus coñecementos da Historia Universal, as teorías de Maquiavelo, as novas da prensa ó redor dos métodos calabreses da mafia, e por riba de todo pescudaría no que estaba a pasar agora nas minas, con Cañeto e outros elementos. Seguro que atoparía bos mestres nos fillos da Gran... Bretaña, de Estado Unidos, de Francia e de Alemaña, que pelexaban polo volframio.

Acadara unha certeza: eu tamén era padriño. Non me deixaría achandar máis polo *señor cura*, como facía el na misa que daba na capela da mina, os domingos, obrigatoria para os detidos políticos. Eu, que tiña que ir a axudarlle, fun testemuña dos castigos que lles impoñía ténndoos de pé, mortos de frío, unha chea de tempo, fartándose de lles chamar asasinos, comunistas, separatistas e canto lle viñese á cabeza. En resumo, a berros, poñíaos de *chupa de dómine*. Moitos, despois daquilo, sen nada que replicar, considerábanse peor tratados que animais, feridos nas ideas e crenzas máis fondas. Menos mal que —segundo me contou Cañeto— entre os presos había un que as agachadas lles daba faragullas de boroa con algo que lles acalmaba os *nervios da cabeza*.

E *don Inguiniero* quería merca-lo mellor mineral por poucos cartos? Pois tería que seguir a merca-los bocois de viño do Ribeiro ó prezo que eu lle puxese. O meu volframio merecía. Era do mellor.

E dona Tomasa por que lle recomendara aquela botica e axiña recolleu á meniña na súa casa? E por que xa falaba, antes de que volveran con Lorena morta, que si a Marte non lle gustaba o nome que lle puxera outro? Sabía que Lorena non volvería con vida? E aínda ameazara a Marte no caso de se poñer testán.

A meniña non tiña a culpa de nada. Sen ter ningún motivo para pensalo contrario, case seguro que levaría mellor vida naquela casa que coa súa propia nai, se estivese viva, pois todo a mundo aseguraba que era unha concubina —daquela non sabía eu o que quería dicir—, ou espía, ou o que fose, que aínda axudara a matar ó propio pai de Mina, e logo, con toda a cara, chorando a cachón, foi quen de identificalo. Ou non sería aquel morto o pai da meniña? E os papeis da estilográfica que eu agachara e que buscaban con tanta ardencia? Tiñan que ser cousas da guerra. Ou, se non, de que? E quen había dentro da casa de Marte que petaba na parede e que ela tiña que atender con urxencia?

De calquera xeito tería que ter moito tino. Os espías non son doados de enganar!

E o *señor cura* por que non deixaba soterrar en sagrado a Lorena? Pois tería que facelo e cun gran funeral, cos mesmos cregos das enchentes da festa. Lembrei na enciclopedia onde estaba Calabria, chamei por Cañeto e faleille con sutileza, cos beizos apreixados, coa fronte alta, mirándoo de través. Que sutileza a daquel home! Aseguroume que faría unhas visitas.

Pola fresca chegaron á casa dous homes, de traxe e gravata, co alcalde, o sarxento e o enxeñeiro. Cando marcharon oín ó *señor cura*:

—No se preocupen. Si el Generalísimo lo pide así se hará.

* * *

Seis mineiros levaban o cadaleito.

Baixo o cachoar do encoro do Deza, na súa eterna ladaíña, sacárono da bocamina. Ás cambadelas subiron a costa cara á parroquial, mergullados no teimoso chorar da súa campá. O *señor cura*, cun acólito levando a cruz parroquial e eu coa auga bieita, camiñaba diante, botando un responso tralo outro —pois foran moitos os que os pagaran— todos cun retrouso final: *Requiescat in pace. Amen.*

Xusto detrás do cadaleito camiñaban dona Tomasa, con Mina no colo, Marte, *don Inguinero*, cunha banda negra na manga esquerda da chaqueta e moitas pepereteiras mulleres, catro homes de traxe e chapéus escuros na man, e detrás moitos homes sobrados de pelexo, ollos afundidos, pómulos avultados, beizos abertos en boca de escasos dentes, uniformados con azuis fundas de traballo, picos, pas, casco e un farol na fronte. Todos de fóra.

O funeral por Lorena foi cantado polos curas da enchente, dos arciprestados de Deza-Dozón e de Piloño. Tal como eu recomendara botaron unha requineterna de responsos pagados a meirande parte por xente que ninguén coñecía. Os cregos encheron os petos de cartos e os peitos de aire. Unha vez máis, con voces augardentosas, demostraron a súa mestría no estarrecedor gregoriano, o *Dies Irae*. Camiño da sepultura, nos derradeiros *mementos* as dúas campás choraron unha picada na grande e dúas na pequena. A última viaxe de Lorena rematara. No panteón, en sagrado, nunha lápida o botafumeiro vello botaba incenso e arrastraba cadeas. Entre o fume líase:

Lorena Halleröder
Brunswick (Saxonia-Alemaña): 15-08-1910.
Minas de Silleda (Pontevedra-España): 16-08-1943:
Adolf e Marte Halleröder non te esquecen.

E non figuraba o nome da súa filla póstuma!

SEGREDOS DE SANCRISTÍA

Polas tres da tarde, á hora nona, no verán, cando a calor estampinaba, eu tiña o costume de ir botar unha sestiña nun armario de obra da sancristía. A sancristía era moi fresca e o armario aínda máis.

Un día, medio adurmiñado, vin que entraba a miña nai co *señor cura*. El convidouna a unha copiña de viño de misa, abriu cunha chave un caixón, e de embaixo das casulas, estolas e outras vestiduras litúrxicas, sacou unha goma, igual cá que estivera enriba do harmonio. Comprendín o que era o órgano. O fino era chamarlle órgano. Quedei abraiado, comparado co meu aquel si que era un órgano, con capucha e todo, no medio dunha matogueira de pelos. Mudaría o meu retrouso. Dende agora diría o órgano vinte e nove.

Rematada a faena botaron outras copiñas e o cura guindou a goma nun saco de serraduras. Ledos, bailando na punta dos pés, marcharon.

Agora caio na conta de que teño nidas algunhas lembranzas outras non, e aínda que son quen de lembralas con precisión, no fondo non son abondo precisas no tempo nin no espazo. Quero dicir que, cando un observa unha paisaxe, ó lonxe enxerga un valume, un contorno e un é quen de reconece-lo lugar, aínda que non os detalles. Hoxe en día, camiño da vellez, ó lembrar aquel sucedido sei o que estaban a facer. De certo, amais da escena de Lorena co músico, eu non sabía que demo de cousas se facían naquelas insólitas posturas. A xente rexoubaba que a miña nai era a querida do cura, que Lorena era a querida do home que aparecera morto no bocoi, que a nai de Carolina era unha querida de *don Inguiniero* e Marte a querida de todos. E, sendo miña nai a querida do cura, ¿por que consentía aquel becerro que ela durmise na lareira, a carón das pitas, en palla de millo, cuberta con farrapos, sen teito nin leito, cun loureiro verde tapando a lúa, mentres *os outros* durmían nun bo estrado, con boas camas? Claro! Dáballe viño da misa e logo viraba leda e non caía na conta de nada. De modo que, sentada no seu tallo, ó lume morto das queirugas, sen protestar, afumábase cos chourizos.

Arrenegando de todo canto se pode arrenegar, acordei que mas pagarían. Gobernaría a miña vida e faría o que me dese a gana. Ninguén mo impediría. Quiquiriquí, mexarei onde me pete, agora e aquí!

Collín a gomiña, envolvina nun pano e gardeina. Coas présas, ó cura quedáralle a chave posta. Non perdería a ocasión de osmar dentro. Había máis gomas, revistas do *Frente de Juventudes* e outros papeis manchados de viño que resultaron ser facturas dos arrieiros.

Polo meu sentido de atopar cousas agachadas, decateime de que o caixón tiña un falso fondo, o que decontado abrín, ó tirar do cabo dun cingulo que asomaba solto. Mi madriña! Case me dá unha volta ó ve-lo que alí agachaba! Unha pistola negra, que poñía nun cuño redondo: *Star Trade Mark*. E os seus 32 cartuchos! Arrepieime diante daquel demo brillante, cun burato hipnotizador, negro coma a morte que levaba dentro. Igual ca unha bocamina, era un burato redondo, camiño de noites sen día, verea obrigada, marcada por obra, graza e poder dos camaradas *cuneteadores*, ós que sinalaran co dedo índice no gatillo. E todo sen ningún castigo. Só xuramentos agachados de odio e vinganza, que axiña se converterían en po de vermes.

Outro achado, a carón da pistola, foi un chintófano, que souben o que era, logo de consulta-la enciclopedia: un aparello receptor e emisor de radio.

Un terceiro achado, tamén abraiante, foi unha caixiña cun papeliño que dicía: *Máquina fotográfica regalada por el sargento luego de ser abandonada por El Fotógrafo en el transcurso de una refriega*. Distinguíase nela unha placa de metal que poñía *Kodak*. Logo de pescudar polo dereito e polo revés, por arriba e por abaixo, o chisme botou fóra, dun pulo que me asustou, un acordeón rematado nun vidro redondiño, igual ca lupa do fillo dun alemán das minas, que cando a poñía fronte ó sol, daba unha luz pequeniña que picaba na man, igual ca unha agulla, e aínda era quen de prender lume nun papel.

A carón seu, unhas revistas chamadas *Alférez* e amoreadas, fotos da guerra nas que se distinguía ó cura e outros, que eu non recoñecín, con uniformes militares e de falanxe. Ó seguir manipulando aquel couso vin que tiña un arame a modo dunha palliña, cun pequeno botón de metal no extremo. Calqueino e afundiuse cun ruído de latas, que soaba como *carrasclás*. Fora producido por unhas latas que se abriron e pecharon nun santiamén, deixando ver no fondo unha inopinada negrura. Acababa de me sacar unha foto.

Pero quedaba o máis interesante: unha caixa de metal, pechada con chave, que era a mesma. Gardaba unha chea de billeteños, noviños do trinque, e outros papeis. Presentín que andaba alguén, que se movera algo. Instintivamente agacheime detrás dun armario. Logo vin que era unha pomba que voaba na fiestra.

Tranquilleime e pensei. Eu non corría ningún perigo. Calquera que chegara, mesmo o propio interesado, sería quen o correría. Naquel momento mesmo podería quedar orfo de pai. Con tan convincente razoamento de seguridade, seguín a osmar.

Diante dos meus ollos tiña agora algo insólito. Era a factura dun bocoi, cun prezo desorbitado, tanto para ser de viño coma para ser de volframio. Era do mes de xaneiro daquel ano, certamente do día en que eu atopara o casco de bala, seguramente o mesmo día que eu, dende o meu agocho de fentos, vira tirar un bocoi ó fondo dun pozo da mina, onde logo se atopara un home morto, baixo o cumio do máis fermoso arco da vella que vira. Certo. O que un é quen de pensar, ó mellor —ou ó peor—, xa o pensaran outros.

Había un documento en castelán e noutro idioma, supoño que en alemán. Nel poñía que o sarxento, o enxeñeiro e alguén máis (coido que un facultativo de minas), recibiran a cantidade de duascentas cincuenta mil pesetas, un millón en total xunto con outros billetes en libras, marcos e escudos, segundo poñía o papel, para matar a un banqueiro xudeu,

que, fuxido e disfrazado de músico, viaxaba coa Orquestra de Cámara de Berlín.

Así que os cartos eran de pagar un crime e aquela debía ser a parte do cura! E onde estaría a parte de Lorena? Sabería Marte algo daquilo? E esquecéranse do alcalde? Claro, non sabía asinar, só asinaba co dedo matapiollos.

Sen que me importase ningunha cousa nin o estronicio dos tiros que botei, sen carraxe, con gusto, coma quen tortura a un animal, neste caso ó cura e aínda á miña propia nai, botei dous tiros contra unha saca de serraduras, das que se botaban para enchoupa-las humidades. Logo gardei a pistola, os cascos, as balas de entre as serraduras e os cartos. Se o *señor cura* notase a falta, nunca sabería quen fora o ladrón. Amais, o que rouba a un ladrón ten cen anos de perdón.

Xa no faiado, vin que as balas e os cascos eran igualiños ós que atopara en Fontao. Aquela pistola debía se-la que matara ó falso alemán, o xudeu, querido de Lorena.

Co que viña de descubrir e co prospecto da menciña, acababa de caer na conta de moitas cousas e algunhas outras logo de consulta-la enciclopedia. Con amargura, pensei mal de Marte. As cousas confusas que clarexar xa eran menos, aínda que as probas tíñaas eu. E ben agachadas. Acababa de descubrir que a vida non vale nada. Hai que aproveitala. É preciso fachendear de te-lo que non se ten. E se non se ten, cóllese, do xeito que conveña, mesmo torturando ou matando. Faría uso da miña caudina herdanza.

PEDIDA DE MAN E CASAMENTO

Á tardiña, presentouse Cañeto, que xa se persignara, xa se xenuflexionara e xa rezara abondo de rosarios na casa con todos, e no palleiro, con Anxélica, pois eu ben a oín que lle reclamaba polo baixiño a Cañeto: *ven, non querías rezar un rosario no palleiro?*

Os *outros* agardábano ben dispostos, incluso o *señor cura*. Convidárono a cear, aínda que a cousa non comezou ben, xa que logo, cando chegou, todo empacquetado, de traxe e gravata —de mineiro convertido en fidalgo— o avó, que xa andaba engurrumiñado abondo, chantoulle:

—Entón, cal vén sendo a súa graza?

Cañeto, que non era galego, diante de tal pregunta alarmouse, pensou que non vestira a propósito para o evento, e que lle chamaban moicante ou pallaso, de modo que respondeu:

—No se me ocorre ningún chiste —dixo con mal cello.

Explicado o equívoco todo volveu ó rego e eu souben daquela que o meu curmán político presentou a súa tarxeta e se chamaba Xosé Pérez, sen segundo apelido. Ou sexa que o sogro e o xenro se apelidaban Pérez, os primeiros apelidos da terra, ámbolos dous expulsados do Paraíso canda Adán, xa que logo Deus lle dixo. *Adán, se comes da mazá Pérez serás.*

Logo do café de pote, apagado cun tizón de carballo, arranxaron os detalles do casamento. Con grande hipocrisía, Cañeto falou amarrido e humilde. Asegurou que el era unha inocente vítima dun mal entendemento, acusado de algo que nunca fixera. Agora estaba limpo, xa redimira as culpas, foran ou non súas, xa estaba en liberdade, xa podería traballar como perito agrícola —mentiu—, e aínda traballaría arreo no que cadrase. Asegurou que a súa intención era aplicar métodos modernos da agricultura naquela facenda. Faría dela a mellor da comarca.

Ó remate falou amusgado, con moita emoción e ardencia de discurso, asegurando que o que acababa de dicir non era o máis importante. O máis importante era que el quería a Anxélica con toda a alma e casaría con ela, polo si ou polo non. Aquela seguridade, sen dúbida, calou fondo *nos outros*, mesmo no xefe, o avó, quen asegurou:

—Pois aínda que non o aparente no parece ruín do todo.

Todos riron a gargalladas, ás gargalladas da alta tensión contida. Estaba claro que o *señor cura* tivera unha visitiña.

Demostrando o meu interese, aquela noite presteilles a miña randeeira ós noivos. Conviña ter da miña conta ó futuro curmán político.

Eu, teoricamente dende o faiado cosecía e sorría con ledicia a pensar no meu futuro. E a ler a don Mendo.

Co arrecendo das carpazas arrolábanse os namorados no palleiro, mentres, a curuxa grallaba no cruceiro, renxían os grilos e a música das minas viña de lonxe de acabalo do negrume da noite alumeada polas bágoas de San Lourenzo, trocadas en vagalumes do ceo.

San Lourenzo seguía a chorar e o *señor cura*, cunha luz a modo de espantallo, paseaba polo corredor e lía o libro dos rezos.

* * *

O casamento de Anxélica celebrouse axiña, a primeiros de setembro de 1943. Levou de madriña á súa nai e de padriño a don Guillermo.

Aínda que o máis importante para todos era a mesma cousa: sacar cartos do meu mineral, pero non podía extraelo e colocalo eu só. Precisaba deles.

Á fin da cerimonia vin a Cañeto despedíndose do padriño, bicándolle a man axeonllado:

—Como le he dicho siempre, señor Guillermo, cuente conmigo para todo. Y cuando digo para todo es para todo. Usted ya sabe.

ROGATIVAS

Pasadas as treboadas de xullo o verán foi enxoito. O vinte e un de setembro, ó enceta-lo outono as témporas quedaron de abaixo, de modo que se agardaba auga. Seguramente por iso e porque facía moita falta, o *señor cura* acordou celebrar unhas estangurriadas que chamaban rogativas para impetrarlle ó ceo que chovese. Logo, fosen as rogativas ou fose que as témporas coincidiran con lúa nova, naquel outubro choveu abondo.

Tamén en setembro, coma sempre, encomezou a escola. Eu, se cadra, asistía, Se faltaba era polas miñas ocupacións ou por ter que traballar.

Xa dixen que tiña moitas habelencias. Pois aínda mellorei outra: o repenicar. De veras que me gustaba subir á torre e repenicar. Din que fun un dos mellores sineiros. Daba os repeniques das festas, pero a cambio tiña que toca-las badaladas regulamentarias (á alba, á oración, ás ánimas), se sarabiaba, ás carreiras se había lume e as que menos me gustaban: as picadas dos mortos.

Seguían a correr da miña man outra chea de obrigas, coma tal bota-lo gando, leva-la besta á zarra ou ir á feira —isto pola miña conta, pois tiña que sumar cartos—, perseguir bichos, tirar chinas, recolle-lo mineral e leva-lo leite á casa de Marte e á de *don Inguiniero*, que agora xa dera amañado os documentos para a adopción de Mina.

De seguro que ninguén sabe quen lle contou a Cañeto onde tiña que sachar para atopa-lo mellor mineral. Traballou na zarra coma un negro, case sempre pola noite, amais que era un experto co *chispo*, que separaba o cuarzo do volframio. O que *recuperamos* da cova do pozo era do mellor. Por medio do enxeñeiro vendíámolo directamente á explotación coma se fose viño do Ribeiro.

Cañeto, *don Inguiniero* e mais eu estabamos a amasar un bo peto.

E eu tamén amasara segredos abondo.

Con ollos compracidos vía medrar á miña afillada, escoitando a dona Tomasa arrolándoa no berce.

Polas noites, recontaba os cartos: cincuenta mil, cen mil, duascentas mil pesetas... Canto tiven que carrexar! Centos de quilos de mineral, que se di decontado! Que gustiño daba conta-las pesetas!

* * *

O *señor cura* escoitaba os Partes de Radio Nacional, e aínda se poñía coa man en alto cando remataban: *José Antonio: presente, gloriosos caídos por Dios y por España: ¡presentes! ¡España, una! ¡España, grande! ¡España, libre! ¡Viva Franco! ¡Arriba España!*

En tanto, Cañeto, ás agachadas, segundo eu oía no faiado, escoitaba moitas emisoras árabes, a BBC de Londres, a Voz de América e Radio España Independiente Estación Pirenaica. Polo tanto eles dous tiñan puntos de vista moi afastados con violentas discusións por mor da guerra.

Corría o mes de outubro de 1943 e o negocio do volframio, da noite para a mañá, sufrira un estancamento. Todo, segundo oín que lle contaba Cañeto ó señor cura, polo que dixeran na BBC, por culpa de que Franco contestara unha mensaxe do presidente da nova república independente filipina chamado Laurel, recoñecendo un novo goberno instalado por Xapón. Estados Unidos reaccionou contra España suspendendo totalmente os contactos e filtrando plans de invasión da Península Ibérica, a non ser que o Goberno español trocase a Laurel, retirase a División Azul e suprimise o envío de mineral a Alemaña.

Unha pena —segundo a versión da Pire— xa que dunha tacada, invadindo a península, rematarían coas ditaduras de España e Portugal.

Logo, fose por iso ou polo que fose, Franco cumpriu con todo. E nese contexto o mineral foi cando máis se pagou. E eu máis rico!

Malia as adversidades, o cura seguía asegurando que na guerra interviría o propio Santiago Apóstolo e nunca gañarían outros que non fosen os do seu bando.

Cañeto, por lle leva-la contra, diante do *incidente Laurel* (segundo lle chamou a BBC) lamentaba (igual cós da *Pire* e os comunistas) que se perdese aquela ocasión de rematar coa Ditadura, aínda que fôsemos invadidos polos americanos. Os domingos pola tarde sempre se escoitaban monótonas voces interrompidas por estentóreos berros. Era a

radio cos partidos de fútbol, aínda que o peor viña logo cas discusións do *señor cura* decindo que non había ninguén mellor co Real Madrid mentres Cañete aseguraba que era o Atlético de Bilbao.

Pero o que máis rebentaba ó *señor cura*, fóra do fútbol, era que o intruso a quen dera abeiro, engadía con sorna:

—Señor Claudio, yo haré sempre todo lo que me mande, todo lo que me pida, pero eso no impide que, ya que no nos invadieron los norteamericanos, al terminar la guerra no vengan los Aliados y echen al Generalísimo a patadas. Y cuando ocurra yo iré con ellos y les daremos una paliza a los curas y a los frailes. —E cantaba—: *Si los curas y frailes supieran la paliza que van a llevar...* Pero aún así siempre estaré yo aquí para defenderlo, señor Claudio, no lo olvide,— e bouraba tres veces no peito coma no *mea culpa*.

—¡Eh! ¡Eh! ¡Para el carro! Eso lo oíste en alguna radio enemiga. Pues debes saber, querido sobrino político, que en esta santa casa la única emisora extranjera que se puede escuchar es la Radio Vaticana.

—¡Ah, sí! Esa que tiene la cantinela: *Laudetur Jesus Christus*.

—Esa. Pero, ¿cómo lo sabes tú?

—Católico, apostólico y romano que es uno —dixo con toda a cara.

No encetar do 1944 corría polas minas o ruxerruxe de que o concello marcharía de Carbia para As Cruces. Así, en outubro mudou e déronlle o nome de: Concello de Vila de Cruces.

Malia as novas do remate da guerra, por estar tan ocupados en sacalo mineral, non asemellaba preocupar a ninguén nas minas e o negocio do volframio seguía a funcionar a canto gas daba, todo de estraperlo. A civil tiña moito traballo e decote había tiroteos.

Cumpría que eu fose desprendido con *don Inguiniero*, que tiña moitos gastos en festas por mor de manter influencias. Dito en román paladín, tiña que repartir co Vaticano, co Sarxento, co Alcalde, co Gobernador, e sabe o demo con quen máis.

Mesmo o enxeñeiro, xa rico de antes, agora era cada día máis.

Compracido, vía como a miña afillada, arrolada no colo da súa nai, que xa sorrira diante do trasno meniñeiro, medraba de corpo e de cabeza. Era aguda coma un allo, algo nunca visto, un prodixio. Xa se botara a andar ós nove meses. Lembro a ledicia e a cara de felicidade do enxeñeiro e da súa dona cando lles chamou papá e mamá por primeira vez, unha tardiña de verán, xusto coa lúa chea asomando por enriba do Carrío, grande coma unha bóla de lume.

E eu sorría co queixo caído.

UN MÁIS NA FAMILIA

Andaban aqueles días cos preparativos de algo que tiña que acontecer na casa por haber lúa chea, motivo polo que tamén andaban a trasfegalo viño e poñe-la borra dos colchóns a secar espallada polo sobrado do comedor. Era marzo de 1944 cando alguén me refregou as orellas erguéndome en alto entre as dúas mans e dixo: *quieres ver ó Apóstolo Santiago? Mira, aí o tes ó lonxe, con estrelas e todo.*

Aquela noite, preto do abrente, coa lúa minguante polo Pico Sacro, por onde din que cae Santiago, acordei sobresaltado.

Vaia rebumbio se montara na casa!

Viñeran mulleres de fóra, todos ás carreiras, levando lenzos, panos brancos e auga quente. Logo vin chegar ó meu curmán político coa señora Pepa, a compoñedora. Deseguida oín fortes xemidos que viñan do cuarto de Anxélica. Aínda din distinguido, que calmeaba, coma un can adoecido e berraba: *se soubese... isto... hai... nove meses?* —logo doutra restra de alampados queixumes volvíñ escoitar— *maldito... Cañeto! Non... quero... verte diante! E como é... que non... te presentas...! Fuxiches...? Non... cagarolas, non te perdoo... o gusto... polo mal...! Non..., non cubre! Seica andas... fuxido...? Non, non... quero... saber... de ti!* Cañeto fumaba medindo o corredor, dunha beira á outra, en tanto a señora Pepa bruaba máis cá miña curmá: *xa pasou a lúa chea, de modo que para de berrar e aturra. Veña turra máis forte, máis. Cala xa, ou temos que ir por San Miguel. Perdes tódolos folgos pola boca.* Cando oín nomear a San Miguel pensei que Anxélica estaba a piques de ir á pataqueira. Coa ameaza, os berros foron subindo deica un máximo e deron paso a un silencio, logo rachado polo cuincar dos porcos e seguido dun pianxar acompasado e dun choromicar a cada paso máis forte que xuraría que era dunha criatura.

Ledo coma unhas pascuas, pola mañanciña, Cañeto achegouse a min e asegurou: *ti serás o padriño.* Unha galiña cantou e cumpriuse a sentenza: *a galiña pare cantando e a muller chorando.* Logo todo acadou maino.

A señora Pepa saíu pola cociña, fitou á gateira da porta e ó ver unha galiña que saía por ela, faloume: *ti vas selo padriño, non si? Pois ten tino desa churra, dará un bo caldo para a parida.*

Foi unha lúa minguante chea de nacementos: Anxélica trouxera ó mundo a un Cañetiño, unha galiña que xa deran por morta saíu da silveira coa súa rolada, a da casa tamén ergueuse cos seus pitos e unha ovella lambía a tres cambaleantes añiños.

Fun de padriño do Cañetiño. Xa era padriño por segunda vez. Cañeto, dera a orde de que me puxesen unha boa cama, no faiado, cunha bufarda, xa que logo eu non me quixen mudar ó estrado. Non quería perde-lo meu máximo privilexio: a liberdade. Daquela ós meus apousentos chegaban ecos dunha música árabe, que escoitaba Cañeto, que certamente a min encantábame. Tamén daquela percibín o recendo estraño do que fumaba que lle chamaba chocolate. E o que mais me amolaba pola noite era o berrar do meu afillado Federico Pérez Pérez, fillo de Juan Pérez, sen segundo apelido e Anxélica Pérez de Armas, ó que eu alcumei Cañetiño. Moito berraba o cativo. Tiña un xenio que metía medo.

* * *

E tumba que dálle, malia estar prohibidas as festas do carnaval, e polo tanto disfrazarse, nas minas houbo máscaras abondo. Acolá a vida non valía nada, había que vivila a máis non dar, diante do fio da gadaña acabada de cravuñar, sempre disposta a segar. Que lle importaba a aquela xente a condenación eterna! E moito menos as ameazas de don Caudillo! De modo que o entroido, malia que nevara, xurdiu con forza. Correu o viño a todo correr, cocidos a todo cocer e filloas da pedra con amoados de moitas clases. Ninguén podería facer nada contra os alemáns nin contra doutros estranxeiros que acolá se divertían. De lonxe viñeron comparsas moi vistosas de grande estangurriada: *O Frade, As Vodas, Os Xenerais*. De rechamantes uniformes, montados nos seus cabalos, din que viñeran da Ulla, da Estrada, de Vea e de Cacheiras. Lembro un *atranque*:

*Xeneral, xeneral,
non veña con valentías
xenerais coma este
cómoos tódolos días.*

E o Caudillo, tamén comera xenerais?

A devoción relixiosa non medrara abondo e os sermóns do *señor cura* eran recorrentes coa teima do demo solto e de mandar ó inferno a tódolos disidentes do fascismo. Cumpría un desagravio diante do Noso Señor: unha Santa Misión!

Deseguido, na Semana Santa celebrouse, deixando como testemuña, na fachada da igrexa, outra cruz, a carón da dos Caídos.

Aquel ano, lémbroo con orgullo, xa que o domingo antes comeramos boas unllas, o que me deu forza para no de Ramos levar o ramo máis alto e grande da parroquia, que fixera con ramallos de acivro, loureiro e oliveira atados á unha longa cana verde. Na bendición todos a bourar cos cabos dos ramos contra o chan. Asemellaba unha auténtica tronada!

Rematada a misa, a paus uns cos outros, polos camiños e vereas foron quedando tirados cachos dos ramos, de modo que de volta na casa só levaba dous ramallos de oliveira. A miña nai, que agardaba unha manchea deles, por pouco lle dá algo ó ver que só volvía con dous.

—E menos mal —rosmou— que a casa e o gando xa están bendicidos para este ano, que se fose por ti, virían a mallar en nós tódolos demos do inferno.

Un gardouno na súa camariña e o outro entregoumo a min para que o prendera nunha viga do faiado.

* * *

Era primavera e todo renacía de xeito que no meu entender, Mina, Cañetiño, os pitos que atopaba nos niños, a galiña que se presentou coa súa rolada e calquera outros seres vivos, agromaban como por arte de maxia. Por mor diso eu andaba inqueda, sempre a agardar, a pescudar algunha nova vida. E si que tivo que pasar tempo, non lembro canto, pero moito, cando un día escoitei un choromicar nun recuncho da casa e con gran sorpresa atopei unha meniña que chamarían Anxélica, irmá de Cañetiño. Logo, co paso do tempo, xa medrado, perdín aquela inquedanza e deixei de agardar por nada.

MAGOSTO

Malia ter moitos días malos, cada día máis me consideraba se-lo fillo de Marte. Como nunca choveu que non escampase, nunha escampada, nun abrente de Santos, escoitei que cantaba, acompañada doutra muller; pensei que era Lorena, pois como eu era moi cativo e non asumira do todo o que era a morte, cada día agardaba atopala en calquera recuncho:

*Yo te diré
por que mi canción
te llama sin cesar,
me falta tu risa,*

*me faltan tus besos
me falta tu despertar.*

—Ola, meu Astro! Pasa. Hoxe é un día especial para min. Estaba aquí escoitando e lembrando cousas vellas no meu gramófono —botou a andar un disco negro coma o volframio, a cantar canda el e canda a outra muller que tiña pinta de muller de aldea, que acababa de contratar para que coidase dela e da casa.

O cuarto en perfecta orde, arranxado, con cores entre vermello e branco, impregnaba un recendo a rosas. No peitoril da fiestra tiña un testo con prímulas e a carón do gramófono, unha bandexa de prata cuns perendengues, creo que de ouro, un colar de perlas e outras xoias. Nas meañas de noite destacaban uns floreiros con camelias brancas e vermellas.

Non sei quen cantaría mellor a do disco ou ela. Con bágoas nos ollos, Marte ergueu a manivela. Sacou un pano da man dunha manga. Pareceu-me que tiña manchas de sangue. Secou os ollos, asou o nariz e mandou marchar á muller. Levoume á cociña. Con dedicación, amañoume a roupa, colocoume ben o cinto —o propio que eu mercara na feira por vinte e cinco pesetas das cen que ela me dera—, lavoume e peiteoume. Sabía que eu era moi chocolateiro, de modo que me puxo para almorzar chocolate con sopas de pan de trigo de muíño albeiro.

Aínda que cando cheguei cantaba, comprobei que facía coma o galego: cantaba por non chorar. Eguín a vista e vin que seguía con bágoas nos ollos. Pregunteille que lle pasaba. Tiña un gran segredo. Fíxome prometer que nunca o sabería ninguén. Con moita tristura, saloucando, contoume que era o día do terceiro cabodano do seu fillo, que morrera camiño de cumprir cinco anos. Logo quedou pensativa, calada, mirando ó ceo a través da fiestra, pianxou: *o meu Astro, brilla acolá enriba, está a agardar por min. Ti es igualiño ca el. Ti poderías se-lo meu Astro. Queres? Voaremos na randeeira, subiremos á cerdeira e botaremos unha carreiriña na besta Que me dis?*

Non me decatara do todo do que me estaba a falar, malia fixen un movemento de cabeza e díxenlle que si. Non tiña palabras. Só aclarei:

—Non é cerdeira, que é sobreira, aínda que cerdeiras tamén temos.

Caendo na conta da alma tan galega de Marte, pensei que o pasaría ben na festa do magosto. Convideina. Malia que estaba moi triste, veu. Non todo tiña que ser malo. Din que o malo logo se esquece, mentres que o bo lémbrese ben mellor.

Por ben mellor conservo nun lugar destacado aquel magosto de santos de 1944. Aínda hoxe vén á miña memoria o souto de Salgueiro, cos rabuños nas silveiras escoitando e o varezar nos castiñeiros. Era no mes de outubro. As castañas foran cativas aquel ano, pois en agosto arderan en setembro non beberan, malia as rogativas. O avó e os Manolos, nun día de brétema e orballo manso —presaxio falso dunha chuvía que non daba chegado—, cantando cada un o seu cantar, amorearon os ourizos en corripas.

Xa destelados e debullados os ourizos, chegou o día.

No souto, á tardiña, que asemellaba de primavera, xuntárase moito público. Prenderon unha larada e nun fachuco de fentos repartiron as castañas asadas, cachelos, queixo e pantrigo, mentres os máis vellos probaban o viño novo. Marte estaba arroubada diante do espectáculo —gaitas, bailes, cantigas, aturuxos e estalos dalgunhas castañas, pola calor do lume— non había cartos para foguetes. As gaitas tocaban a todo tocar e o berro ancestral galego: *Árdell'o eixo, carballeira!* oíase en Porto do Carrio, coa romaría cantando e bailando a canto dar.

Algúns mozos axexaban con envexa, todos degoiraban bailar con Marte. Estaba guapísima! E posto que os rexeitou no remude, algúns que lle deran á caña, aínda lle chamaron as catro letras. Mesmo, os que tal cousa fixeron, ruíns do todo, penso que lles terá pesado, porque os escoitou o sarxento, quen, con outros gardas, prenderon ós malfalados e leváronos ó cuartel. Apalpáronlle-las costelas!

Marte só quería bailar comigo. Pero eu era un trosma e piseina unha chea de veces. Aínda que me gustaba moito a música, era un mal bailarín. Non volvería bailar. A miña negativa deu lugar á parte triste da festa, xa que logo Marte, que bebera algún viño novo e caña de máis, non se deu esquecido do seu Astro. Xa prenderan os fachuzos e ía fresquiño, cando quedou pampa mirando as estrelas e se botou a chorar.

—Non chores —dinlle un bico— a partir de agora eu serei o teu Astro.

Tamén viñeran o enxeñeiro, a súa dona e Mina, vestida de *bailaora*. Dona Tomasa emperrouse en que eu bailase coa nena no colo. Dese modo, decontado, faltei á promesa e botei outros simulacros de bailas.

Ben guapa e larapeta que estaba! Fose polo que eu lle dixera, ou fose por beber, ou fose por bailar daquel xeito, Marte cambiou de humor. Botoume a outra man polo ombreiro e eu collín a Mina no colo, os tres, coma tolos, nun virar e revirar furioso bailamos en tanto Marte cantaba:

Vira, vira, estrelíña, vira, non deixes de virar.

Viramos e reviramos bailando deica quedar con todo ás voltas. *Don Inguiniero* decatouse do noso vertixe e tentou termar de nós. Tarde piou! Xa andabamos os tres ás catro patas!

Foi a mellor festa do mundo!

O día máis feliz da miña vida!

DON MANOLO

En febreiro do corenta e cinco xa ninguén dubidaba da fin da guerra e do wólftram. Nas minas, o besbellizo da vida e dos negocios andaba máis tolo ca nunca.

O día que din que se casan os paxaros, ou sexa pola Candeloria, ía moito frío. Como lle prometera, logo de levarlle o leite, fun con Marte a San Brais mercar pan para facer uns gaiteiros de sardiñas. Volvemos cedo porque ela atopábase cativa.

O outro día presentouse unha xeadada que deixou todo branco, asemellaba que nevara. Xa que logo rematara a lúa nova, no camiño das minas cruceime cun capador tocando o seu chifro. Na casa do enxeñeiro, el e a súa muller agardaban trala porta. Estaban esperándome *don Inguiniero*, que quedou coa meniña, e a súa muller que logo de regalarme unha laranxa me acompañou á casa de Marte.

—Toma esta naranxa, te veo un poco pálido —dixo dona Tomasa que tiña sona de saber máis de medicina que o propio *don Corazón*—. No tendrás lombrices. Le recomendaré a tu madre que te dé raíz de genciana.

—Lombrigas? Non ho! Iso tívoa a miña curmá e déronlle lavativas de aceite e xabón.

Entramos sen petar. Marte estaba na cama. A seu carón unha señora que a coidaba e don Fernando, de traxe e gravata. No cuarto cheiraba a alcanfor e a eucalipto, que fluía do vapor de auga dunha almofía. Marte, de aparencia atroz, con pingas de suor pola fronte e as meixelas, alentaba tirando do aire e das ventas, tiña unha ferida nun beizo e esgarros de sangue no ouriñal. Asusteime.

—Xa chegaches, meu Astro! —recíbume cun bico—. Ven cabo de min. Dálle un bico á túa nai.

—Que tes miña santa? —preguntei dándolle o bico no que puxen toda a alma. A súa meixela queimaba coma unha ascua.

—Estouche moi maliña —laiouse Marte—. Xa me puxeron dúas inxeccións de alcanfor, que me receiptou don Corazón, doéronme a rabiarse

e non me fixeron nada. Agora don Corazón e don *Inguiniero* acordaron traer un médico novo, que ten moita sona, que din salvou moitas vidas, que chaman San Miguel, ou don Manolo – falou fitando cara a min con ollos de esperanza.

—Ahí llega el Doctor Reimóndez —dixo don Fernando—. Tomasa vete a buscar a tu marido, que venga.

—Ya voy —falou dona Tomasa—. Y tú, ¿no te comes la naranja?

—Logo. Agora non me vai prestar.

Saín á porta coa laranxa na man. Vin chegar a San Miguel dacabalo, cun donoso abaneo ó ritmo das pisadas do animal. Viña de lonxe, de case dúas leguas e traía unha besta igualiña cá miña. Decontado vin que non era igual, pois era das que van á misa, xa que logo parouse en seco, e abaixando as patas dianteiras, púxose de xeonllos. Aínda que non sei se o médico a tería acasañada, porque o home, mozo e lixeiro, voando coma un anxo que dicían que era, quedou de pé diante do animal, coa súa carteira na man, igual ca se non pasara nada.

Don Manolo, don Fernando e *don Inguiniero* saudáronse con cadansúas inclinacións de cabeza e sombreiros. San Miguel, impecábel, de traxe e gravata, non parecía que andase, senón que voase coma un anxo que era. Apresureime a levarlle a carteira e entrei na casa a súa par. San Miguel fitou-me ó fondo da alma. Lembro nidia a súa penetrante mirada cando me dixo:

—A quen temos aquí? Un mozo que come froita —falou en galego—. Pois come sempre moita froita, rapaz, de seguro que vivirás moitos anos.

Acababa de autorizarme a ser parte naquela reunión; de modo que eu con voz baixiña, a carón da súa orella, sen que ninguén me escoitara, pregunteille:

—Está moi maliña?

O médico non respondeu pero mirome compadecido. Penso que caeu na conta da miña fonda tristeza, da miña presenza nun lugar impropio para un pequerrecho, de modo que quixeron botarme fóra, pero Marte pediulle que quedase. O home sentenciou:

—A enferma é a que manda, se quere que quedas, queda. E logo —preguntoulle a Marte— é o seu fillo?

—Certo que o é —respondeu ela, sen que ninguén lle levase a contra.

Nunca ninguén me mirou e falou igual ca don Manolo. En galego! Insólito! Un médico, de traxe e gravata, falando galego!

Mandoulle abri-la boca e bota-la lingua. Logo escoitoulle o peito cunhas gomas. Non me deu boa espiña cando se parou a escoitar insistentemente no mesmo lugar. E menos cando lle sacou o termómetro.

—Ten quentura abondo —falou cara a min sacando as gomas das orellas. Era agudo aquel médico! Xa caera na conta de que era a min a quen máis lle importaba; era o seu fillo—. Imos ve-lo que se pode facer, pero tuse moito e cos antecedentes.

—Terá un *costado con palmonía*? —preguntou a muller que a cuidaba—. Haberá que darlle auga de ourego para a quentura e poñerlle no peito unha cataplasma dun farrapo con sebo para acalma-la tose.

—Quererá dicir un papel de envolver con sebo? Pois si, pode que teña unha pulmonía —asegurou o médico con autoridade, pregando o cello—. Cómpre poñerlle penicilina. É o máis moderno que temos. É mala de conseguir e moi cara, pero seguro que se don Guillermo se move...

—Por dinero que no sea —asegurou axiña o aludido—. Claro que me muevo, tengo amigos importantes. ¿Digo o no digo verdad, Fernando?

—Nadie duda del poder que tienes, Guillermo —afirmou don Fernando—. Lo que tú no puedas hacer...

—Eu tamén oín falar do seu poder —interrompeu con pouco entusiasmo San Miguel— pero cos tempos que corren.

—Veré lo que se puede hacer —saíu moi farruco o enxeñeiro deixando ben sentado o seu poder, poñendo o chapeu e falando dende a porta—. Espérenme aquí.

Logo dun tempo que me pareceu un século regresou moi oufano.

—Conseguido, lo he conseguido, pero alguien tendrá que ir a buscarla. El lugar más cerca de donde pueden traerla queda algo lejos.

—A onde hai que ir? —preguntei eu angustiado e arrogante a un tempo.

—Al Campo del Tojo —contestou *don Inguiniero*—. La penicilina sólamente podrá venir en una avioneta y la traerá un piloto francés.

—Irá meu Astro —asegurou Marte—. Vai camiño dos nove anos e é moi agudo. A súa besta, non desprezando a de ninguén, é ben lixeira. O meu Astro é o único que ma poderá traer.

—Ouh, o Campo do Toxo! Xa sei —sinalou San Miguel coa cabeza cara o nordés—. Cae a carón do Carrío por vieiros de mal camiño. É o máis preto onde pode aterrar unha avioneta. Acolá aterrou o noso Loriga o 23 de xuño, véspera da Romaría do Corpiño do ano 1927. Por ser festa xuntárase moita xente no adro do Corpiño. Quedara de vir ás seis, pero non concretara se ás seis da mañá ou da tarde, alí estiveron os da comarca todo o día agardando, pois chegou ás seis da tarde. Foi algo sobrenatural, emocionante ver voar aquel enorme paxaro con Loriga dentro. Era unha avioneta AVRO. Nunca tal cousa se vira! Un milagre! A xente tremía de

emoción e de medo. Todo o que voara que non fose un paxaro era cousa do demo, e máis alí, aquel día, que tantos demos quedaran soltos logo de mallados naquel adro! Mesmo agora Loriga xa é un heroe, unha lenda da aviación. E tivo mala sorte porque morreu de contado, o 18 de xullo, nun accidente con outra avioneta.

—Ouh! Morreu o mesmo día e mes que nacín eu, nove anos antes.

—Así parece. Trouxérono a soterrar aí —sinalou coa cabeza—, a Santa Baia de Losón. Tan grande sona tivo e tan tráxica foi á súa morte, que incluso andou nas coplas dos cegos.

—El piloto —completou a información o enxeñeiro— vendrá de parte del ejército Aliado. No me gusta hacer tratos con esa gentuza, pero dado el caso... Según los cálculos, puesto que tenemos buen tiempo, podría aterrizar esta tarde.

—Entón vou bulindo. Mellor chegar cedo que atrasado.

—Certo —asegurou San Miguel—. Pola noite non hai quen ande por eses camiños, non vaia ser que atopos ós Foucellas, ou sabe o demo a quen.

—Non ho! Para os fuxidos, un pequerrecho coma min, nin caso e ó lobo gústalle máis as ovelas. Ben sei onde é. Pasados o Corpiño, Busto e Madriñán, arrodeando o Carrio cae o Campo do Toxo.

—Toma, el dinero – o enxeñeiro entregoume un vulto.

Cantos cartos! —pensei cando vin o vulto—. Custa máis có volframio. E non atoparíamos un filón de pichilina? Se soubesen os fuxidos o que levo si que correría perigo. Irei por corredoiras, comareiros e outros atallos.

Expliqueille ós da casa o que me acababan de encargar, da responsabilidade que collera. Deixáronme ir, pero cun arreo vello e unha monteira remendada que me quedaba para as medras. Ía frío abondo pero o sol brillaba baixo. Co ramal na man e poñendo o pé no estribo faleille á besta:

—Hoxe non imos á feira, temos que facer unha viaxe máis longa por iso tes que leva-los aparellos, imos agardar un milagre que vén do ceo. Quero que o piloto francés te vexa con ollos belidos. Aínda non chego cos pés ós estribos, o freo e o atafal van frouxos e non levo esporas. E se te portas ben e non bisoñas, non usarei a fusta.

Animaliño! Portouse do mellor e eu fun de palabra.

ÁTERRAXE NO CAMPO DO TOXO

Todo estaba calmo no Campo do Toxo.

Logo de agardar un tempo que a min se me fixo eterno, sentín un zoar que viña do ceo, en tanto a besta diante daquel acarizo, coas patas

dianteiros petaba no aire, erguía a cabeza, recachaba os dentes e bufaba nerviosa. Acolá chegaba de catón. Mirei e vin algo no ceo que fungaba coma un enxame e que logo virou nun gran paxaro de prata brillando ó sol, pousou as poutas na leira e quedou parado, arremuiñando a herba.

Pero non era nada celestial! Xa oíra falar e xa vira fotografías dos avións, dos globos aerostáticos e dos cepelíns. O home sempre quixo voar. Mesmo, unha cousa é falar e ver fotos, e outra atoparse acolá diante dun avión. Aquel chamábase un *Breguet*. Mi madriña! Que aparición! Eu sabía que todo o que chegase do ceo tiña que ser doutro mundo, como o Noso Señor o día da apocalipse. Como sendo de ferro aquilo era quen de voar, e aínda disparar tiros, botar bombas e matar xente? Pero hoxe, o Breguet non viña coa idea de matar, senón a contraria. Hoxe traía a idea de librar da morte á persoa que eu máis quería no mundo. E viña de parte dos Aliados. Dende aquela caéronme ben os Aliados.

Achegados a seu carón a besta asustouse por conta dun bufido forte e redondo que saíu do morro do paxaro de ferro que case nos tumba.

—Non te preocupes —faleille á besta—. Non é nada malo, só é un avión. Non ves que ten xaneliñas e alguén dentro? Non ves a súa cabeza?

Era un enorme paxaro con bandullo de ferro e as ás máis longas que o noso hórreo. Do bandullo saían outros ferros, a modo de canóns ou escopetas. As poutas eran rodas e detrás outra roda e un rabo.

Abriuse unha portiña, e de dentro, saíu o que debía se-lo piloto, con uniforme, anteollos, casco e botas. Non lle vin a cara, semellaba unha máscara do Entroido. Toda unha visión!

Abraiado pensei que cando medrase *ordenariame* de piloto.

Botábase a noite e a brétema principiaba a cubri-lo cumio do Carrio. As cousas non estaban para lerias, de modo que o piloto con ademáns lixeiros, falou nun idioma que non lle comprendín, sinalando cara o monte, con acenos de ter moita présa. Entregoume o paquete, e eu, man por man, lle entreguei o sobre. O espantallo, ou o home, ou o que fose, subiu lixeiro ó avión e eu á besta. Os dous, o avión veloz e a besta amodiño, arrincamos en direccións contrarias. Dacabalo, mirei cara a atrás e fun testemuña do zoar daquel motor que logo dunha carreiriña polo campo se perdeu no ceo. Incrível! Que emoción! Que tempo me tocou vivir! Xa non só voan os paxaros! E pensar que andan a matar xente e matarse entre eles no medio do ceo! Que tristura! Mesmo a aquel paxaro si que non sería quen nin querería derrubalo co meu tirapedras!

Entre lusco e fusco, a besta sprintou e rematou a viaxe ó trote picado. Chegou suando a fío e rinchando coa cabeza erguida, fixo unha cabriola,

á modo de estatua ecuestre, de gañadora, asisada do que acababa de facer. Desmontei, amarreina pola cabezada, atei o ramal, acariñeina e dinlle as grazas. Acolá, agardando por min, estaba aquel médico que chamaban San Miguel e que atendía por don Manolo. El tamén tiña un bo faco, xa fora á súa casa e xa estaba de volta. Cabalgara tanto coma min. Quería, devecía por ser un dos primeiros médicos no país en inxecta-la penicilina. E de seguro que o foi!

Ninguén entendía a entrega daquel médico. Como santo que era, inxectou a penicilina, e logo adiviñando os pensamentos, falou beatífico:

—Non comprendedes, ¿non si? Ninguén comprende a entrega de moitos médicos. É cousa da vocación. É algo difícil de explicar, un especial sentimento, ... *É un dos praceres reservados só ó médico rural... a pé ou a caballo, en noite de pintas ou de neves e treboada, só nós podemos presumir de telas vivido con toda intensidade (sic).*

San Miguel montou no seu faco e marchou, sendo noite pecha. Non tiña medo. Ninguén se metería cun santo!

VIÁTICO

Marte estaba moi maliña e deliraba preguntando por min e polo seu Astro.

Xa que ela mo pediu e eu aínda non era renegado do todo, fun buscalo *señor cura*. Deume mala espiña o pedido de que lle deran o Viático e lle puxeran os sacramentos. Non me gustou.

Ó entrar na igrexa vin a unha curuxa co seu corazón branco bebendo o aceite dunha lámpada. Atopei ó cura no rosario, quen diante da miña súplica, sen dar un chío, parou o rezo e arrincou co viático, eu de acólito, tocando a campaiña, coa xente do rosario detrás, con candeas prendidas e cantando o *Perdónale Señor*. Aquela noite moitos escoitaron a curuxa no alto da torre e viron pasa-la Santa Compañía (eu non son supersticioso pero todo pintou ben negro).

Confesouna, deulle a comunión e púxolle a extremaunción.

O *señor cura*, ó marchar, quedou fitando cara a min con cara supoño que de preocupación, ou de compaixón, ou de simpatía, ou de admiración. Ou de papaleisón. Ou non sei de que. Por unha vez non era de menosprezo nin de xenreira.

Máis tarde Marte mandou saír a todos menos a min. Coa boca seca e os beizos degretados, falou amodiño na miña orella:

—O cura púxome a extremaunción, coa absolución dos meus pecados. Grazas filliño. Fixeches por min todo o que estaba da túa man para me salvar. Ven, achégate, dáme un biquiño e escoita, atende ben. Abre a cómoda e colle a caixiña que hai dentro. Vela? Está pechada, pero ten a chave debaixo pegada cun esparadrapo. Nela está o meu diario. Quero que o leves ti, agáchao ben. Son os segredos da miña vida. Ninguén pode sabelos. E agora non te vaias, queda a durmir comigo.

Pechou as pálpebras e quedou calma.

Logo dun tempo, cando se decatou de que estabamos sós nolos dous, cun esforzo supremo ergueuse da cama, apoiándose en min e na parede, achegouse ó aparador, cuberto por un hule de flores, cun gramófono enriba e botouno a tocar o corrido *¡Jalisco no te rajes!* Como por ensalmo, ó revés que no corrido, a parede rachouse deixando á vista un cuartíño. Dentro, nunha mesiña, un raro aparello, do que saían uns arames:

—É unha radio receptora emisora, aprendereiche como funciona.

—Oh! —quedei abraiado— é igual cá do cura. Non pode ser! Ti non tes nada que ver coa morte do xudeu alemán.

—Canto sabes! Pois claro que non. O xudeu alemán non está morto, o morto foi un que trouxeron os ingleses.

—E logo, Lorena, *don Inguiniero*, o sarxento, o alcalde e o cura, ¿traballaban para os ingleses?

—Contareiche o que eu sei. Lorena e mais eu si, traballamos para os Aliados. A penicilina non a pagou *don Inguiniero*, é miña, gañeina eu.

—Pois eu deille un avultado sobre ó aviador.

—Si, pero foi a maiores. Estalles ben. Que paguen! Pero, ¿como é que sabes tantas cousas?

—Vouchas contar. Saberalo ti soa no mundo. Un día atopei na sancristía un aparello igual. Alégrame saber que ti e mais Lorena —que o Noso Señor teña perdoado— non tivestes nada que ver con eses asasinios.

—Pois claro que non! Aínda que si fomos nós as que lle transmitimos ó cura e ós outros que viñeran rematar ó xudeu. Picaron coma chineses. Pensaron que o mataran, pero levaba chaleco antibalas, de modo que ó dispararlle tirouse ó chan, igual ca se caese morto. Logo os ingleses amañaron ós arrieiros no pazo da Almuzara, antes da subida do Paraño, onde se apousetaran co gallo de tomar unha richada (que lles baixaran de Forcarei) e un bo viño do Ribeiro. Alí trocaron os bocois, o de viño por outro que eles trouxeran cun morto.

Era a primeira vez que pasaba unha noite en vela, e a única que o fixen por unha boa causa. Despois teño pasado moitas, pero de esmorga e bebedela. Estiven alí toda a noite, sentado nunha butaca.

Marte durmía cun sono lene, ás veces interrompido pola súa tusigueira apagada, case sen forzas, con esgarros de sangue que pingaban pola comisura da boca, que eu secaba cun pano, mentres con outro lle mollaba os beizos. Non paraba de pedir auga. Estivo case toda a noite delirando. Pasaba as mans por diante da cara, coma se quixese apartar algo, e tapando os ollos, pedía que lle apagase a luz, que non estaba prendida. E falaba decote do seu Astro.

Á unha da madrugada chegou o practicante, que logo da súa liturxia de ferve-la xiringa e a agulla, carga-la branca menciña, axitala, colle-lo algodón mollado en alcohol e darlle as palmadas nas cachas, mentres eu miraba para outro lado, púxolle a segunda inxección.

Ás sete da mañá, eu medio adurmiñado, volveu o practicante a poñe-la terceira inxección. Fitou á enferma e asegurou:

—Paréceme que houbo sorte. Quen o diría. De tódolos que vin ninguén o contou.

Aquilo deume afouteza. A modo dun encantamento, quedei fresquiño coma un repolo, sen chisco de sono. Sendo noite pecha, con ledicia prendín o motor do meu *coche de liña* e guiei lixeiro camiño da casa a colle-la leiteira.

Cando vin de volta co leite, Marte tomou un grollo. Despois alguén lle recomendou unha cunca de caldo de galiña que bebeu con moito ánimo.

Á unha da tarde, coincidindo con outra dose, chegaron o doutor San Miguel, o médico das minas e o practicante. Botaron a todos fóra do cuarto. Marte dixo que eu non saíra. O practicante inxectouna. Logo dun anaco trocaron as facianas preocupadas por outras compracidas.

—Isto parece un milagre! —asegurou San Miguel—. Esta menciña vai armar unha revolución no mundo.

—A lo mejor también se podrá recetar para la tuberculosis – foi quen de opinar don Fernando.

—Non, ho! Para iso fai falta descubrir outra. Esta, xa din os libros, para a tuberculose no vale. Quen nos dera! Nos tempos de fame que vivimos, é un andazo que non deixa a un vivo.

—Exacto —dixo don Fernando—. En estas aldeas he visto familias enteras que han desaparecido. Aunque peor es la tisis galopante. ¿Tampoco tiene remedio, ¿verdad?

—A tise galopante é a mesma doenza na súa forma máis grave. Xa che dixen que pouca cousa temos. Hai casas de repouso, pneumotórax, toracoplastia, sangrías, alcanfor. Pero cómpre achar outro medicamento. A ver. Todo o que temos e nada é o mesmo. Agora recemos ó Noso Señor para que esta bonita moza non teña a tise - rematou a conversa con mal cello.

A tarde tamén a pasou ben. Botándolle moita vontade, tomou unhas galletas e outro caldiño de galiña, do que lles dan ás paridas.

Ás oito da tarde levou a cuarta inxección. Xa todos cantabamos vitoria. Atopábase mellor, dixo que quería descansar e mandou saír a todos. Pediume un bico de despedida. Cando llo dei notei que volvía queimar. Logo, batucándolle o corazón, cun atafego súpeto, nun golpe de tose, botou tanto sangue, que enchoupou unha toalla. Sen tempo para nada vin o seu rostro cheo de pingas de suor coa palidez da cera, o nariz volvéraselle aquilino, as cuncas dos ollos afundidas, as mans e os beizos fríos. Chamou por min e faloume queda no oído, con voz que a min se me antollou dun anxo baixado do ceo:

—Ven, meu Astro, dá un biquiño á túa nai. Abre a fiestra, que entre a luz..., hai moita luz fóra..., quero voar acolá, polo ceo na túa randeeira..., escoita as vellas cantigas.. É Lorena e o meu Astro que cantan... Están a agardar por min. Xa vou – apertoume a man e sen soltarlla deille outro bico.

Nese instante transmitiu ós meus beizos un algo insólito, un desacougo descoñecido, seguido dun arrepío dos pés á cabeza. Logo fitoume con mirada opaca, de extrema canseira, coma quen non ve. Cun estremecemento de todo o corpo pechou os ollos, quedou sen forza na man, notei que se lle derramara a ouriña, que se lle escapara unha flatulencia e que se fora por fóra. Tanta porcallada resultoume obscena e insultante naquela muller tan bonita. Ela non podía facer aquelas cousas propias do resto dos humanos!

Nos seus ollos brillaba a luz do seu Astro! Xa camiñaba canda el! Unha batería de canonazos e lóstregos cruzaron o firmamento e o meu corazón. A miña negra sombra reflectiuse na parede. Unha fonda pena atravesoume! Igual ca Mina, tamén eu, acababa de quedar orfo. Non chorei nin unha bágoa, os homes non choran, pero sentín unha carraxe nos ollos tan forte como nunca sentira.

Ceguei ó faiado desmoralizado, amagastrado. Encrequeneime nun curruncho coa caixa no colo, inmóbil, sen forzas nin para vira-la chave. Non sei canto tempo estiven así, mais logo vireina. O primeiro que vin foi feixes de cartos: eran pesetas, libras, marcos e escudos. Conteí as pe-

setas: eran douscentos cincuenta billeteños. A par outro documento en castelán e en alemán, igualiño que ó do caixón da sancristía. No fondo de todo o diario.

DIARIO DE MARTE

Era un libriño con capa branca, cunha banda azul, en diagonal dende o recuncho superior esquerdo ó inferior dereito, co nome DIARIO en letras vermellas no medio da banda azul. Abrino. Centrado no medio da contracapa en maiúsculas vermellas, escribira:

DIARIO DE MARTE HALLERÖDER
DATA DE NACEMENTO: 12 DE MARZO DE 1916
LUGAR: LVIV-GALITZIA (POLONIA)

Lin con ansia, buscando cousas que falaran de min, pois outras eran algo que só ela máis eu sabemos, que ninguén debe coñecer. Había follas en branco, outras sen data e outras nas que se adiviñaba que a data fora posta o día que as escribira.

Na segunda páxina con letra verde, moi feituquiña, lin:

Venres, 12 de marzo de 1926:

Hoxe cumprín dez anos e a miña avoa regaloume este diario e unha pluma que escribe con tinta verde. Como presumín na escola! Ninguén tiña outra igual. Con ela vou escribi-lo meu diario e vouno escribir en galego, un idioma que me aprendeu a miña avoa, Uxía, que é de Galiza nun país que se chama España. De cote a miña avoa, Mamá Uxía, falábame da súa terra.

Eu tamén son de Galitzia, pero de Polonia, son polonesa igual cá miña nai Ewa.

E hoxe, comezo o meu diario. Vou escribir nel todo o que me ocorreu na vida. As miñas historias.

Durante a Primeira Guerra Mundial, cando nos invadiu Alemaña, chegou o meu pai, Adolf Halleröder e a miña nai namorouse del. Casaron ó remata-la guerra e como el era alemán foron vivir a Berlín. pero eu xa nacera en Polonia, de xeito que, xa que morabamos en Berlín, sempre me considerei polonesa e alemá.

Os meus avós por parte de nai son poloneses, en tanto que o avó paterno é alemán e a outra avoa unha emigrante galega: Mamá Uxía. Fala galego de cote coa familia e con outros coñecidos emigrados.

A min gústame moito a súa fala e os seus contos, lendas, cantigas e poemas. Sabe moitos poemas. Que memoria ten! Que idioma máis doce e cantareiro! Que poemas!

Pouquechiño a pouco funo aprendendo e hoxe, con dez anos, ela e mais eu falámolo moito. Ela quedou encantada de que escribise este diario en galego, de modo que me corrixe se non escribo ben. Emocionouse moito cando intentei escribir un poema.

Prometeu levarme á súa terra.

Sábado, 12 de marzo de 1927.

Hoxe, con motivo de cumprir 11 anos, a miña avoa regaloume un atlas de xeografía, onde marcou cun círculo vermello o nome de Camariñas. Deitada na cama, a miña mente viaxou polos mares do mundo, pois a min o que me gusta é o mar. Cos ollos pechados soñei e atravesei un mar azul que remataba en Camariñas. E logo fun a cantos portos hai no mundo. Quedara durmida, cando a miña avoa abaneoume e acordei. Escachara o meu soño fronte a unha praia branca de costa verde.

Algún día irei acolá!

Igualiño ca min, aínda que eu degoiraba atravesalo mundo non polo mar, senón polo aire. Logo de moitas follas coa mesma letra e pluma, referidos a sucesos da puberdade e da primeira mocidade, de golpe, noutra páxina, con letra diferente, caída á esquerda, chea de reviraganchos, poñía:

Luns, 12 de marzo de 1934:

Hoxe cumprín dezaoto anos. Vivo cos meus pais en Berlín, onde o meu pai é un violinista de sona, que toca na Filharmónica, dirixida por Furtwängler.

Logo, noutra folla, coa mesma letra, moi vacilante, lin:

Luns, 14 de xaneiro de 1935:

Non sei se serei quen de escribir algo... Onte a miña nai Ewa morreu de tuberculose con só 43 anos. Que o Noso Señor a teña na Gloria.

Máis adiante leo nunha folla chea de borranchos e graxa, sen data lexible:

Xa no mundo non teño a ninguén. Morreron os que me querían, porque ó meu pai non lle importo nada, non se ocupa de min. El anda á ramística. E eu tamén. Teño mozo pero creo que non me quere. Non sei se será trigo limpo.

Pasei varias follas en branco, cando atopei outra escrita cun lapis mal afiado:

Venres, 15 de novembro de 1935:

A miña vida é unha desfeita. Andaba moi namorada, pero o meu mozo deixoume, logo de quedar encinta. Boh! Aínda ben mais ruín, deixou-me tirada no vezo da *caña* e da morfina. Non vexo remedio para min!

Logo doutras follas con letra limpa, ben formada, con tinta verde, chamou a miña ateción unha que poñía:

Luns, 21 de xullo de 1936:

Hai tres días, o día 18 deste mes de xullo, parín un neno ó que lle vou chamar Astro. Pero sigo soíña. O meu pai, nin agora, nesta xeira de ser avó, se ocupou de min nin do seu neto. Nin nos veu ver. Terei que coida-lo meu Astro eu soa. Coa esperanza posta nel, penso que vou conseguir fuxir da bebida e da morfina, hai tempo que non gasto. O meu Astro será a miña salvación.

Naceu o mesmo día ca min! Astro! Chamábase Astro! Que nome máis raro! Por iso me chamaba o seu Astro! Sigo a ler moitas anotacións referentes a Astro, que se botou os dentes, que se non a deixou durmir pola dor de oídos, que se botou a andar, que se dixo mamá, que se xa fala coma un larapetas, e non sei cantos sucedidos. Noutra folla, escuetamente. lin:

Sábado, 21 de setembro de 1940:

Voda do meu pai con Lorena. A Astro non lle gustou, chorou moito na cerimonia.

Despois:

Martes, 24 de decembro de 1940:

Esta noite a miña madrastra ceou na casa con nós. O meu pai non. O seu matrimonio está desfeito, non funciona. O meu pai non ten perdón. É tan mullereiro que non respecta nin unha noite coma a de hoxe. Lorena meteuse na cama chorando. Eu quedei soa co meu Astro escoitando na radio cantigas de guerra, non atopei outra cousa. Vaia educación para un neno!

Seguín buscando a páxina do día da morte de Lorena, pero antes atopei outra máis malfadada: a do día da morte do seu fillo. Con letra trememente, escribira:

Sábado, 1 de novembro de 1941:

Hoxe foi o día máis negro da miña vida! O meu Astro morreu de meninxite. Din que Deus mira por todos, mesmo esqueceuse de min. De min só se ocupa o demo. Boh! Eu teño a culpa! Eu, só eu, por non me ocupar suficientemente do meu fillo. Meu santiño! Xa non me queda outro destino que andar errante polo mundo agardando o meu fin. Non teño perdón. Menos mal que atopei un cliente, que me deu *reichsmark* para morfina. Gozarei de todo canto dea.

Nas follas seguintes, a letra totalmente deformada, ninguén diría que era da mesma persoa, sen datas nin referencias, líase malamente:

Só na bebida e na morfina atopo resignación, pero é cara e non teño cartos. Ando outra vez no oficio máis vello do mundo. O meu pai non quere saber nada de min. Di que nunca me guiei por el, que son maior de idade e que faga o que me pete. El tamén ten culpa. Nunca se ocupou abondo de min.

Logo, con algo de mellor letra, atopei:

Mércores, 12 de novembro de 1941:

Fuxín. Fuxín no verdadeiro sentido da palabra. Hoxe, Lorena, a miña madrastra e mais eu, chegamos a Fontao.

Que terra de contrastes! Contraste entre o noso forte idioma, o alemán, e o cantareiro falar galego. Contraste entre o manto verde do campo e a ocre alfombra de follas borboriñando baixo as pisadas. Contraste entre os verdes da bouza e os negros buratos das minas. Contraste entre as mansas copas dos piñeiros fronte ás agrestes pugas de carballos e castiñeiros, feras espadas en alto rañando o ceo. Contraste entre as facianas da fame e ollos escocidos de homes e mulleres de loito que baixan do cemiterio fronte ás caras murchas pero riseiras, sempre de festa dos mineiros, a cantar coplas rematadas en aturuxos. Contraste entre o cheiro do aceite vello e da transpiración da xente fronte ó recendo das castañas asadas.

Lorena é a única persoa que tenta axudarme, aínda que polo seu proveito. Só lle intereso como tradutora. Non ten idea do galego. As dúas viñemos aquí á forza. Ela cunha misión secreta. Eu por falar galego e non ter a onde ir, aínda que este debe se-lo lugar do mundo onde menos me cumpría vir. O máis axeitado para me traspoleirar, pero aquí estou. Tamén chamaba por min a aventura. Boh! Non tiña escolla: ou viña aquí ou quedaba soa.

Hoxe por primeira vez acabo de escoita-la fala galega na propia Galiza. Aínda é máis dondo e doce do que pensaba, ben propio para a

poesía. Os sinais de identidade dun indómito pobo antiquísimo non cadran co que estou a ver. Pobre Galiza! Que vexada! Que maltratada e sometida mesmo por un oriúndo da terra! Co himno tan fero que tes, quen ía dicir que os seus homes fortes —*peregrinos do mundo, libres de indigna servidume e de oprobioso alcume do himno ós que non entenden os féridos e duros, imbéciles e escuros de fóra da nazón de Breogán*— son agora oprobiosos baixo a submisión dunha caritiosa ditadura! Asemella certo que, logo de ler a Rosalía de Castro e a Pondal, algúns galegos quixeran ser mellor da nobre Lusitania que españois. Boh! Nas circunstancias das minas, logo dunha guerra civil, as reflexións son ben diferentes. Non se poden avaliar.

Pasando follas cheguei a outra:

Domingo, 1 de novembro de 1942:

Hoxe é o cabodano do meu Astro. Un ano de amargura! Roubáronme o mellor que pode ter unha muller na vida! Nunca me esquecerei de ti, meu carrouchiño! Nunca! Contigo foise a miña felicidade, a vida toda! Xa non teño esperanza! Malia hoxe acaba de nacer en min un novo idealismo, un novo sentido da beleza, grazas á túa influencia, ó teu poder, meu Astro. Logo dun ano nesta terra, cando penso ou escribo neste novo idioma dos meus antepasados, semella coma se fose un idioma noso, teu e meu, de sempre, herdado, impreso no subconsciente.

Mostra deste novo sentimento, máis poético que outra cousa, hoxe quero dedicarche un poema. E se me atranco, seguro que os nosos antergos, as nosas musas virán por min. Velaquí:

Canda ti quero voar,
ó teu carón pousarei,
sempre a te arrolar,
meu Astro, meu doce rei!

Logo de pasar follas e follas virei abraiado: con letra verde escribira o meu nome!

Luns, 9 de novembro de 1942:

Hoxe contratamos un leiteiro. É un meniño moi agudo que lle chaman Tarabelo. Din que é fillo dun cura. A nós que nos importa! E trae leite do mellor. A min gustoume. É escrito ó meu Astro.

Tamén contratamos un recolledor de piñas, que nolas vai vender para a estufa.

Mércores, 11 de novembro de 1942:

Lorena presentouse cun amigo músico, que xa coñecera antes, que veu a tocar a Santiago. Tamén viña o seu home, o meu pai, pero este, dadas as circunstancias de infidelidades, non quixo saber nada de nós.

Logo doutras cousas que non comprendín, sabe o demo que, lin:

Xoves, 24 de decembro de 1942:

Hoxe, Lorena e máis eu pechamos o negocio cedo para pasar a Noite Boa descansadas, ela na compañía moi secreta do seu músico. Do meu pai non quixo falar. Malia a festa que se celebraba, os do volframio traballaban a máis non dar. Á noitiña presentáronse uns picariños a cantar panxoliñas. Moita pena nos deron, todos esgazados de corpo e de roupa. Mercamos unha lambetada que chaman turrón. Nunca comeramos cousa tan rica e os panxoleiros asemella que tampouco. Aínda que eles agradeceron máis as pesetiñas. Eu tiña o sentimento de que cos panxoleiros virían o meu pai e Tarabelo, pero non, non viñeron.

Oh! Se o soubese! —pensei e lamentei—, mesmo non tiña cuadrilla. Seguín pasando páxinas:

Venres, 1 de xaneiro de 1943:

Primeiro de ano. Din que é Ano Santo en Santiago. Preguntarei a ver que vén sendo.

As páxinas que viñan logo, a lapis, sen data, tiñan tan mala letra que non fun quen de saber de certo o que poñían, aínda que si identifiquei o meu nome abondo de veces. Logo, buscando a pé feito outra data, non son quen de aseguralo, mesmo creo que poñía:

Domingo, 18 de xullo de 1943:

Hoxe hai moita foliada por ser o aniversario da Ditadura. Os que chaman camaradas andan a berros, todos borrachos, botando tiros ó aire. Tamén hoxe cumpriría anos o meu Astro!

Por fin atopei a páxina que buscaba. Estaba sinalada por unha folla pregada nun canto. Con aceptábel letra, escribira:

Luns, 16 de agosto de 1943:

Hoxe Lorena morreu de parto. Tivo unha hemorragia. Dona Tomasa, a muller dun enxeñeiro das minas fíxose cargo da meniña que naceu e que bautizou coas augas de socorro, levando de padriño ó noso leiteiro: Tarabelo. Acordaron poñerlle Guillermina.

Lorena cumpriu onte 33 anos.

Que soa quedo! Que vai ser de min sen outra compañía que a *caña* e a morfina? Comprendes? Non me podo facer cargo da túa filla. Estaba escrito! É o noso destino!

Segundo me ten contado Lorena, a súa nai, nacida en Brunswick, na Baixa Saxonia, namorárase perdidamente dun músico, que cando soubo que estaba encinta fuxiu e nunca volveu saber del.

Resultado daqueles amores naceu Lorena na casa dos avós maternos. Tivo unha nenez normal en Brunswick deica os sete anos, pero logo por culpa dun bombardeo, na Primeira Guerra Mundial, quedou sen familia. Pensou que morreran todos, pois nunca volveu saber deles.

Soa no mundo, foi recollida primeiro en Malinas, logo en Bruxelas e máis adiante adoptada por uns ingleses, foi parar a Londres, de modo que falaba inglés fluidamente.

Xa casada co meu pai, Lorena decatouse das súas infidelidades e caeu nunha depresión, que tentou recuperar indo de concerto en concerto. Dese xeito, a primeiros de 1941, case igual cá súa nai anos atrás, namorouse dun violinista que tocaba na Orquestra de Cámara de Berlín, bastante máis vello ca ela. Foi o home que estivo nesta casa polo Sanmartiño do ano pasado, pois a súa orquestra dera un concerto en Santiago.

O violinista amante de Lorena, da banca xudía, para fuxir dos nazis, agachárase na música. Soubo que Lorena estaba en Fontao de modo que, anicado no negocio do wólfam, fuxiría ós Estados Unidos.

Lorena e máis eu viñeramos aquí como *mulleres da vida*. Sendo drogadicta eu nunca debín vir. Por cartos facía o que fose, mesmo a prostitución. Lorena veu cunha obriga profesional: espía dobre, precisaba de min por falar eu o galego.

Xermana, de *divina caste*, afiliada ás SS, para disimula-la súa disidencia do nazismo, non esquecía a súa vida esmagada por culpa doutra guerra de parecidas ideas.

Na situación aparente de *madama*, o noso traballo era mandar mineral a Alemaña. Pero, dirixindo o local de alterne, a certa, verdadeira e secreta misión era dobre: conseguir información para os Aliados, lurpiando informacións que puidesen caer nas nosas mans. Noutras palabras, mercar volframio para os alemáns e informacións secretas para os Aliados.

Logo aínda as cousas se complicaran porque o músico que viñera a Fontao, tamén traía unha misión secreta. A desculpa de visita-la súa

amante viñéralle como anel ó dedo, xa que na mesma operación, facéndose o morto, pasoulle información falsa ós alemáns e fuxiu deles.

Nós, Lorena e máis eu, sabiamos que non era o morto atopado en abril, asasinado nunha fría mañanciña de xaneiro. Nós sabiamos que fuxira. Levaba un chaleco antibalas e fíxose o morto. Logo, os ingleses, que xa amañaran ós arrieiros o día anterior no Pazo da Almuzara, en Carballiño, trocaron un bocoi de viño por outro cun morto que trouxeran eles. Deseguido, guindaron o bocoi nun pozo dunha mina, co violín e coa documentación do músico alemán. Polo violín, a documentación e a roupa foi polo que o identificou Lorena, que xa denunciara a súa desaparición a primeiros de ano.

A cousa estaba tramada para que a Garda Civil atopase os papeis secretos dun alto cargo inglés, que alguén recollería logo dun concerto en febreiro, en Roma. A documentación referíase a que en xullo de 1943 as tropas aliadas de Córsega, de Cardeña e do norte de África desembarcaron no Golfo de Salerno (preto de Nápoles) e en Bari, no Mar Adriático. Todo coa esperanza de que o goberno de Franco, aínda que vendía o volframio a quen mellor o pagase, agora regaláralle a Hitler unha valiosa información dun axente secreto británico disfrazado de violinista alemán. Dese xeito, cun servizo extraordinario, o Comandantín comandaba ó Fűrér cunha información privilexiada ben distinta da oficial das SS, que tiñan previsto o desembarco dos Aliados en Malta, Sicilia e Calabria, tamén en xullo de 1943. Advertidos dese troco de plans, os de Hitler trasladaron o groso das tropas a Salerno e ó Adriático entanto os Aliados desembarcaron en Sicilia e pasado xullo, con escasa resistencia, sendo logo doada o resto da invasión de Italia.

Quedou un punto escuro. Non apareceron uns documentos duplicados, en microfilmes, que tiña que levar o morto. Probablemente irían parar ás mans doutros espías, sendo, precisamente o feito de non dar con eles, o que fixo, se cabe, máis verosímil o complot do troco dos lugares do desembarco.

Ouh! Quedei abraiado! Fora eu un principal elemento para que os Aliados gañasen a guerra por ter liscado aquela pluma! Fun eu, un inocente cativo da aldea, quen gañou a guerra! E aínda din que son un mentireiro fantasioso. Pois estarei caladiño e se conto algo será falso. Esa vai se-la miña normal!

Agora que ela morreu, de parto ou de morte violenta, non sei de certo (ó mellor matárona porque descubriran que era unha espía), tamén eu teño medo, pódeme pasar algo a min.

Por iso, hoxe, a modo de derradeiras homenaxes a Lorena e ó seu amante, quero deixar presente neste Diario, que moitos éxitos da guerra foron posibles grazas a eles.

Non volvín ter noticias do seu amante. Non sei se conseguiría chegar ó seu destino, a Seattle. Só sei que os ingleses disfrazados de arrieiros o deixaron no Campo do Toxo.

Ouh! No mesmo lugar onde eu fora pola *pichilina* recolleron ó pai de Mina e levárono a tan estrano lugar! —cavilei asombrado—. Nunca se me esquecerá ese nome. Velaquí no atlas onde queda! Na fin do mundo!

Aflito, axexei a través das tellas. Tremelucía un firmamento estrelado dunha noite xeadeira. Distinguín dúas estrelas: Marte e o seu Astro. Arrombado nunha manta, volvín ó diario, cando me decatei de que tiña máis follas pregadas.

Seguín:

Martes, 17 de agosto de 1943:

Hoxe Tarabelo dixo que si, desde agora é o meu novo Astro. Asemella aparvallado, pero non é. Que comediante! Adrede anda feito un badulaque, por elo, igual que calquera nai, dinlle consellos sobre a hixiene persoal.

Se me quedaba algunha dúbida do seu talento, quedei convencida de que a súa falta era todo aparencia, pois logo ó falar da patria, xa tiña opinión formada, mesmo recitoume de carreira a Rosalía de Castro. Como me tomou o pelo!

Pero recuperei ó meu fillo!

Creo que aquel día fôiseme a man en facelo parvo, pero non o fixen por mal, foi pola forza do costume!

Noutra páxina correspondente co segundo aniversario da morte do seu fillo escribira:

Luns, 1 de novembro de 1943:

Hai dous anos que morreu o meu Astro. Vou levando a pena grazas a Tarabelo.

Hoxe escoitei unha fermosa cantiga tradicional de berce. Teño a esperanza de que o meu Astro a escoite:

*Se queres que brille a lúa
pecha os ollos meu amor,
que mentres os tes abertos*

*a lúa pensa que hai sol.
Nin pola prata da lúa,
nin polo ouro do sol
non te deixo meu meniño
non te deixo meu amor.*

Outras páxinas, sen datas, estaban emborranhadas con letra tan cativa e tan mal feita que non fun quen de ler nada.

Pasei follas e follas, cando atopei outra pregada:

Martes, 1 de novembro de 1944:

Teño o presentimento de que me quedan poucas. A tusigueira, a suor e os calafríos non me deixan descansar. E onte tiven outro esgarro con sangue.

Hoxe o meu Astro invitoume a ir a un magosto.

Foi un día ben feliz! Unha festa singular! Mesmo teño a impresión de ter vivido algunha vez algo parecido, de gozar outro día igualiño antes de que o meu Astro morrese.

Emocionado seguín:

Domingo, 24 de decembro de 1944:

Outro Nadal máis soa que nunca. Atópome ben maliña, sen apetito e con esgarros de sangue. Seguro que é da mala vida, aínda que hoxe non bebín nin gastei morfina. Quero estar atenta, teño un presente-meno, coido que petan na porta de atrás. O corazón batucame igual que se me inxectase. Abrín a porta:

—Cantamos ou non cantamos? —preguntaron uns que cantaban o aguinaldo.

Era o meu Astro. Viña cunha panxoliña. Un dos panxoleiros era o eivado que andaba a pedir esmola. Trouxérano no seu carriño. Chámanlle Toniño e viña coa gaita e co seu avó co clarinete. Mandeinos sentar e logo de repartir turrón e mazapán, díxenlles:

—Cantade logo. Eu tamén cantarei canda vós.

O eivado, fitaba para min cos ollos arregalados, con faciana de asombro. Pareceume oír que dixeran: *Pois si avó, si que é guapa.*

—Non volo dixen eu! Vedes que guapiña é —dixo Astro.

Abraidos quedaron mudos con cara de mineiros vendo pasar un avión. Nesas, logo dun forte aturuxo, o meu Astro deulle entrada ó

roncón da gaita e ó clarinete. Como se acordaran dun sono os outros encozaron a cantar e a tocar o pandeiro e a pandeireta:

*Vinde, vinde galeguiños,
vinde e correde ben
e veredes ó meniño
no presebe de Belén.*

*Meu meniño, meu meniño
que naceu en Alemaña,
meniño por que non choras,
dime, por que sempre calas?*

*Vide amodo, vide amodo,
amodo, vide amodiño,
tede coidado cos zocos
non fagades moito ruído,
que ides esperta-lo meniño.*

Que raposeiros aqueles pequerrechos! E que bonita música!

—A letra trocouna o avó doutra panxoliña, para cantarlle a vostede —dixo Toniño apertando o fol co brazo, mentres o roncón botaba o derradeiro son.

Tapei os ollos coas mans e boteime a chorar non sei canto tempo. Ó destapa-las mans non había ninguén. Pola xaneliña vin brillar as estrelas no ceo a carón do meu Astro, cunha caldeireta na man perdendo o leite pola Vía Láctea. Atopeime cantando nunha roda en alemán: *Kommt mit seinen Gaben* e logo coa música de Mozart a canción francesa *Ah vous dirai-je, maman*:

Campaña do lugar, non te canses de soar.

Pensei que todo fora soñado. Seguro que volvera as andadas.

Moi emocionado, coa seguridade de que xa non habería máis follas escritas, logo de moitas en branco, atopei o derradeiro escrito:

Sábado, 3 de febreiro de 1945:

Hoxe din que se casan os paxaros, malia ser un día tan poético e atoparme mal, fun quen de ir con Tarabelo ó San Brais. Mercamos pan e logo viñemos á casa —ía moito frío—, preparamos uns gasteiros —pan con sardiñas— e aínda din conta dun neto de viño. Prestoume, xa que logo acabei ben mellor, pero pola noite recaín, tiven que pechar. Sigo con sangue nos esgarros, quenturas, acoro moito e non me poden erguer. Váiseme a vida.

Teño que andar cos ollos ben abertos, ter tino con todo, buscar as voltas ben buscadas, pois un movemento en falso, calquera cousa, a máis insignificante, pode volveirse contra min, e co concurso do azar, ou dun erro, ou da providencia, ou sabe o demo de que, acabar unha trampa mortal. Unha tixola con aceite estivo a piques de me queimar viva.

Por que non me queimaría? A cada paso a vida ten menos sentido para min. Ando solitaria e balofa, a gastar canto teño en *caña* e morfina. E total, xa poucas me quedan!

PASAMENTO

Non tivo tempo de escribir máis nada. Pobriña! Xa está co seu Astro.

E aínda escribira a día antes de enfermar!

Cun golpe seco pechei o Diario. Soou coma unha bomba cubo no medio da noite.

Tódalas páxinas marcadas referíanse a min, Tarabelo do Cura! O seu fillo, o seu novo Astro! Coa carraxe non fun quen de chorar. Toda a pena se me callara dentro do peito, igual que unha lápida me esmagase e non me deixase alentar. Malia non ter durmido a noite antes, aquela tampouco dei.

As lembranza asaltaron os meus pensamentos coas moitas veces que Marte me abrira a porta. Tíña moí presente no meus sentimentos. Certamente quería con veneración, igual cá unha nai. De corpo garrido e pensamento poético, era unha muller de fonda alma galega. Boa, a mellor do mundo!

Os cabalos da vida triparan nela canto lles petaran. Tivera moitas complicacións: a *caña*, a morfina e as penas (a máis ruíns de todas). Pasara moitas! Todo se lle mesturara.

Que o Noso Señor a teña perdoado.

O pai de Marte, o señor Halleröder, chegou a tempo para o enterro. Andaba coa súa orquestra de xira polo noso país.

Trouxo seis escollidos compañeiros. Chegaron no coche de liña cos seus instrumentos. No funeral tocaron unha pasaxe da Marcha Fúnebre de Marcial del Adalid, cun emocionante só de violín tocado por Halleröder.

Na condución do cadaleito da igrexa ó cemiterio, subín ó campanario para dá-las picadas, no mellor do meu repertorio de sineiro. A xente quedou abraiada, nunca ninguén tocara daquel xeito. Certo que puxen todo o xenio que tiña, cheo de dor coas bágoas calladas.

O pai de Marte falaba galego abondo. Dixo que llo aprendera a súa sogra. Gustoulle moito a nosa terra. Prometeu que volvería. Se non fose polas circunstancias asegurou que estaría encantado de quedar aquí máis tempo, pero tiña que cumprir co traballo.

De súpeto, o home quedou calado e pensativo. Fitoume e afirmou:

—Tiña razón Marte. Estou pampo. Aseméllaste ben ó meu neto Astro (q. e. d.).

Laiouse da morte da súa filla cando falou con ollos rozados:

—Eu teño a culpa de todo —pianxou quedando un anaco calado—.

Non me ocupei moito dela, da súa educación, quixen reaccionar pero xa era tarde, xa estaba metida de corpo enteiro no alcohol e na droga.

Mentres o señor Halleröder recollía as cousas de Marte, no cuarto secreto a onde o levei eu, pasou e repasou con curiosidade as fotos de Marte e Lorena, particularmente as de Lorena, de había anos, co músico que fuxira. Pensativo intentando recordar comentou:

—Eu coñezo os ollos felinos dese home, mesmo non sei de que.

Eran do home que un día chegara mollado coma un pito, ó que lle caera a estilográfica de marca D Nebro. Recolleu as fotos que tiñan a imaxe da súa filla e de Lorena. Lisqueille unha na que estaban Marte, Lorena e o músico. Avisoume que agachase todo ben agachado, especialmente o aparello transmisor-receptor, que nunca llo contara a ninguén, podía ser home, digo neno, morto.

Conteille polo miúdo o nacemento de Guillermina e de que modo tan extraordinario fora eu o seu padriño. Diante do conto o señor Halleröder quixo coñece-la miña afillada. Acordáramos non dicirlle á meniña nada dos seus proxenitores, xa que logo os adoptivos non quixeron.

O home quedou marabillado da súa beleza, especialmente de ollos, e do aguda que era para ter ano e medio: algo extraordinario.

O coche de liña apareceu pola curva, co seu gasóxeno, igual cun fardo ás costas, estrada arriba bufaba igual cun porco bravo. Démoslle o alto. Os músicos subiron quedando o pai de Marte de último, tanto que o coche arrincou e el tivo que botar unha carreiriña detrás. Saltou ó pescante, e dende acolá bambeou a man nun xesto de despedida, berrando:

—Deica outra, rapazolo!

Chegoume á alma o de rapazolo, aínda que mellor que rapazolo eu era un mocososo, amarrido, hipócrita, mentireiro e tímido. Camiño dos nove anos, atopábame certamente só no mundo.

Dese modo, fun á zarra e fixen un ramallete de loureiro, camelias e das primeiras mimosas e prímulas. Logo de me persignar con moito mimo, deixei na ó pé da tumba de Marte. Nun papel escribín o lema:

O teu Astro non te esquece.

Xa á noiteña, sen ceas, cheo de amargura subín ó faiado e de súpeto escachei nunha fervenza de bágoas. Chorando tódolos chorares da vida, quedei adurmiñado. Cando acordei a lúa, en cuarto minguante, a través da bufarda, alumeaba na folla do libro de Muñoz Seca. Naquel estado, presa dunha colisión de lembranzas, rematei en tan fortes gargalladas que mesmo asemellaba un tolo. Non, non era cinismo, era que eu, un desalmado, coa perna do sarcasmo tapaba a perna da aflición.

ENTROIDO DE 1945 E FIN DA GUERRA

Triste, singular e ruín. Máis malvado que bourar nun pai cun calcetín suado de oito días! Así lembro aquel entroido do ano 1945.

Triste, porque non me daba esquecido de Marte, sobre todo cada mañá ó leva-lo leite á casa do enxeñeiro.

Singular por culpa dun sucedido que me marcou para sempre. O martes de Antroido, nun recuncho atopei unha cousa vermella con cornos: representaba a cabeza dun demo. Cadraba tan perfectamente coa miña, que crín que estaba alí posta para o meu uso exclusivo. Miro para ela e quedo hipnotizado, coma se me roubase o pensamento. Logo de tela posta transformábame de todo e comprendía moitas cousas que antes non. Deus non se tiña ocupado abondo de min, de modo que pensaba e falaba coma se fose o propio demo. Decote, se me levaban a contraria ou tiña un desgusto, metíame na súa cabeza e sentíame poderoso. Como demo atravesado, dende o meu agocho ou dende a randeeira, coa careta posta, axexaba todo.

E ruín porque a guerra alancaba cara ó seu remate e o negocio do volframio baixaba tan axiña que xa poucos cartos daba.

Eu tiña a ledicia de se-lo padriño dunha criatura, que medraba en intelixencia e beleza coma nunca se vira. O pasmo das minas!

* * *

A primeiros de setembro rematou a guerra, e ós aliados xa non lles interesaron nin o mineral, nin os presos políticos, nin a Ditadura, nin farrapos de gaitas.

Esfumáranse moitas esperanzas de cartos e de democracia!

Cañeto e mais eu deixámo-lo pozo medio baleiro de volframio e a carteira case chea de cartos, aínda que puideron ser moitos máis. Por última vez, os dous, montados na besta, fitamos ó pozo á sombra do enebro. Encirrámo-o animal:

Arre, arre! Acabouse o mineral.

Rematando o ano, a cova e o pozo con feridas aínda abertas, sangrando, escoitaron o noso lamento, o noso queixume oprimido, que levado polas ás do vento afundiuse coa ladaíña da bouza, recitando a Gabriela Mistral, primeira muller premio Nobel, precisamente aquel ano:

*¡Se nos va todo, se nos va todo!
... Y se te va la mirada que entrega,
cuando te mira, el enebro y el olmo.*

A besta, coa amargura por non ter que levar máis mineral nin levar nunca a Marte, intelixente que era, asentiu coa testa, rinchou e arrincou langreando.

A partir de agora seguiría co negocio do caruncho.

Contas arriba, contas abaixo, coído que era rico. Tiña no faiado trescentos cincuenta mil pesos que repasaba cada noite. Do mesmo xeito pasaba revista ós cachifallos gardados na caixa que fora de arenques. Así cosecía recontando as miñas cousas.

Cada noite, metido dentro da cabeza do demo, soñaba con arrizado maxín. Colocaba cada cousa da colección na palma da man, pechaba os ollos e lembraba fantásticos feitos, cada cousa coa súa historia, cada noite unha diferente. Así, coa semente azul do cimbro na palma da man estaba seguro de que eu propio plantara aquel alto e vello árbore da canteira, que tanto pola súa beleza coma polas propiedades medicinais xa formaba parte das lendas da comarca.

Malia a demostración de poderío dos avións que voaron por riba de nós en xuño de 1947, con motivo da visita a Santiago de Eva de Perón, algúns poucos, seguían esperando o día no que os Aliados liquidarían o Réxime franquista; entanto, ás agachadas, debaixo dun cobertor, consolábanse escoitando a *Radio España Independiente* que radiou a nova dun ataque contra a Ditadura en Cádiz, o 18 de agosto de 1947, cun atentado á polvoreira da Armada, con máis de cento cincuenta mortos e cinco mil feridos.

Así pasou un tempo no que non podo asegurar se pasara as noites esperto, fantasiando ou soñando, pero moitas madrugadas acordaba co anteface posto.

Eu non fixera ningún trato co demo senón el comigo. Eu non o buscara, buscárame el a min. E faloume: *eu mais ti imos ser grandes amigos, heiche de dar un libro de San Cibrao, o Ciprianillo, xa que logo ti falas un latín macarrónico estás preparado para lelo. Con el atoparemos unha chea de tesouros que farán de ti un dos homes máis ricos da terra. Dese modo o meu consello é que sigas a fala-lo castrapo castelán que falas, a xente que pense que non tes escola, que es un inculto.*

Dentro ou fóra da cabeza do demo, no meu faiado, nun estado de levitación, eu non distinguía onde comezaba a fantasía ou a pura mentira. Tanto tiña! Mesmo coa máscara posta era cando máis maxín me viña, como heroe, protagonista de fantásticas xestas. Chegaría a ser un home superior, igual ca aquel demo, o Mestre Leonardo.

As cousas que teño por máis valiosas da herdanza de Marte son a radio, a caixiña cos documentos e, por riba de todo o seu diario. Para lelo non poñía o anteface do demo, nin imaxinaba pantasmadas senón que prendía en min un sono sosegado e durmía acariñado pola súa man.

Caía na conta da fonda connotación, do lugar principal que ocupaban as cousas do universo no pensamento de Marte. Para mostra o seu nome e o do seu fillo! E cantas lembranzas!

FEITO UN HOME

Naqueloutro Ano Santo de 1948 con fortes nevaradas en febreiro, Santiago quedou orfo de arcebispo en marzo, dous días antes de que a un matrimonio da Coruña lle deran o premio nacional de natalidade de fillos vivos.

Polas festas, acabados de sentar á mesa do comedor de sempre, tamén cheo de curas e de moscas, *don Inguiniero* tocou as copas a modo de campaña e berrou:

—¡Viva el próximo obispo!

—¡Bueno, ya vuelve usted con eso —respondeu o crego con falsa modestia y disimulada antipatía— Eso depende de muchas cosas.

—Pues sí, para mi ya es obispo. No todo el mundo puede jactarse de tener un amigo obispo electo. Sólo le falta el nombramiento de Roma.

—Usted tiene buenos e importantes amigos —pareceu renderse com-pracido o cura—. Aunque bien sabe que yo he cumplido. Yo sólo soy un humilde servidor.

Notei que de humilde nada e de servidor podía ser, pero á forza. Seguíñ notando un fondo de antipatía igual co que lle tiña eu. E o de cumprir, non sería polos funerais de Lorena?

Tamén naquela comedela, eu con doce anos, o *señor cura*, cos cregos de sempre á mesa, concluíron que un aparvallado coma min, ó máximo que podería chegar na vida sería a sancristán. Aprendera latín (macarrónico por suposto), axudaba ben á misa e xa era considerado como un dos mellores sineiros da comarca. E aínda engadiron con sorna: *máis vale un bo sancristán que un mal cirurxán*.

Á volta dunha semana tería lugar a peregrinación a Santiago e eu faría o Camiño a pé e practicaría de sancristán, a carón do cura dacabalo da besta, que estrearía arreo novo, con mosqueiro e todo, coas cores da bandeira de España, que mercara para tal ocasión. Pobre animal! Aínda lembro a outra peregrinación. Como quedara a pobre!. E agora a besta era cinco anos máis vella e o *señor cura* pesaría vinte quilos máis! Tiña que argallar algo para non ir ningún dos dous.

Seguíñ comendo coma quen non oe, con todos falando a un tempo, uns de xa ter peregrinado e outros do sacrificio que lles agardaba. Logo, nun segundo no que todos quedaron calados, cun silencio que mesmo permitía oír-lo zunido das moscas, que eran moitas e testalanas, coa ocasión que nin pintada, asegurei cheo de razón:

—*Pois hoxe verédesme e mañá xa non me veredes. Ubi est mors victoria tua? Comezarei outra vida resucitado.*

Moitos ollos me fitaron con aprobación, eu coñecía citas dos Evanxeos. En latín! Caendo na conta dixo o *señor cura*:

—Ya os dije que Tarabelo hará un buen sancristán —sentenciou.

Non pensaban nin de lonxe que a miña aseveración era outra. Non pensaban que eu andaba daquela matinando o modo de marchar da aldea, ir ó estudo para volver feito un señor. Xa se decatarían, acababa de avisalos: *mañá xa non me veredes*.

Pasara o tempo e eu seguía alí soñando con Carolina en noites de bicos e zumes. Pola Confirmación, na confesión, o crego preguntoume con insistencia *¿y no te corres?* —Claro que corría co meu coche de liña, e moito—. Deixoume ben clariño que por culpa dos soños, amais de cometer pecados mortais gravísimos, podería quedar cego ou parvo por culpa de se me mirra-los miolos, igual cá terra sen auga.

E eu non podería quedar parvo coa labazada que me zoscara o bispo logo de me untar manxurradas na cara? Foi por vinganza. Seguro. Se non por que dixo:

—¡Toma! ¡Para que te acuerdes!

Seguramente se refería a que me acordara do caso da monxiña e do *extiéndase sobre el órgano*. O bispo non o esquecerá! E eu menos.

Ou tamén puidera ser porque unha semana antes, a piques de vi-lo prelado para a Confirmación, desaparecera o sacabocados de cortar hostias. Lembro que o cura na procura do aparello andaba coma se tolease. Abriu armarios e caixóns das dúas casas e da sancristía, buscou no pallote, remexeu en canto recuncho había e logo puxo a toda a familia en bolina. O trebello non apareceu e chegado o día da Confirmación o *señor cura* tivo que corta-las hostias á man, cunha tesoirá. As hostias daquel día foron unha chapuza, tan mal feitas que ó propio bispo lle chamou a atención. Fose polo de *extiéndase sobre el órgano*, ou fose polo que fose, cando me deu na meixela: *para que te acuerdes*, penso que bourou máis forte que nos demais. Logo, rematada a Confirmación, aínda berrou co cura:

—¿Qué clase de hostias ha repartido hoy?

—Las que pude, excelencia reverendísima —desculpouse - me robaron el aparato.

—¿El aparatoooooo?

—Sí, bueno, eso, el sacabocados, las tenazas, o cómo se llame. No sabe su excelencia que complicada es la vida aquí en las minas. Todo lo que sea de metal duro, que valga para hacer agujeros en el monte o dónde sea ...lo limpian. Vino tanta gente..., todo anda al revés..., olvidado de la mano del Señor.

A ninguén lle pasaría pola cachola que con aquelas gallas das tenaces duras e resistentes eu mellorei a miña puntería. Sen pensalo dúas veces din boa conta do aparello e pensei: *que manda de paxaros vou matar!*

Daquela andaba feito unha empinxe, coa faciana chea de peluxe, coma pel de pexego, ategada de grans. Pensei que era polas cortaduras de principiante de barbeiro dunha maquiniña de afeitar e un grumo de pasta *Lea* que lle ripara a *don Inguiniero* dun andel do corredor. Logo merquei un tubo da pasta, porque me enfeitizara o seu aroma. Dende aquela o meu faiado recende a unha mistura de arenques e pasta de afeitar. Virei ronco e medráranme o nariz, o queixo, un vulto na gorxa, saíranme pelos na cara, nos sobacos e nas miñas partes. E diante das mozas sentía algo estraño que nunca sentira!

Consulteille todo a San Miguel, quero dicir a don Manuel, que o chamaran para un pequerrechoño con tise, que morreu de contado. Daquela morrían moitos pequerrechos. Arrepiaba ver pasa-las súas caixiñas brancas camiño do cemiterio. Eu tiña medo. Don Manolo dixo que eran cousas do instinto de conservación da especie e de soñar con algunha rapaciña que me gustaba —ninguén o sabía pero el adiviñou que me gustaba Carolina, unha filla de solteira, coma min, sen pai coñecido—. Aseguroume que era algo normal e que seguira a comer moita froita. Dixome que lle acontecía xeralmente a todos os homes na puberdade, que o de acadar esmirrado e coa cara chea de cacarañas, cego ou parvo, eran mentiras dos cregos.

Quedei tranquilo, aínda que non lle contara toda a verdade; non lle dixera que un día tiven unha revelación, non divina, senón demoníaca, xa que logo o demo era amigo meu e moraba comigo. Xuntos, temos rezado moitos rosarios cheos de misterios gozosos, na compañía de Carolina, sempre presente na miña cabeza, con nós no faiado, co demo en forma de lagarto erguéndolle a saia cando saltaba con ela á corda, e entraba por min arriba un trasno que remataba nunha suor e unha calor que me derretía, rebentando nun volcán en erupción. Ó final, suando a cachón, canso e reseco, calmaba a sede con sifón! Que noites aquelas de mulleres e champaña!

Pola tardiña, no meu agocho de fentos, eu sorría con cara de parvo lembrando cousas. Pola noite cousecía outras, entre elas (segundo oín na miña galena) a *final da esperanza* de moitos exiliados, aínda que os da *Pire* conservaban a esperanza de tomba-la Ditadura e a volta da República.

Xa perdida a inocencia moitas cousas deixaran de ser segredos. Así, lembro por que a xente sabía que a porca andaba en celo: viraba parvada, non quería andar e escumaba polo fociño. Pero o máis curioso era que cando a levaban ó porco ó chegar á aldea onde estaba o animal, bulía a camiñar dereitiña ó seu cortello. Ó dono pagáballe o traballo ó animal cun saquiño de avea ou centeo, que diante de todos, comía con moito apetito.

Daquela os veterinarios andaban polas aldeas cos controis sanitarios da triquinose, para o que pedían que se lle amosaran, vaia por caso, unha pata de cada un dos porcos que se mataran.

Tamén para o control da triquinose pedían que lle levaran as linguas. Algúns veterinarios cortábanas polo medio, de modo que dese xeito estragadas, os labradores llas deixaban en pago. Algúns xuntaban linguas para salgar e comer moito tempo.

Aturar ós *outros* e traballar a non máis dar —con arroiada, con nordés, con vendaval, con sol calmo ou cos aplausos das altas copas— era o que tiña que facer cada día, un tralo outro, todos igual de ruíns. Comezaba a me aburrir de todo. De Anxélica, de Cañeto, de Cañetiño, e doutra anxelical criatura acabada de nacer, á que tamén lle puxeran Anxélica.

Eu non casaría nunca, e menos despois de ler a novela de Delibes, *La sombra del ciprés es alargada*, que gañara o Nadal do ano 1947.

En Fontao, tumba que dálle, todo acadara igual cun castiñeiro vareado. Os barracóns alancaban cara a ruína e moitos casqueiros xa afumaran chourizos e vinchas. Só se sacaba un restoballo de mineral, deixando moreas de terra que xa se tinxiran de carriza, verde de fentos e amarelo de flor de toxo, á par dunha ferruxe de maquinaria morta. Onde houbera golpes de marras, picos, palas, perforadoras e xente a barullar quedaba silencio. Un sosego de cemiterio!

As aldeas da bisbarra volveran á súa cuchumillada, á fame e ó traballo de labradores. A terra, os montes, os penedos non daban recuperado a aparencia de antes do ouro negro. Só quedaba un monte cheo de buratos perigosos por estar tapados pola bouza e o futuro de sempre: a emigración.

Algún non deu resistido o cambio, como Marcial, que ó non ter ninguén a quen aluga-las camas, un día apareceu aforcado no pallote, non sen antes intentar afogarse no pozo, xa que logo o corpo estaba mollado, non chovía e víanse as marcas dos pés espidos nos ocos de terra da parede do pozo. Eu seiño porque andaba guichando, cando chegou a xustiza co forense. Téño moi presente, foi moito o que me impresionou: o corpo pendurado fitando cara á nós, cos ollos moi abertos, botándonos a lingua. Como castigo, o *señor cura*, soterrouno fóra de sagrado, logo de que lle fixeran a autopsia.

O *señor cura*, a adula-lo Caudillo e lecer con mulleres en Portugal (oín un día á miña nai que o acusaba), seguía sermonando e renegando das rusas do amor libre, que se divorciaban, que abortaban e que non querían ser escravas, nin Divinas, nin parir, nin atende-las tarefas da casa. E sempre coa ameaza do inferno, ateigado de comunistas, separatistas e fuxidos.

AVENTURA EN SANTIAGO

Tomei o acordo de fuxir á vila e poñerme ó estudo. Aínda que a miña nai e os *outros* non me consideraban competente, agardaba o intre para liscar, polo que aproveitei o día no que os somaténs da casa e todos os da comarca, cos seus longos fusís, pasaran a revista regulamentada na

Garda Civil, máis atentos ó Foucellas que a outra cousa. Cumpría estar preparados, pois xa asaltaran e roubaran a xente con cartos, principalmente a curas.

Deixaríaos chantados. De modo que me despedín da besta:

—Teño que facelo, sabes? —expliqueille mentres lle cravaba unha estela nun pezuño, igual ca cando lle poñen a un neno unha inxección. Logo acariñeina falándolle na orela. —É polo teu ben, ergue a patiaña. Ves? Xa está. Así non terás que cargar co cura unha ducia de leguas. Ou non te lembrás da outra xeira? —choraba coma un cristiá, fóra a alma—. Non, non chores por min. Heime de amañar só.

Collín o coche de liña *El Modelo*, camiño de Santiago.

Aínda que era de mañanciña, ía xa día morno, polo que subín á baca pola esqueira de atrás.

En San Miguel de Castro, deunos o alto o médico que chamaban San Miguel. Diante da miña sorpresa tamén subiu á baca e sentou a carón meu. Ó momento lembrouse de min. Volveu furar en min con ollos agarimosos que transmitían confianza e, co seu ben falar sabio, recordou o caso da penicilina, que levaba salvado moitas vidas, aínda que non puidese salvar a de Marte. E agora xa se descubrira algo para a tise!

En Gres fixo o sinal de alto un mozo que aparentaba uns vinte anos. Tamén lle gustaba a baca. O médico chamoulle Neira e preguntoulle pola súa nai, que consultara había dous días. O mozo, alto e fraco, díxolle:

—Grazas a vostede, don Manolo. Está ben mellor. Xa anda para outra.

Na Ponte Ledesma tivemos que agardar un anaco, pois, os homes e o condutor foron botar un neto na taberna e logo o motor non daba arrincado. Erguéronlle unha lata, andáronlle nas tripas, e logo de fortes pulos de veo, arrincou cun zoar alporizado, mentres o revisor lle sacaba a forra á roda e cargando con ela, correu uns metros a par do coche e logo lixeiro saltou ó pescante.

Camiño de Camporrapado o mozo de Gres, aniñado trala varanda do coche, que o parapetaba do vento, seguía a ler nun libro, sen move-los beizos, igual que fan os que saben ler de carreira.

Na Pontepedriña paramos no fielato. Cachearon todo o que levaba a xente. Había que pagar un imposto. O Neira e mais eu librámonos porque San Miguel dixo que iamos canda el.

Ó baixar do coche en Patio de Madres oín que o mozo, Neira, lle contaba ó médico que ía a Santiago á axencia Gallego, na Rúa do Vilar, a arranxar uns documentos para emigrar á Arxentina.

Por se don Manuel me preguntaba algo do que andaba a facer procurei despistarme entre a xente, mesturado cos que baixaban dos coches na Praza do Castromil a na Senra.

Que casas tan altas! Que rebumbio de soldados, de curas, de monxas! Que barullo de xente falando a berros! Que chea de gando!

Trasvirado, mareado, cos ollos como pratos non daba creto ó que vía, cando a carón dun coche de liña que acabada de chegar un home, un *gancho*, encarouse comigo e preguntoume:

—Non virás ó médico? Sei dun que é moi xeitoso e cobra pouco.

Non lle fixen caso, deille as costas. Non lle gustou, pois logo andaba tras miña, a me perseguir. Xa debía saber que eu era galego e que fuxira da aldea, se non que explicación ten que me berrase: *Correo Gallego, correo galego*. Logo aínda me encirrou a outro: *Faro de Vigo, fóra de Vigo*. Penso que estaba borracho pois non estabamos en Vigo. Aínda non contento botoume tras miña a outro vestido cunha funda de traballo azul igual cós das minas, cunha curiosa caixa de madeira, que bradou ó meu carón: *limpa!, limpa!* Era o terceiro que me quería botar! Quedaba claro que me querían botar fóra pois aínda se presentou un cego que pregoaba: *Dos iguales para hoy*, cando volveu pasa-lo *limpa* e dixo: *que fas Xan coa man no peto*, de modo que o cego arreoume unha vareada nas pernas e xurou berrando non sei que cousas, todo con gran divertimento do *limpa* e dos vendedores de prensa. Mesmo daban en óso. Eu, *o galego non limparía!*

Adentreime pola Porta Faxeira. Se na Senra había xente, acolá era unha multitude, tanto de homes coma de gando. E o chan ateigado de bosta igual ca na aldea. Era día de feira.

Nestas apareceu unha manifestación de curas, levando estandartes, pendóns e cestos coa comida e garrafas con viño. Lembrei a manifestación de curas que lles oíra contar un ano na comida da Patronal. Pero non, resultaron se-las cabeceiras de peregrinacións parroquiais que viñan gaña-lo xubileo. Se non chego a fuxir hoxe, mañá eu sería un daqueles.

Detrás viña outra estangurriada de tambores e cornetas, con pequerrechos e mozos co uniforme de *Falanxe*, mandados por homes feitos e dereitos, de pantalón curto, cunha chea de pelos nas pernas, que marcando o paso cantaban o *Caralsol*. Máis atrás outros, tamén marcando o paso e cantando algo que asemellaba en galego, aínda que non o entendín, pero levaban un estandarte no que se lía: *Mocidade Portuguesa*. Máis atrás, sendo día de sol, camiñaba un home co paraugas aberto, polo que alguén lle preguntou:

—Modesto, para que levas o paraugas aberto, non ves que non chove.

—Dáme igual —contestou o home— levo o paraugas aberto porque así podo ergue-lo puño contra todos eses que van diante.

Para non ir no medio dun río de xente, collín pola Praza da Leña —onde había un barquilleiro pregoando: *¡parisién, al rico parisién!*— e a Rúa da Trindade, subín as escaleiras e subitamente quedei pampo: cheguera á Praza do Obradoiro. Mi madriña, que praza! Que fachada! Si que eran ben altas aquelas torres!

Tamén naquela praza había moita xente entrando e saíndo nun edificio que me dixeron que era o hospital. Que enfermos, pobres e famentos aparentaban!

Aínda que non tiña mellor cousa que facer os pés non me levaron a dentro da catedral. Era moita a xentiña que alí entraba e saía e eu xa tiña fartura de tanta trangallada de igrexa e de curas. Nunca pensei que houbese tantos no mundo coma aquel día en Santiago. E para remate, fun dar de fronte cun rengue deles. Foi pavelo porque o mozo da funda de traballo azul que berrara limpa!, limpa!, agora berraba:

—*Cuaaá! Cuaaá! Xa chegaron os corvos. Mañá chove.*

Logo aínda escoitei a dúas velliñas:

—Imos á catedral que hoxe cantan os do seminario, dá gusto oílos.

Nin con esas me levaron os pés a dentro. Tiña sede e estaba canso. Foran moitas xuntas!

Osmando pola vila cheguei ó café *Compostelano*; vin que estaba cheo dos da *Mocidade Portuguesa* que consumían un sifón nunha ducia de vasos.

Un forte olor a chocolate levoume á rúa Cardenal Payá, onde vin algo que menos agardaba ver nunha vila tan grande coma Santiago: un carro de bois igual cós das minas descargando bocois de viño. De golpe sentín que alguén tocaba un tambor, pero non era tal, eran as ferraduras dunhas mulas do exército bourando contra as pedras, que a toda velocidade, conducidas por dous soldados baixaban da praza de abastos levando nun carro a compra do día camiño do cuartel disque na rúa do Xeneral Franco, que tamén chamaban do Hórreo.

Baixando polas Orfas, seguindo o recendo a chocolate, fun á carbaileira de Santa Susana. Polo camiño, uns mozos do meu tempo, con pinta de ricos, de pantalón curto, fuxían diante dun garda municipal vello e fraco, ó que lle berraban: *Villeu, villeu, a nai que te pareu*. Na entrada da alameda parei diante duns homes cuns mandilóns que tiñan unhas máquinas fotográficas, que lle chamaban do minuto. Din que che fan unha foto e que cha dan ó minuto. Fixen unha. Estiven un anaco vendo como o

home sacaba un papel da máquina, metíao nuns líquidos duns caldeiros e secaba as mans nun pano que colgaba do cinto. Mentres guichaba na transfiguración de aparecer a miña cara de dentro dun caldeiro, chegou un matrimonio con catro fillos. Un dos nenos tiña dor de oídos e para distraelo a nai, que levaba outra meniña collida doutra man, cantáballe:

*Doña Panchiriba
se cortó un dédibo
con la cuchiriba
de un zapatéribio.*

Logo a filla máis vella dixo:

—Papá, yo quiero ir a ver los patitos y echarle migas de pan.

—Antonio —dixo o pai— lleva a Amparito a ver los patitos, pero de migas nada, el pan es para comer nosotros, los patos ya buscarán que comer.

—Pero tú que dices Francisco —desaprobou a nai— Iremos todos. Les puede pasar algo.

—Mira América —dixo o pai dirixíndose á súa muller— ya son mayores, ya tienen venido solos desde la Peregrina.

—Tengo sed —dixo o da dor de oídos.

—Bueno, pues vamos a casa de los abuelos —reconsiderou o pai—. Todos necesitamos beber algo, sobre todo Andresito y Anita, que son pequeños. Oh! No están en el piso. Ahí vienen Mamá Amparo, Papá Marcelino, y las tías Carmela y Marita. ¡Oh! Traen cornechos de *la Arrabiada*. Los tomaremos con café en el Azul.

Ausentados eles, dixo o fotógrafo, secando as mans no seu mandilón:

—É o mestre da Peregrina —comentoume para alardear de boa clientela amosándome unha colección de fotos colocadas polos lados do cubo xeométrico que viña sendo a propia cámara—. A súa foto é esta, é para un carné de familia numerosa.

Conservo unha foto moi pavera na caixa de sasafrán, pois no momento no que o fotógrafo disparou a máquina para me retratar, pasaron por detrás dúas mulleres moi cocas, que tiñan sona en Santiago, que lle chamaban *Las Dos en Punto*, pois saían ó paseo xustiño ás dúas da tarde.

Xa na carballeira de Santa Susana, nun posto da feira tomei unha cunca de viño e un prato de polbo nun polbeiro que xa tiña de man doutras feiras. Que rico estaba todo! Suando a fío, na punta dos pés, ledos coma un cuco, vin outra riada de xente que non asemellaba ser

nin peregrinos nin da feira. Dixéronme que ían ó fútbol. Asocieime a aquela riada que discorría por unha rúa de terra polo medio de dúas ringleiras de falsos plátanos a cada beira, e chegamos ó campo de Santa Isabel. Xogaba o Arenal contra non sei quen, mesmo o caso foi que para non pagar —igual ca moitos outros— fun ó *palco dos xastres*, que era un arró fóra, detrás do campo, ó outro lado do río Sarela, onde se vía o partido de balde.

Ós dez minutos do partido, marchei aburrido. Volvín á Praza da Leña onde vira pola mañá que había un circo. Estiven a piques de quedar ó espectáculo, pero tiña que gastar. Botei contas e de resultas alarmeime xa que logo do polbo á feira, o circo, as comidas e un día de pensión, gastaríase moito. Non estaba a miña carteira para tanto dispendio! De modo que contenteime con ver un desfile de elefantes —que animais tan grandes!—, os equilibristas nunha bicicleta dunha soa roda, os malabaristas e os pallasos.

A volta, rachou a tarde outro brado: *La Noche, la Noche*. Ou andaban mal os reloxos ou aínda faltaba moito para que fose noite. Alguén me tocou nas costas. Era don Manuel. O seu fitar furou en min, cando me lembrou:

—Vai sendo a hora de volver.

Levaba razón. Xa me botaran fóra catro veces e acababan de me avisar que se botaba a noite. Se don Manuel me aconsellaba volver, de seguro que era polo meu ben.

De volta, en Cirela déronnos o alto. Oín como lle suplicaban ó médico:

—Polos seus defuntiños, don Manolo, polo que máis queira, veña. Unha muller aínda moza, que ten unha cuchumillada de fillos, non dá librado.

Arrepieime. Había anos oíra aquelas palabras e non as esquecerei nunca. Don Manuel baixou lixeiro, pero antes aconselloume:

—Es moi novo. Come moita froita e agarda un par de anos. Logo vai a onde queiras, dous anos na túa idade dan moito de si. E a próxima vez procura ducharte ben se non os do fielato vante cachear fino. A pasta de afeitar non é abondo para tapa-lo cheiro dos arenques. Adiviñara todo!

E de que modo lle vou a explicar á miña afillada que a deixei sen leite? Pois xa está! Mañá é o día da peregrinación e a besta e mais eu non tratamos con cousas de cregos e de santos.

Boh! Algo hei de argallar.

ÁS VOLTAS COA XUSTIZA DIVINA

En xaneiro de 1951, por azar, atopei na *Hoja Oficial del Lunes*, unha foto dos mariñeiros da Sexta Flota Americana de ganchete coas prostitutas de Barcelona.

Mesmo foi tamén daquela cando lin con atraso a noticia da morte de Castelao un ano antes. Entón, para min, aquel nome non significaba nada, pero caín na conta de que tiña que ser alguén moi importante, pois un comentario periodístico aseguraba que a morte levara consigo os erros ideolóxicos e a actividade política daquel home, que só significara un caricaturista de *rueiro* con pluma de literato. Nunha nota necrolóxica, as súas irmás debaixo do nome puxeran: caricaturista. Seguro que fora un persoeiro, tanto polos irónicos comentarios periodísticos, como pola burla dos da *longa noite de pedra* na *adoración nocturna*, pero principalmente polas gabanzas da *Pire* e dos presos políticos.

Despois do inicio da Guerra Fría á caza de comunistas, despois de que Zarra lle marcara un gol ó Peñón e o *Frente de Juventudes* desfilaba cantando: *Gibraltar, Gibraltar, Gibraltar español...*, despois de comezada a *Guerra de Corea* (coa subida de prezo do volframio e aumento do traballo nas minas); despois de todos eses sucedidos, foi en agosto de 1950, sendo Solís Gobernador Civil de Pontevedra, pola radio deron a nova: corenta e tres camaradas da Garda de Franco morreran afogados en Redondela, ó naufragar a *Monchita* por causas nunca clarexadas. Parece ser que un dos ocupantes berrou: *¡mirad, mirad, un pez!* Amoreándose todos nesa banda para velo peixe, a lancha envorcou. Incluso se afogou un campión de natación, xa que a meirande parte non sabía nadar e se agarraron a el. Navegaban dende a Illa de San Simón camiño de Redondela onde ían xogar un partido de fútbol. Andaban a divertirse os camaradas naquel Albergue Nacional convertido nun lugar de vacacións, antes lazareto e cárcere de detidos políticos onde un cura e outros secuaces cada noite *pasearon* a quen lles deu a gana.

A xustiza divina disfrazada de peixe!

A vinganza ancestral da lenda das pedras negras de volframio xusto acolá no fondo daquel mar!

Algúns —principalmente familiares e amigos dos *paseados*— latricaban, agardaban, devecían por que os Aliados tomaran cartas no asunto, aínda que os días pasaban e xa só quedaba a esperanza de que o que non daban feito outros o fixera a xustiza divina.

Pero nunca sucedía nada. Xa chegaran á conclusión de que Deus era amigo de Franco.

A PAIXÓN SEGUNDO DON CLAUDILLO

O patriotismo e o fervor relixioso, que non a fe —xa que logo o entroido fora moi peccadento— aparentaban medrar de cara á Semana Santa. Prometía ser aquel ano, á forza, unha das máis recollidas da historia, xa que *Don Claudillo* acordara dar el os *Ofizos*, o *Lavatorio de pés* ós pobres no Xoves Santo e o sermón das *Sete Palabras* no Venres Santo. Aínda que o que máis lle importaba era unha viaxe a Barcelona, ó Congreso Eucarístico, que se celebraría no ano seguinte de 1952. Eu escoitara na casa os arrepiós dos avós e da miña nai, que consideraban unha falta de xuízo do cura, o ter pensado voar nun daqueles avións que pasaban de cotío por riba de nós. Pero el non pensaba noutra cousa que non fose chegar a ilustrísima e daba por sentado que viaxaría acolá coma bispo, convidado por Quiroga Palacios e por De Arriba y Castro. Xa electo mercara algúns distintivos da súa nova xerarquía, pero era segredo de familia.

Sería un importante sermón. Chegaría o recado a onde tivese que chegar. De modo que se botou a estudar os sagrados textos. Pasaba horas só, no seu cuarto da reitoral, na cuadratura do cu nunha mol butaca, preparaba a oratoria, por se o Espírito Santo non o inspirase axeitadamente naquel importante momento da súa vida clerical. Mesmo para maior seguridade, escribiu todo cun novo invento da escritura con punta de volframio: o bolígrafo de Marcel Bich (BIC) que lle trouxeran precisamente dende Barcelona.

Fronte a el, para inspirarse, dous carteis, un do apóstolo Santiago dacobalo matando mouros, e outro ben estraño, dunha película que databa do ano 1915, que tiña unha firma nun recuncho. Poñía: *Recuerdo de otros amaneceres, 1942-43. Camarada Vaann*. Titulábase *The Birth of a Nation (El Nacimiento de una Nación)*.

Nunha vitrina vin a faixa, un sombreiro verde (sinople), un anel e un escudo co cabalo e cabaleiro do cartel, todos eles elementos correspondentes á categoría do bispado. O nomeamento podería ocorrer en calquer momento.

Eu entrara un día que estaba fóra, nun funeral noutra parroquia, pois alí non deixaba entrar a ninguén, só a miña nai, co almorzo, co xantar e coa cea. Diante do tempo que pasaba dentro parecía evidente que as

enchentes debían ser boas, con sesta e todo. Como parvo non son, cheguei á conclusión das súas faltas nos cumprimentos das abrigas do xaxún, da abstinencia, da vixilia e da castidade. Vin á miña nai levándolle carne un venres de coresma. Aviseina por se fose un despiste. Dixo que non, que xa mercaran a bula, que custaba cartos pero permitía comer abondo ós que a pagaran: ós ricos, pois os pobres pasaban fame todo o ano, malia o leite en po e o queixo que daban na escola, regalo dos americanos. O *señor cura* estaba feble e traballaba moito: tiña que comer. Cando ela volvía á lareira saloucaba e cheiraba que daba medo. Colorada, igual ca el, os dous asemellaban facerlle propaganda ó viño tinto.

Nesta preparación andaba tan ocupado que non se decatou de que os nomes dalgúns *paseados* apareceran escritos na mesma pedra dos Caídos. E tamén a carón do nome de José Antonio, con salpicaduras de tinta vermella, alguén escribira: *Os socialistas das Minas de Silleda e Os comunistas de Abade*.

No Xoves Santo arranxou a estangurriada de lle lava-los pés ós pobres, e velaí outra vez a falsidade, pois os pobres foron *don Inguiniero* e *don Corazón*, que xa os lavaran antes —e ben lavados— con auga de colonia, e non o *Sarxento Escopetas* nin o *Alcalde Matapiollos*, os que nin para ese día os quixeron lavar, non fose que se lles cortase a dixestión coa auga fría.

O Venres Santo presentárase ben propio para o *Oficio das Tebras*, cunha treboada de raios e tronos propios do Calvario. Os fregueses, xa acasañados, foron chegando ó templo, por vereas e corredoiras, facendo funga-las súas carracas con tan grande estroncio que mesmo competían cos tronos e preparaban o terreo para o acto supremo da prédica.

Coa mecha da vara prendín toda a restra de candeas, cirios e lámpadas de aceite que na primeira fila facían baila-las sombras chinesas do enxeñeiro, do sarxento e do alcalde. O escenario estaba listo.

Don Claudillo comezou o sermón das *Sete Palabras* ás once da mañá, indo de palabra en palabra, cunha monotonía só rachada polos seus fortes berros, ó ver que os asistentes non daban mantido a cabeza dereita e os ollos abertos —mesmo algún estivo a piques de dar coa cabeza no chan—. En calquera caso, o cura andaba nas verzas, máis atento sabe o demo a que. Ou era o Espírito Santo apuntador o que andaba nas verzas? Feito unha choca, perdíase na ilación da predicación, con cousas sen sentido. Coma cando asegurou mirando a cada lado: *Mujer, ahí tienes a tu hijo, hijo ahí tienes a tu madre, Es el tiempo, como todos los años, de salir a la calle para recrear el momento, y que una madre vea como matan a su hijo* —berrou desbocado—. A min entroume un ataque de sarcasmo e me preguntei:

non é ruín saír á rúa tódolos anos para conmemorar con marionetas a morte dun fillo? Ou cando, se referiu á segunda palabra, fitou á bóveda e predicou: *De cierto te digo que hoy estarás conmigo en el paraíso. Bueno, yo me voy a defender y hoy no tengo pensado ir.* Logo seguiu: *Dios mío, Dios mío, ¿por que me has abandonado?* fitou á xente, un por un, e asegurou: *Aunque me hayas abandonado, no perdones Señor a los socialistas* —era a primeira vez que lle oíra falar daquela nova clase de inimigos, os socialistas—, *ni a los comunistas, ni masones, ni judíos, que sí saben lo que hacen, y si no lo saben yo se lo he de enseñar, y desde luego no tengo sed ni nada está consumado.* Diante do seu discurso tan atrapallado resultaba evidente que o Espírito Santo debía de telo abandonado.

Ás tres da tarde rematou coa sétima palabra, xa véndose bispo, e con voz potente, alcanzado o orgasmo litúrxico, bradou, caéndolle a baba:

—*Y Jesús con fuerte voz gritó. ¡Padre, en tu seno encomiendo mi espíritu! Y flexionando la cabeza sobre el hombro derecho, expiró. Porque todo el mundo sabe que Dios es de derechas* —pasou un repaso coa vista á xente, a modo de fin da obra.

Coma se fose a caída do pano fun apagando as candeas, unha a unha, coa mesma vara da mecha, coa capucha de apagar na outra estrema, e comezaron a zoa-las trécolas a modo de tronos. Nese instante de maior escuridade un lóstrego seguido dun arrepiante trono caeu no pararraios da torre, xusto no cumio do sermón.

As matracas seguiron co seu matracolear que parou xusto no tempo acordado. Malia a pouca luz daquel escuro día, nun mesto silencio, a xente decatouse de que amais dun lóstrego no firmamento houbera outro: o sarxento, na primeira bancada, acababa de disparar unha raxada de metralleta. Ó seu lado o enxeñeiro e o alcalde tiñan as pistolas na man, xa marteladas, axexando inquedos onde disparar.

E logo un forte estrépito.

A lámpada-araña do altar desprendérase co ferro central en forma de cruz e craváraselle no colo ó predicador.

Atónitos, decatámonos de que tiña unha ferida da que abrollaba unha fonte de sangue de tres cuartas de altura. Tanta espectacularidade non estaba no guión. Ninguén alcanzara un bispado con tantos méritos!

Envorcado no chan, o crego tiña na man a Star que acababa de disparar á bóveda matando unha pomba. Agoniando, ó pé do altar, coa pomba morta enriba do peito, enchoupado nun charco de sangue, coa miña nai a seu carón, igualiño que no baixorrelevo da *XIII Estación do Vía Crucis*, colgada na parede xusto ó lado deles, foi quen de bramar con xenreira:

—¡Sargento! ¡Guillermo! ¡Alcalde! ¡Traidores! ¿Por que me habéis abandonado? Pero esto no va a quedar así. ¡Me las pagaréis! - botou un berro desconforme para logo ir perdendo folgos, extinguíndoselle a voz ata quedar nun moumeo, de modo que as últimas palabras non as escoitou ninguén, supoño que só eu e a miña nai que choraba axeonllada ó seu lado.

Acto seguido, revirando a cabeza sobre o ombreiro esquerdo, o predicador expirou.

O sarxento berraba, coa metralleta na man, fumeando, coa súa canana cruzándolle o verde uniforme, á altura do peito, e a pistola Star no outro costado dentro da funda:

—Yo no he sido. Yo disparé a la bóveda. Algo se movía allá arriba.

—Yo tampoco —escusábase o enxeñeiro.

Naquel intre, alí, con toda a parroquia de testemuña, logo dun minuto de incríbel silencio, este foi rachado polo *Sarxento Escopetas* cando colocou a súa escopeta, perdón, metralleta, na posición que a levaba sempre, abriu a funda do revólver, perdón da pistola, meteuna na boca e apertou o gatillo, xusto no mesmo intre no que o lostrego máis grandes do mundo cae no pararraios.

De igual modo caeu redondo o *Escopetas*, salpicando de sangue, de miolos e de noxo a toda a concorrencia.

* * *

Os outros, a todo correr, mercaron una chea de paquetíños de pos, prenderon a lareira e puxeron a ferve-los potes máis grandes que tiñan. Diante da présa que lles entrara eu non comprendía nada e miraba abraiado, aínda máis, ó velos botando a roupa e os pos dentro dos potes, remexendo todo coa vara que remataba nunha galla, que tanto valía para remexe-la fariña como para darlle un tute a calquera. Tolearan! Deseguido guindaron a auga que deixou un regueiro negro e sacaron a roupa tinxida. A miña nai levouna ó tendal da eira a asollar. Chamaba a atención o contraste entre o branco dos bisos e o negro do resto da roupa. Chorando a cachón, divina do Cura, moumeaba collendo as pinzas:

—Que vai ser de nós! Non tivemos máis remedio que tingui-la roupa con lúa nova, para dous anos de loito e un de alivio.

—Malo será, podía ser peor, dixo o que capaban —sentenciou Manolo Segundo.

A miña nai foi a que máis negra pintou, e a que máis traballo levou. Tivo que amañar viandas para canta xentiña se presentou. E foi moita!

No medio daquela traxedia os meus pensamentos eran tan divertidos coma a mellor escena de don Mendo. Por asociación de ideas lembrei a labazada da Confirmación. O lugar era o mesmo. Se chegase a estar acolá o bispo e lle contase o que estaba a pasar pola miña cabeza seguro que lle devolvería a labazada ó *futuro bispo* e aínda lle resultarían paveros os meus pensamentos: *os xudeus, en lugar de cravar na cruz ó Nazareno, craváronlle unha cruz a don Claudillo, quen, sen querer, matou ó Espírito Santo e logo morreu revirando a cabeza sobre o lado esquerdo e non sobre o dereito, en tanto a monxiña tocaba coa goma estarricada enriba do harmonio, por non ter órgano. Mesmo aquilo ben sería merecedor dun órgano! Que contradición! Cousas do contubernio.* E eu sorría para os meus adentros, poñendo cara de can, non fose que se me notase, mesmo as facianas que vin, sacadas as da familia e a da miña nai, non eran de Venres Santo.

Na versión oficial culpouse ó sarxento, por disparar unha raxada de metralleta contra unha pomba de ferro, que representaba ó Espírito Santo, que voaba levando no bico un anel, do que penduraba a araña, que xunto co fío da luz, foi segado pola raxada do sarxento. O cura tamén chegara a disparar, indo a súa bala a matar unha pomba de carne e óso.

As notas necrolóxicas pola súa morte foron moitas. En todas se escribira: *Ilustrísimo y Reverendísimo don Claudio de Armas Tomar, obispo electo, fallecido en flor de santidad, con la bendición apostólica e indulgencias plenarias.* Que mentireiros! Fóra copla mazaroca o morto á foca!

Había daquela grandes expertos en cinismo nas loanzas tanto fúnebres como de calquera tipo, especialmente na defensa dos valores da unidade de destino no universal e na vixilancia espiritual de occidente. Lembrei as notas sobre Castelao tres meses antes. Eran ridículas en comparanza con calquera destas.

Moitos cregos dos arciprestados de Deza-Dozón e de Piloño oficiaron os funerais. e eu co vello incensario indo e vindo, ó que en vez de incenso lle puxen unha bomba fétida, polo que botaba un fume negro e fedento coma os pecados. O bispo, con faciana de can, que misaba, lembrouno nas súas oracións, pedindo polo eterno descanso do exemplar ministro da súa diocese, bispo preconizado, de heroico comportamento na Santa Cruzada.

Na *Pire*, logo do Himno de Riego, aseguraron que as resistencias socialistas e comunistas seguían con ardentía na súa loita contra a Ditadura.

Aínda que ninguén sabía se o cura formaba parte do trío da bencina, a xustiza divina coñécese que si, pois logo de anos de espera comezara o seu traballo. Era o tempo litúrxico do *pentecostés* (a xente oía *vente cos tres*), de modo que os que tal viron e oíron, incluídos os dous da primeira fila, tremeron de medo. Viña sendo o que se lle rogaba á xustiza divina: *vente cos tres*.

Diante dos restos mortais do *señor cura*, o meu pai, pasei revista ó que eu sabía ó redor da súa vida de falaz e mentireiro, disfrazado de franco e veraz. Pero a miña memoria só acudiu o ruín dos seus sermóns.

As coplas de cegos cantaban o sucedido ó que dende aquela foi apodado o *Trío da Bencina*.

Nas profecías estaba escrito:

Centuria VIII

*... A banda feble a terra ocupará,
os de arriba darán horríbeis gritos,
o gran tropel deste recuncho se turbará,
tumba preto D Nebro descubertos os escritos...*